Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para denegar a autorización do parque eólico Castro Valente e impulsar e financiar un proxecto de investigación, prospección arqueolóxica e conservación do xacemento de Castro Valente, en Padrón

Comisión 4ª, Educación e Cultura

1.4. Procedementos de información

1.4.2. Solicitudes de comparecencia

1.4.2.1. Solicitudes de comparecencia en Pleno

Admisión a trámite, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

- 50664 (11/PPP-000119)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, por petición propia, para informar sobre a estratexia para mellorar o saneamento e a depuración das rías galegas

1.4.3. Interpelacións

Admisión a trámite e publicación

- 50247 (11/INT-002402)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre os procedementos de concesión de subvencións

- 50266 (11/INT-002403)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a apertura de procedementos de infracción contra o Estado español en materia de concesións

- 50274 (11/INT-002404)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre o cumprimento das empresas concesionarias de transporte público de viaxeiros por estrada

- 50292 (11/INT-002405)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre o mantemento das instalacións e espazos portuarios

- 50298 (11/INT-002406)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Pérez Fernández, Rosana e 2 máis
Sobre o transporte escolar e regular nas zonas rurais

- 50307 (11/INT-002407)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana e 2 máis
Sobre as medidas hixiénico-sanitarias para a descarga de tónidos

- 50311 (11/INT-002408)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Lago, Noelia e Díaz Varela, Noa Susana
Sobre a convocatoria de bolsas para o estudantado

- 50320 (11/INT-002409)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 3 máis
Sobre a fenda salarial entre mulleres e homes

- 50324 (11/INT-002410)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma
Sobre os criterios de adxudicación de contratos públicos

- 50334 (11/INT-002411)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana e Bará Torres, Xosé Luís
Sobre a autorización de verteduras residuais industriais

- 50359 (11/INT-002412)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
González Albert, María e 2 máis
Sobre a aprobación do Consello de Informativos e o Estatuto profesional na Corporación de Radio e Televisión de Galicia

- 50363 (11/INT-002413)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín
Sobre as subvencións a federacións e asociacións de comerciantes sen ánimo de lucro

- 50384 (11/INT-002414)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 2 máis
Sobre as axudas predoutorais e posdoutorais

- 50391 (11/INT-002415)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Seco García, Martín e Rodríguez Dacosta, María del Carmen
Sobre as axudas á actividade agraria

- 50398 (11/INT-002416)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Ojea Arias, Eduardo e Otero Rodríguez, Patricia
Sobre o Pacto de vivenda de Galicia 2021-2025

- 50420 (11/INT-002417)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Lago, Noelia e 4 máis
Sobre a emancipación da mocidade

- 50455 (11/INT-002418)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 3 máis
Sobre os proxectos de prospección arqueolóxicos

- 50459 (11/INT-002419)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Lago, Noelia e Díaz Varela, Noa Susana
Sobre a gratuidade dos libros de texto e material no ensino obrigatorio público

- 50465 (11/INT-002420)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo
Sobre os grupos de emerxencias supramunicipais

Santiago de Compostela, 28 de febreiro de 2023
María Elena Candia López
Vicepresidenta 1ª

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.2. Composición do Parlamento e dos seus órganos

2.2.5. Composición das comisións

Resolución da Presidencia, do 27 de febreiro de 2023, pola que se admite a trámite o escrito do portavoz do G. P. Popular de Galicia polo que comunica cambios na representación do seu grupo nas comisións parlamentarias (doc. núm. 50585)

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 50585, o escrito do portavoz do G. P. Popular de Galicia polo que comunica cambios na representación do seu grupo nas comisións parlamentarias.



A Presidencia, en uso da delegación temporal de competencias de xestión ordinaria da Mesa do Parlamento na Presidencia da Cámara (Acordo da Mesa do Parlamento do 17 de agosto de 2020, publicado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 5 do 20 de agosto de 2020), resolve:

1º. Tomar coñecemento dos seguintes cambios na representación do G. P. Popular de Galicia nas seguintes comisións parlamentarias:

— Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Baixa: Marisol Díaz Mouteira
Alta: José Luis Ferro Iglesias

— Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Baixa: Paula Prado del Río
Alta: Carmen Pomar Tojo

— Comisión 4ª, Educación e Cultura

Baixa: Ovidio Rodeiro Tato
Alta: Marisol Díaz Mouteira

— Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Baixa: Elena Suárez Sarmiento
Alta: Raquel Arias Rodríguez

— Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Baixa: Sandra Vázquez Domínguez
Alta: Ana Belén García Vidal

— Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Baixas: Ana Belén Cachafeiro Anta
Rubén Lorenzo Gómez
Altas: Carlos Gómez Salgado
Ramón Carballo Páez

— Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Baixa: Daniel Vega Pérez
Alta: Moisés Rodríguez Pérez

— Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG

Baixas: Raquel Arias Rodríguez
Borja Vereá Fraiz



Altas: Rosalía López Sánchez
Miguel Prado Patiño

— Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións con Consello de Contas

Baixas: Paula Prado del Río
Borja Vereza Fraiz
Altas: María Felisa Rodríguez Carrera
Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez

— Comisión do Regulamento

Alta: Adrián Pardo López

— Comisión especial non permanente para o seguimento das políticas relativas á discapacidade e elaboración de novas propostas a prol da integración das persoas con discapacidade

Baixa: Alberto Pazos Couñago
Alta: Raquel Arias Rodríguez

2º. Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa do Parlamento que teña lugar.

3º. Publicar este acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2023
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, presenta a seguinte **Proposición de lei de modificación da Lei do Consello Consultivo de Galicia**, para súa tramitación en lectura única, de conformidade co disposto no artigo 134 do Regulamento da Cámara e polo procedemento de urxencia do artigo 98.1 do devandito Regulamento.

Antecedentes

- Constitución Española
- Estatuto de Autonomía para Galicia.
- Lei 3/2014, do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia.

Exposición de motivos

A experiencia estatutaria de funcionamento do Consello Consultivo de Galicia e a evolución normativa levada a cabo nas distintas administracións públicas aconsellan, por razóns de eficiencia institucional, a actualización de certos aspectos instrumentais referidos ao réxime xurídico do persoal que integra este órgano consultivo.

Coa finalidade expresada resulta aconsellable a tramitación da reforma da lei reguladora da citada institución: a Lei 3/2014, do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia.

O presente texto legal estrutúrase nun artigo único e unha disposición derradeira.





A presente modificación introduce cambios na composición da Sección de Estudos e Informes do Consello Consultivo de Galicia, co obxecto singular de recoller as regras aplicables para a cobertura da ausencia entre as persoas designadas como conselleiros natos, entre elas, as persoas que exerceron a presidencia do Goberno da Xunta de Galicia, tendo en conta que, na actualidade, ningún deles forma parte da institución.

E tamén introduce novidades no ámbito da transparencia, como son a necesidade de dar publicidade dos informes elaborados pola Sección de Estudos e Informes, que na actualidade non son obxecto de publicación, coa única excepción daqueles casos en que a administración solicite o seu carácter confidencial ou reservado.

Por outra banda, modifícase a normativa para outorgar preferencia ao uso de medios electrónicos e para contemplar a posibilidade da comparecencia para formular alegacións a través da sede electrónica, dando un recoñecemento específico a esta posibilidade que xa está prevista na normativa básica e no procedemento administrativo común e que ademais constitúe, co avance das novas tecnoloxías, un dos medios máis habituais de relacionarse coa administración.

No relativo ao persoal ao servizo do Consello, contéplase a posibilidade de aprobar un sistema transitorio de carreira profesional, cunha previsión similar á establecida para o persoal doutros órganos autonómicos como o Consello de Contas, o Valedor do Pobo ou o Parlamento de Galicia. Finalmente, cómpre adaptar tanto a lei como o regulamento orgánico ás modificacións operadas pola Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación, pola que se suprime o Corpo de Letrados do Consello Consultivo, en liña coa integración do persoal funcionario do Corpo de Letrados do Consello Consultivo de Galicia na Escala de Letrados da Xunta de Galicia.



Artigo Único.-

Modificación dos artigos 21, 26, 27, 30.1, e adición dunha disposición transitoria da **Lei 3/2014, do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia** que quedarían redactados da seguinte forma:

Lei 3/2014, do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia

“Artigo 21. Sección de Estudos e Informes

1.- A Sección de Estudos e Informes estará composta pola persoa titular da Presidencia do Consello, quen a presidirá, por unha conselleira ou conselleiro electivo, que será designado/a anualmente polo Pleno por proposta da Presidencia do Consello e polas conselleiras ou conselleiros natos.

2.- En caso de que non existir conselleiras ou conselleiros natos, a Sección de Estudos e Informes estará composta pola persoal titular da Presidencia do Consello, que a presidirá, e por dous conselleiras ou conselleiros electivos, cuxa designación farase anualmente polo Pleno por proposta da Presidencia do Consello. Se durante o mandato da Sección de Estudos e Informes así constituída se producise un nomeamento de conselleiras ou conselleiros natos, pasarán a formar parte da mesma de xeito automático, sen que este nomeamento determine o cese dun conselleira ou conselleiro electivos.

3.- Unha vez finalizado o mandato anual, procederase á renovación da Sección na forma prevista no número primeiro do presente artigo, no caso de existir

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia

@GrupoPopularGal





conselleiras ou conselleiros natos, e na forma prevista no número segundo, en caso contrario.

Artigo 26. Audiencias

As persoas ou entidades directamente interesadas nos asuntos motivadores das consultas poden formular alegacións perante o Consello, por acordo deste adoptado de oficio ou por petición daquelas, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. O trámite de alegacións verificarase preferentemente a través de medios electrónicos, e, en todo caso, cando se trate de persoas obrigadas a relacionarse electrónicamente coas administracións públicas.

Artigo 27. Medios electrónicos

A comunicación e remisión de informes, propostas normativas e ditames elaborados polo Consello Consultivo de Galicia realizarase a través de medios electrónicos, en cumprimento das prescricións da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e do Real decreto 203/2021, do 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos. Ademais de cumprir neste caso co obxectivo de minimizar o gasto en papel, impulsar as novas tecnoloxías e axilizar o funcionamento deste órgano.

Artigo 30. Letrados

1.O Consello Consultivo está asistido por persoal letrado, dependente orgánica e funcionalmente deste, ao que corresponde, baixo a dirección e responsabilidade da Presidencia ou das conselleiras e conselleiros, as funcións do estudo dos asuntos sometidos a consulta do Consello, a preparación e redacción dos



correspondentes proxectos de ditames, os informes ou propostas e as demais funcións adecuadas á súa condición que lles atribúa o Regulamento de organización e funcionamento do Consello. O número de prazas de letrado determinarase na relación de postos de traballo.

Disposición transitoria cuarta. Sistema transitorio de recoñecemento da progresión na carreira administrativa.

En tanto non se implante un sistema de carreira profesional no Consello Consultivo de Galicia, establecerase, para todo o persoal que preste servizos no órgano, un sistema transitorio de recoñecemento de progresión na carreira administrativa que permita ao persoal progresar de maneira voluntaria e individualizada, e que promova a súa actualización e o perfeccionamento da súa cualificación profesional.

O Consello Consultivo de Galicia establecera os criterios necesarios para a aplicación dos sistema transitorio previsto nesta disposición, incluídos, entre outros, o procedemento e os requisitos para o acceso ao dito sistema e para o cobramento da retribución adicional. Cando se implante o sistema de carreira profesional no Consello Consultivo terase en conta o desenvolvemento profesional acada en aplicación desta disposición.”

Disposición derradeira.

A presente lei entrará en vigor aos quince días da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Alfonso Rueda Valenzuela na data 22/02/2023 20:02:11

Pedro Puy Fraga na data 22/02/2023 20:02:40

Paula Prado del Río na data 22/02/2023 20:03:02

José Alberto Pazos Couñago na data 22/02/2023 20:03:04

Marta Nóvoa Iglesias na data 22/02/2023 20:03:31

Miguel Ángel Santalices Vieira na data 22/02/2023 20:03:33

María Encarnación Amigo Díaz na data 22/02/2023 20:04:02

Raquel Arias Rodríguez na data 22/02/2023 20:04:03

José Antonio Armada Pérez na data 22/02/2023 20:04:31

José Manuel Balseiro Orol na data 22/02/2023 20:04:33

Cachafeiro Anta, Belén na data 22/02/2023 20:05:10

Diego Calvo Pouso na data 22/02/2023 20:05:12

María Elena Candia López na data 22/02/2023 20:05:38

Ramón Carballo Páez na data 22/02/2023 20:05:40

Francisco José Conde López na data 22/02/2023 20:06:01

María Sol Díaz Mouteira na data 22/02/2023 20:06:05

Teresa Egerique Mosquera na data 22/02/2023 20:06:43

José Luis Ferro Iglesias na data 22/02/2023 20:06:46

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Freire Vázquez, María Begoña na data 22/02/2023 20:07:51

Ana Belén García Vidal na data 22/02/2023 20:07:53

Gómez Salgado, Carlos na data 22/02/2023 20:08:18

López Sánchez, Rosalía na data 22/02/2023 20:08:20

Rubén Lorenzo Gómez na data 22/02/2023 20:08:52

María Guadalupe Murillo Solís na data 22/02/2023 20:08:54

Pardo López, Adrián na data 22/02/2023 20:09:24

Noelia Pérez López na data 22/02/2023 20:09:27

Fernando Pérez Domínguez na data 22/02/2023 20:10:33

Carmen María Pomar Tojo na data 22/02/2023 20:10:37

María Corina Porro Martínez na data 22/02/2023 20:11:23

Prado Patiño, Jesús Miguel na data 22/02/2023 20:11:26

José Manuel Rey Varela na data 22/02/2023 20:12:02

Ovidio Rodeiro Tato na data 22/02/2023 20:12:06

María Felisa Rodríguez Carrera na data 22/02/2023 20:12:38

Rodríguez Pérez, Moisés na data 22/02/2023 20:12:41

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 22/02/2023 20:13:18

María Belén Salido Maroño na data 22/02/2023 20:13:21

Manuel Santos Costa na data 22/02/2023 20:13:44

Cristina Sanz Arias na data 22/02/2023 20:13:47

María Elena Suárez Sarmiento na data 22/02/2023 20:14:36

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





**PARLAMENTO
DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/02/2023 09:30:00
Nº Rexistro: 50429
Data envío: 22/02/2023 20:17:21.409

Sandra Vázquez Domínguez na data 22/02/2023 20:14:38

Daniel Vega Pérez na data 22/02/2023 20:15:33

Borja Verea Fraiz na data 22/02/2023 20:15:37

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-I5WgBrP-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, presenta a seguinte **Proposición de lei de medidas sobre o réxime xurídico do persoal ao servizo do Valedor do Pobo e do Consello de Contas**, para súa tramitación en lectura única, de conformidade co disposto no artigos 134 do Regulamento da Cámara e polo procedemento de urxencia do artigo 98.1 do devandito Regulamento.

Antecedentes

- Constitución Española
- Estatuto de Autonomía para Galicia.
- Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, (modificada polas Leis 4/1986, de 26 de decembro, 8/2015, de 7 de agosto e 9/2017, do 26 de decembro).
- Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, (modificada polas Leis: 3/1994, de 18 de xullo; 1/2002, de 26 de marzo; 8/2008, de 10 de xullo; 10/2012, de 3 de agosto e 1/2016, de 18 de xaneiro).

Exposición de motivos

A experiencia estatutaria de funcionamento dos órganos obxecto da presente proposición de lei e a evolución normativa levada a cabo nas distintas administracións públicas, aconsellan por razón de eficiencia institucional a actualización de certos aspectos instrumentais referidos ao réxime xurídico do persoal que integra os citados órganos.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Coa finalidade expresada e tendo en conta a motivación común das reformas puntuais propostas resulta aconsellable a tramitación simultánea da reforma das dúas leis reguladoras das citadas institucións:

- Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas.
- Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo.

Artigo 1. Modifícase a letra l) do apartado 2 do artigo 13 e a incorporación do apartado 2.bis) no artigo 17 da **Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas**, que quedaría redactada do seguinte xeito::

“Artigo 13. Incompatibilidades.

l) O exercicio da súa profesión ou de calquera outra actividade remunerada agás a docencia, a produción e creación literaria, artística, científica e técnica e as publicacións derivadas daquela nos termos previstos na normativa reguladora do Poder Xudicial, sempre que a dita remuneración non proveña dalgunha das entidades do sector público da Comunidade Autónoma ou das persoas físicas ou xurídicas que están sometidas á actuación do Consello de Contas en virtude do disposto nos apartados 2 e 3 do artigo 2 desta lei.

Artigo 17. Réxime xeral.

2.bis. O conxunto de postos de traballo vacantes recollidos na relación de postos de traballo poderá constituír a oferta de emprego público do Consello de Contas, de conformidade co disposto na lexislación da Comunidade Autónoma de Galicia



en materia de emprego público. A dita oferta de emprego público comunicárase á Mesa do Parlamento de Galicia. A selección do persoal do Consello poderá efectuarse mediante convocatoria pública polos sistemas de oposición, concurso-oposición e concurso, debendo garantirse, en todo caso, os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade, de conformidade co establecido na lexislación da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de emprego público.”

Artigo 2. Modifícase o artigo 10 da **Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo** que quedaría redactado da seguinte forma:

“1. O persoal ó servizo do Valedor do Pobo considerarase persoal ó servizo do Parlamento mentres permaneza no exercicio das súas funcións. Dependerá orgánica, funcional e disciplinariamente do Valedor do Pobo e rexerá polas normas de réxime interior previstas na disposición adicional e, con carácter supletorio, polo Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia.

2. O cadro de persoal será aprobado pola Mesa do Parlamento por proposta do valedor ou da valedora do pobo. Dentro do devandito cadro o valedor ou a valedora do pobo poderá designar ata cinco persoas asesoras, sempre que sexa posible dentro dos límites orzamentarios e sen prexuízo das substitucións que procedan de acordo con causas debidamente xustificadas.

O persoal restante deberá reunir a condición previa de funcionario ou funcionaria de calquera das administracións públicas e poderá ser adscrito á súa oficina por libre designación ou por concurso público segundo a relación de postos de traballo.





3. Os funcionarios provenientes das administracións públicas galegas, parlamentaria, local e da Comunidade Autónoma, adscritos á oficina do Valedor do Pobo, terán dereito a ser declarados na situación administrativa de servizos especiais na súa Administración de orixe, agás os que se incorporen por concurso público, que pasarán á situación prevista no artigo 54 da Lei da función pública de Galicia.”

Disposición derradeira.

A presente lei entrará en vigor aos quince días da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Alfonso Rueda Valenzuela na data 22/02/2023 20:02:28

Pedro Puy Fraga na data 22/02/2023 20:02:50

Paula Prado del Río na data 22/02/2023 20:02:52

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





José Alberto Pazos Couñago na data 22/02/2023 20:03:18

Marta Nóvoa Iglesias na data 22/02/2023 20:03:21

Miguel Ángel Santalices Vieira na data 22/02/2023 20:03:47

María Encarnación Amigo Díaz na data 22/02/2023 20:03:49

Raquel Arias Rodríguez na data 22/02/2023 20:04:15

José Antonio Armada Pérez na data 22/02/2023 20:04:16

José Manuel Balseiro Orol na data 22/02/2023 20:04:45

Cachafeiro Anta, Belén na data 22/02/2023 20:04:59

Diego Calvo Pouso na data 22/02/2023 20:05:20

María Elena Candia López na data 22/02/2023 20:05:22

Ramón Carballo Páez na data 22/02/2023 20:05:48

Francisco José Conde López na data 22/02/2023 20:05:51

María Sol Díaz Mouteira na data 22/02/2023 20:06:24

Teresa Egerique Mosquera na data 22/02/2023 20:06:25

José Luis Ferro Iglesias na data 22/02/2023 20:07:31

Freire Vázquez, María Begoña na data 22/02/2023 20:07:33

Ana Belén García Vidal na data 22/02/2023 20:08:05

Gómez Salgado, Carlos na data 22/02/2023 20:08:07

López Sánchez, Rosalía na data 22/02/2023 20:08:29

Rubén Lorenzo Gómez na data 22/02/2023 20:08:31





María Guadalupe Murillo Solís na data 22/02/2023 20:09:10

Pardo López, Adrián na data 22/02/2023 20:09:12

Noelia Pérez López na data 22/02/2023 20:09:41

Fernando Pérez Domínguez na data 22/02/2023 20:09:45

Carmen María Pomar Tojo na data 22/02/2023 20:10:55

María Corina Porro Martínez na data 22/02/2023 20:10:58

Prado Patiño, Jesús Miguel na data 22/02/2023 20:11:44

José Manuel Rey Varela na data 22/02/2023 20:11:46

Ovidio Rodeiro Tato na data 22/02/2023 20:12:23

María Felisa Rodríguez Carrera na data 22/02/2023 20:12:25

Rodríguez Pérez, Moisés na data 22/02/2023 20:12:50

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 22/02/2023 20:13:00

María Belén Salido Maroño na data 22/02/2023 20:13:30

Manuel Santos Costa na data 22/02/2023 20:13:32

Cristina Sanz Arias na data 22/02/2023 20:14:03

María Elena Suárez Sarmiento na data 22/02/2023 20:14:06

Sandra Vázquez Domínguez na data 22/02/2023 20:14:54

Daniel Vega Pérez na data 22/02/2023 20:14:58

Borja Vereá Fraiz na data 22/02/2023 20:15:53





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada o pasado 22 de febreiro, sobre o fomento da lingua galega (doc. núm **47608**, [**11/INT-002298**]).

Moción

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

- 1.- Remitir ao Parlamento as avaliacións anuais derivadas da aplicación do Decreto 79/2010 segundo a disposición adicional quinta do mesmo.
- 2.- Remitir ao Parlamento a avaliación do Plan de Dinamización da Lingua Galega na Mocidade 2019-2022.
- 3.- Remitir ao Parlamento a avaliación do Plan de Dinamización da Lingua Galega no Tecido Económico 2016-2020.
- 4.- Diseñar, desde o consenso, un plan específico para superar a debilidade recollida no Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030 a respecto do estancamento do uso habitual do galego co obxectivo de conseguir que a cidadanía teña garantida a posibilidade de vivir en galego en todos os ámbitos se o desexar.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

5.- Iniciar a elaboración dun novo marco lexislativo para avanzar na igualdade lingüística do ensino galego en colaboración cos axentes sociais e educativos implicados.

6.- Iniciar desde o consenso social un proceso de actualización da Lei de Normalización Lingüística de 1983.”

Santiago de Compostela, 23 de febreiro de 2023

Asdo.: **Daniel Castro García**

Deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 23/02/2023 13:18:59

Ana Pontón Mondelo na data 23/02/2023 13:19:14





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada o pasado 22 de febreiro, sobre as listas de agarda non estruturais do Servizo Galego de Saúde (doc. núm **49002**, [11/INT-002350]).

Moción

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

- 1.- Facer pública a totalidade das listas de espera (intervencións cirúrxicas, probas diagnósticas e consultas, primeiras e sucesivas), tanto as estruturais coma as non estruturais, desagregadas por especialidade e centro hospitalario.
- 2.- Facer pública a relación de doentes sen data asignada para o seu proceso de saúde desagregada por especialidades e centro hospitalario.
- 3.- Presentar no Parlamento galego, no prazo dun mes, un informe coas derivacións realizadas a centros alleos á rede hospitalaria do Sergas nos últimos cinco anos, desagregadas as mesmas por centro hospitalario e por especialidades, tanto cirúrxicas como de probas diagnósticas.
- 4.- Arbitrar as medidas precisas para que @s doentes poidan coñecer e facer seguimento da súa situación nas listas de espera.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

5.- Ter as axendas abertas de xeito permanente e proceder a incluír nas mesmas, polo tanto data asignada, a todas as solicitudes de cita tanto de primeiras consultas como sucesivas e probas diagnósticas.

6.- Rematar de inmediato coa práctica de sacar da lista de espera estrutural aos doentes que rexeiten ser derivados a centros privados ou a outros centros hospitalarios diferentes ao seu de referencia para ser atendidos das súas patoloxías, ou non ter aceptado unha data para ser atendid@s, por ser incompatíbel con outras obrigas.

7.- Restituír ás listas de espera estruturais, mantendo a súa antigüidade, a tod@s @s doentes relegad@s das mesmas por non aceptar ser derivados a centros privados, a outros centros hospitalarios diferentes ao seu de referencia, ou non ter aceptado unha data para ser atendid@s, por ser incompatíbel con outras obrigas.”

Santiago de Compostela, 24 de febreiro de 2023

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 24/02/2023 09:41:43





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 24/02/2023 09:41:55



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada **Marina Ortega Otero**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **moción** para substanciar a Interpelación debatida na Sesión plenaria celebrada os días 21 e 22 de febreiro do 2023, sobre a política en relación co impulso demográfico (11/INT-002022, doc. núm. 41573).

Moción

1. Desenvolver un paquete de medidas que axuden a recuperar o poder adquisitivo perdido polos traballadores e traballadoras galegas como resultado do incremento dos prezos e priorizar no goberno da Xunta as políticas de xeración de emprego de calidade.
2. Incentivar aos autónomos/as e empresas a que emprendan e se asentem en zonas despoboadas incentivando que os traballadores/as se asentem nesas zonas.
3. Elaborar un catálogo de prestación de servizos públicos que garanta a calidade e igualdade dos mesmos en todo o territorio, con especial reforzo da atención primaria e pediatría así como da educación pública para que as familias vexan garantidos os seus dereitos con independencia de onde vivan.
4. Desenvolver políticas de vivenda que apoiem as familias ante as dificultades de acceso á mesma e que faciliten a emancipación xuvenil e a capacidade das persoas novas de desenvolver un proxecto de vida persoal, con programas específicos para as zonas despoboadas e outro para alí onde hai mais demanda de vivenda
5. Desenvolver un plan intensivo de inclusión financeira para garantir que ningún concello galego teña perdido nos últimos cinco anos a prestación de servizos financeiros directos polo peche de oficinas bancarias, garantindo a recuperación dos mesmos cando resulta necesario.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/02/2023 13:43:18
Nº Rexistro: 50527
Data envío: 24/02/2023 13:43:18.877

6. Comprometer orzamento e políticas laborais adaptadas a cada territorio, adaptando entre outras cuestións, a formación profesional que se imparta en cada zona á oferta laboral existente para garantir emprego e afianzar poboación.
7. Favorecer unha rede de transporte público que facilite o acceso á mobilidade ao conxunto da poboación dende os distintos concellos de Galicia.
8. Reforzar con suficiente complemento autonómico o sistema de bolsas na educación posobligatoria para aqueles alumnos e alumnas que teñen que estudar noutros concellos e están en situación de vulnerabilidade económica.
9. Dotar orzamentariamente un o plan retorna con incentivos para que se incrementen significativamente o número de persoas con acceso a esta opción.

Santiago de Compostela, 24 de febreiro do 2023

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 24/02/2023 13:41:10

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 24/02/2023 13:41:23

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
182335

@PSdeG





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados **José Manuel Balseiro Orol, José Manuel Rey Varela, Daniel Vega Pérez, Begoña Freire Vázquez, Carmen Pomar Tojo, Ramón Carballo Paez, Belén Salido Maroño, José Luis Ferro Iglesias, Rubén Lorenzo Gómez, María Sol Díaz Mouteira, Ana Belén García Vidal, José Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López, Paula Prado del Río e María Felisa Rodríguez Carrera** ao abeiro do disposto nos artigos 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola necesidade de corrixir unha situación que supón un evidente prexuízo aos usuarios da rede de ferrocarril de ancho métrico en Galicia

Exposición de Motivos:

A rede ferroviaria de ancho métrico conecta en Galicia as localidades de Ferrol e Ribadeo para logo continuar por toda a cornisa cantábrica ata chegar ao País Vasco.

Son de sobra coñecidas as deficiencias que presenta este servizo de transporte ferroviario polo deterioro do material rodante, a falta de mantemento e a supresión de persoal. Unha situación que se viu agravada cando se constatou que o Goberno de España ía incumprir o seu compromiso de renovación da frota no ferrocarril de vía estreita tras o episodio bochornoso a conta do erro nas medidas dos novos trens.

Un incomprendible erro nos gálibos da infraestrutura ten como resultado que a chegada dos novos convois vaia retrasarse, como mínimo, tres anos, segundo as previsións que baralla o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana.

O retraso na entrega do material rodante para o servizo operado pola antiga Feve é un agravio máis para os intereses de Galicia, que vén sumarse ao feito de que esta liña non estea electrificada e que, a estas alturas, aínda non se recuperaran os servizos cancelados por mor da pandemia sanitaria.

Á lista hai que sumar agora, como gota que colma o vaso, o anuncio da titular do Mitma de que en Asturias e Cantabria o servizo será gratuíto como medida compensatoria pola tardanza na entrega dos novos trens. Raquel Sánchez vén de comprometer a transferencia dos recursos necesarios ás dúas comunidades autónomas para bonificar o seus servizos de cercanías ata o 2026.





É dicir, para calmar o lóxico enfado de Asturias e Cantabria, o Goberno central tira de recursos públicos para tentar rebaixar o ton das críticas e infire unha nova aldraxe a Galicia, igual de prexudicada e afectada polo retraso na incorporación dos novos trens á frota da rede de ferrocarrís de ancho métrico.

Por todo isto, os parlamentarios asinantes propoñemos o seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que:

1º.- Outorgue a Galicia as mesmas medidas compensatorias anunciadas para Asturias e Cantabria para minimizar os prexuízos derivados do retraso na renovación dos trens da liña ferroviaria de ancho métrico que operan na nosa Comunidade e que aseguran aos usuarios a gratuidade do servizo, cando menos, ata 2026.

2º.- Impulse coa maior brevidade posible un plan para a electrificación da totalidade da liña de ferrocarril de ancho métrico que opera en Galicia.

3º.- Acompañe a necesaria modernización do material rodante na liña de ancho métrico entre Ferrol e Ribadeo co incremento de frecuencias que permitan atender axeitadamente a demanda de mobilidade dos usuarios.

Santiago de Compostela, 23 de febreiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 23/02/2023 17:07:41

José Manuel Balseiro Orol na data 23/02/2023 17:08:10

José Manuel Rey Varela na data 23/02/2023 17:08:46

Daniel Vega Pérez na data 23/02/2023 17:09:20

Freire Vázquez, María Begoña na data 23/02/2023 17:09:52

Carmen María Pomar Tojo na data 23/02/2023 17:10:14

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Ramón Carballo Páez na data 23/02/2023 17:10:41

María Belén Salido Maroño na data 23/02/2023 17:11:07

José Luis Ferro Iglesias na data 23/02/2023 17:11:25

Rubén Lorenzo Gómez na data 23/02/2023 17:11:53

María Sol Díaz Mouteira na data 23/02/2023 17:13:20

Ana Belén García Vidal na data 23/02/2023 17:13:55

José Alberto Pazos Couñago na data 23/02/2023 17:14:20

Noelia Pérez López na data 23/02/2023 17:14:56

Paula Prado del Río na data 23/02/2023 17:15:32

María Felisa Rodríguez Carrera na data 23/02/2023 17:16:08





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Raquel Arias Rodríguez, José Manuel Balseiro Orol, Marisol Díaz Mouteira, Carmen Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, Begoña Freire Vázquez, Rubén Lorenzo Gómez e Belén Salido Maroño**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

Un informe da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade avaliado polo Consello da Xunta de Galicia, conclúe que aínda non se recuperou o 22% das principais conexións ferroviarias, unha cifra que se eleva ata o 28% nos servizos rexionais que atenden pequenas conexións intermedias.

A situación agrávase nas conexións que afectan á cidade de Monforte de Lemos. O eixe Vigo-Monforte perdeu un gran número de servizos de tren diarios no cómputo global cunha redución de ata 75% no traxecto Vigo Ourense.

Tamén se rexistra unha perda do 66% dos servizos no eixe Monforte –Ponferrada, que pasou a ter unha dotación de 12 trens a 4; e no eixe Coruña – Monforte, cunha redución sistemática de trens superior ao 50% no treito entre Coruña e Lugo.

Esta situación produce certo paradoxo tendo en conta que acontece no mesmo momento no que o Goberno municipal de Monforte anuncia un convenio con Renfe para poñer en marcha trens turísticos, cando a día de hoxe non repuxo os servizos ordinarios suprimidos estes anos coa escusa da pandemia.

Ao mesmo tempo a falta de frecuencias está provocando unha saturación excesiva, especialmente aguda en hora punta, sen que se produzan os imprescindibles reforzos, e sen ter en conta as necesidades dos usuarios.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que restableza inmediatamente as conexións ferroviarias coa cidade de Monforte de Lemos suprimidas durante a pandemia e aínda non recuperadas”.

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2023

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 20/02/2023 12:52:06

Raquel Arias Rodríguez na data 20/02/2023 12:52:25

José Manuel Balseiro Orol na data 20/02/2023 12:52:41

María Sol Díaz Mouteira na data 20/02/2023 12:52:54

Carmen María Pomar Tojo na data 20/02/2023 12:53:06

Ramón Carballo Páez na data 20/02/2023 12:53:21

Freire Vázquez, María Begoña na data 20/02/2023 12:53:35

Rubén Lorenzo Gómez na data 20/02/2023 12:53:45

María Belén Salido Maroño na data 20/02/2023 12:53:57

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres** e **Manuel Lourenzo Sobral** e da deputada **Rosana Perez Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 7 de febreiro deuse a coñecer unha información sobre a sentenza do Tribunal Supremo en relación coa prórroga concedida de maneira irregular polo goberno en funcións de Mariano Rajoy en xaneiro de 2016. Unha vez que se coñeza o contido literal da sentenza e do voto particular, haberá que analizar as posibilidades de acudir a outras instancias xurisdicionais para defender o dominio público marítimo terrestre e a saída ordenada de ENCE dos 375.000 m² gañados ao mar. Esta sería a alternativa lóxica e ecolóxica se temos en conta os criterios ambientais do século XXI, os condicionamentos do cambio climático, a normativa estatal e europea, o contido do anteproxecto da lei do litoral ou o Plan de Ordenación do Litoral aprobado pola Xunta que contempla unha Área de Mellora Ambiental e Paisaxística nos terreos que ocupa o complexo industrial.

Logo de que a Xunta e o PP celebren a bombo e prato a información adiantada sobre o contido da sentenza do Tribunal Supremo, nos pasados días deuse a coñecer a apertura dun procedemento de infracción contra o Estado español pola falta de transparencia e concorrencia pública nos procedementos de autorizacións de concesións no dominio marítimo terrestre. O texto da comunicación fai referencia a concesións para restaurantes, empresas papeleiras ou químicas en espazos do dominio público marítimo terrestre sen levar a cabo procedementos abertos e transparentes.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Segundo un comunicado feito público pola Comisión Europea, a prórroga das concesións existentes por un período de até 75 anos sen xustificación “é contraria ás normas da Unión Europea”. Segundo esta comunicación, “A Comisión decidiu incoar un procedemento de infracción contra España por non garantir un procedemento de selección transparente e imparcial para a adxudicación de concesións relativas a zonas costeiras”. Segundo diversas fontes, podería darse unha vulneración da Directiva de Servizos da UE, pola duración excesiva das concesións e por non estar garantida a libre concorrência. Neste sentido, a prórroga prevista na reforma da lei de Costas de 2013 constituiría unha renovación automática para o seu actual titular o que lle outorga unha vantaxe que é contraria ao espírito e á letra da Directiva.

A apertura do procedemento de infracción reabre o debate en relación con ENCE, que se pode enfocar desde dous puntos de vista

-A legalidade/ilegalidade do procedemento para o outorgamento da prórroga, que seguirá sendo obxecto de controversia e de sucesivos procedementos legais.

-A idoneidade do seu emprazamento en terreos gañados ao mar, e sen que se cumpran os criterios para a súa localización en terreos de dominio público marítimo costeiro (necesidade de acceso á lámina de auga e necesidade de captación da auga do mar). Nesta non idoneidade concorren razóns ambientais (condicionamentos do cambio climático e da calidade do medio urbano), urbanísticas (desenvolvemento urbano ordenado e sustentábel dos concellos de Pontevedra e Marín) e de ordenación do territorio e do litoral, tanto no que ten a ver coas determinacións das Directrices de Ordenación do Territorio como co previsto na Disposición Adicional Terceira do POL. E a maior abundamento, hai que ter en conta as previsións do Anteproxecto de lei de Ordenación do Litoral, no que non ten cabida nin xustificación a permanencia de ENCE no seu actual emprazamento.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Contra o argumento falaz da imposibilidade de traslado da fábrica existen moitos argumentos de peso:

1º Non existe ningunha fábrica de pasta de Celulosa na península Ibérica que estea en terreos de dominio público marítimo terrestre, polo que o caso de ENCE en Lourizán é absolutamente excepcional.

2º Os informes recabados por ENCE segundo os cales non hai en Galiza terreos con aptitude para acoller a fábrica están sesgados xa que só contemplan a opción de instalación nun parque empresarial

3º Actualmente estanse tramitando en Galiza proxectos industriais con necesidades de terreo e captación de auga semellantes ás que ten a planta de ENCE.

Por outra parte, nas alternativas de saída ordenada de ENCE de Lourizán e de emprazamento noutra parte de Galiza, debe terse en conta a posibilidade de desenvolver un novo proxecto industrial estratéxico que contemple o peche do ciclo produtivo (planta de fabricación de papel e derivados) así como outros posíbeis aproveitamentos da fibra de celulosa. Este proxecto debería ser liderado pola Xunta e contar coa participación do tecido empresarial da cadea monte-madeira. Estamos a falar dunha iniciativa ambiciosa e audaz, aliñada cos criterios do Mecanismo de Recuperación, Transformación e Resiliencia e que permitiría crear centos de postos de traballo tanto na ría de Pontevedra como no novo proxecto industrial.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta a:

1. Encargar ao sistema universitario galego un informe técnico xurídico sobre as posíbeis consecuencias da apertura dun procedemento de infracción contra o Estado





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

español pola falta de transparencia e concorrència pública nos procedementos de autorizacións de concesións no dominio marítimo terrestre, e a posíbel afección a concesións do complexo mar industria alimentario galego e a instalacións industriais como a de ENCE en Lourizán.

2. Encargar ao sistema universitario galego un estudo sobre a viabilidade dun novo proxecto industrial estratéxico que contemple o peche do ciclo produtivo (planta de fabricación de papel e derivados), así como outros posíbeis aproveitamentos da fibra de celulosa; sobre as vías de financiamento deste proxecto industrial, e as alternativas de participación pública e do tecido empresarial galego, así como sobre posíbeis emprazamentos dun proxecto industrial destas características.

3. Facer valer os criterios das Directrices de Ordenación do Territorio, do Plan de Ordenación do Litoral e do anteprojecto de lei de ordenación do litoral e, en consecuencia, non defender a permanencia en terreos de dominio público marítimo terrestre de instalacións industriais sen relación co mar.”

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2023

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Manuel Lourenzo Sobral

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Rosana Pérez Fernández na data 20/02/2023 16:49:53

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 20/02/2023 16:50:04

Xosé Luis Bará Torres na data 20/02/2023 16:50:14





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Rosana Perez Fernández** e dos deputados **Luis Bará Torres** e **Paulo Ríos Santomé**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende a aprobación do Plan de Transporte Público de Galiza, a finais do ano 2018, as promesas do Goberno galego sobre a posta en marcha dun novo modelo de transporte público que se adaptaría ás necesidades de mobilidade dos galegos e galegas alónxase cada día máis dunha realidade que amosa a diario e en calquera punto do país todo o contrario.

Nos últimos anos son centos as queixas dos usuarios e usuarias do transporte público, nomeadamente aqueles e aquelas que viaxan a través da empresa Monbus, quen ten adxudicadas a maioría das liñas de transporte de viaxeiros por estrada en Galiza.

Resulta incomprensíbel como, despois de anos de incumprimentos por parte desta concesionaria, siga a actuar a día de hoxe con total impunidade e causando un gravísimo prexuízo a miles de persoas todos os días. Mesmo despois nos casos nos que é obxecto de inspección e advertencia por parte da Xunta de Galiza, continúa facendo o que considera e non o que debe, é dicir, sumando incumprimentos que nunca teñen unha resposta contundente da Administración.

É o caso das denuncias que os veciños e veciñas de Ponte Nafonso, no concello de Outes, veñen realizando dende principios do ano 2021 a través de distintas asociacións veciñais e tamén de xeito particular.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Así mesmo, as persoas que estaban en lista de agarda da convocatoria de axudas predoutorais correspondentes ao ano 2022 e que finalmente, segundo unha resolución provisional do 17 de novembro, se lles concedeu a axuda, aínda non asinaron o seu contrato predoutoral. Isto é debido á falta dunha resolución definitiva que estableza que estas persoas son beneficiarias da axuda. De novo, é inadmisibile que estas persoas non poidan contar co seu contrato formalizado tres meses despois de que se resolver oficialmente a súa condición de beneficiarias.

Para o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego esta situación na que a administración, a Xunta de Galiza, atranca unha carreira investigadora nas súas primeiras etapas por falta de planificación, é inadmisibile.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a, de maneira inmediata:

1. Publicar a resolución definitiva que permita asinar os contratos predoutorais que corresponden a persoas que quedaron en lista de agarda na convocatoria de 2022.
2. Publicar a convocatoria de axudas predoutorais e posdoutorais correspondentes a 2023.
3. Fixar un calendario estable e permanente que permita, de maneira planificada, publicar as convocatorias anuais de I+D+i no mes de xaneiro de cada ano.”

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2023





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Daniel Pérez López**

Manuel Lourenzo Sobral

Deputados do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 22/02/2023 11:42:13

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 22/02/2023 11:42:23

Olalla Rodil Fernández na data 22/02/2023 11:42:31



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, **Martín Seco García** e **Carmen Rodríguez Dacosta**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 e seguintes do Regulamento da Cámara presenta ante esa mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate **en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai poucas datas aparecía a noticia de que un mozo do concello de Culleredo que denunciaba a situación que estaba a vivir dende que puxo en marcha unha explotación agraria de horta no concello de Abegondo con todo o esforzo técnico e económico que esta posta en marcha supón.

Para a posta en marcha da dita explotación pediu as axudas para incorporación de persoas mozas que financia na súa maior parte a Unión Europea e que ten a responsabilidade de repartir a Xunta de Galicia. Atopouse coas resolucións da convocatoria correspondente á Orde do 30 de decembro do 2021 que aparecían no Diario Oficial de Galicia (DOG) que lle denegaba a este mozo e a outras 42 persoas menores de 40 anos as ditas axudas, que pese a alcanzar unha puntuación superior á do punto de corte, resultado do réxime de concorrencia competitiva establecido no artigo 1 da orde de convocatoria, é dicir, que aínda que cumpren cos baremos para acceder ás axudas, os fondos a disposición para o reparto, quedaron esgotados antes de chegar á avaliar a súa solicitude.

Este mozo, que investiu todos os seus aforros para mercar terra, maquinaria e poñer a explotación a andar, agora atópase sen axudas e sen comezar a comercializar a súa produción xa que non puido completar o proceso de alta na actividade por agardar a dita resolución das axudas xa que no caso de seren denegadas non podería volver a pedilas ata pasar seis meses dende que se dea de alta.





Esta situación é especialmente grave nunha comunidade como a galega na que 6 de cada 10 persoas que se dedican á produción de alimentos estará xubilada no ano 2030, polo que non deberamos permitir que ningunha persoa moza se quedase sen o impulso da Administración para que inicie a súa actividade no noso rural.

Do mesmo xeito que sucedeu coas axudas ao mantemento e conversión á agricultura e gandería ecolóxica, dende a Consellería do Medio Rural admiten a falla de orzamento para atender a todas as solicitudes de persoas novas que solicitaron a dita axuda o que pon de manifesto a mala planificación e xestión dos fondos europeos da PAC por parte do Goberno galego.

As organizacións agrarias sinalaban que non recordan convocatorias nas que quedasen fóra das axudas mozos e mozas con intención de incorporarse ao campo, unha liña na que normalmente sobra orzamento. Do mesmo xeito tamén quedaron fóra das axudas correspondentes aos plans de mellora e tamén nas axudas ao desenvolvemento de pequenas explotacións, uns 104 gandeiros que acudiron aos chamados plans de mellora quedaron fóra, e 25 no caso das axudas ás pequena explotacións.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a aumentar o orzamento dedicado á liña de axudas para a incorporación de persoas mozas da convocatoria de decembro de 2021 que foi resolta neste mes de febreiro de 2023 e que resultou insuficiente para atender a todos os mozos e mozas que cumprían os requisitos da dita orde.

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 22/02/2023 12:34:07





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2023 12:35:14
Nº Rexistro: 50390
Data envío: 22/02/2023 12:35:14.519

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 22/02/2023 12:34:26

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 22/02/2023 12:34:41

CSV: BOPGDSPG-I5.WHgBrP-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30
71 Madrid

182386

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Eduardo Ojea Arias e Patricia Otero Rodríguez**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Constitución Española de 1978 consagra o dereito á vivenda no seu artigo 47 entre os Principios Reitores da Política Social e Económica, dentro dos Dereitos e Deberes Fundamentais, ao establecer que todos os españois teñen dereito a gozar dunha vivenda digna e adecuada e que os poderes públicos promoverán as condicións necesarias e establecerán as normas pertinentes para facer efectivo este dereito, regulando a utilización do chan de acordo co interese xeral para impedir a especulación.

A Constitución, como é evidente, non se limita a regular o contido deste dereito – gozar dunha vivenda digna e adecuada– senón que require unha actividade positiva para a súa efectividade real, cun verdadeiro mandato aos poderes públicos para que garantan a súa eficacia.

No artigo 27.3. do Estatuto de Autonomía de Galicia establécese a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de vivenda. En cumprimento do desenvolvemento desa competencia, a Xunta de Galicia establece políticas activas para dar cumprimento ao mandato constitucional.

Con respecto ás políticas activas en materia de vivenda o Goberno galego aprobou o Pacto de vivenda de Galicia 2021-2025 no que se expón a necesidade de elaborar unha programación estratéxica, que se adapte ás peculiaridades da nosa comunidade e constitúa unha guía de orientación das actuacións futuras do Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS), na que se definan as directrices



básicas da política de vivenda e solo na Comunidade Autónoma e que se materializará en función das dispoñibilidades orzamentarias existentes en cada exercicio e a través do desenvolvemento normativo que sexa preciso.

Este plan identifica catro liñas estratéxicas, que son as seguintes:

- Liña estratéxica A.- Acceso á vivenda
- Liña estratéxica B.- Rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas
- Liña estratéxica C.- Solo residencial
- Liña estratéxica D.- Outras medidas en materia de vivenda e rehabilitación

E para cada unha delas, articula unha serie de eixes que se despregan en programas e accións concretas.

O certo é que este plan, a diferenza do anterior Plan galego de rehabilitación, aluguer e mellora de acceso á vivenda 2015-2020 (coñecido como Plan RehaVita) non prevé indicadores de seguimento nin os seus valores asociados, o que o sitúa nun limbo de inconcreción que ampara calquera desenvolvemento por parte da Xunta de Galicia por errático ou ineficiente que sexa.

O anterior supón un erro dende o punto de vista máis elemental de desenvolvemento de políticas públicas ao descoñecer, por non estar explicitados, os aspectos e valores concretos que se pretenden acadar o que impide levar a cabo a avaliación de implementación, avaliación esta de acreditada conveniencia, posto que é a que permite coñecer a adecuación práctica do marco teórico e efectuar, de ser necesario, as modificacións necesarias cando se constate que a aplicación práctica non se corresponde cos obxectivos que se pretenden acadar.

Un dos escasos, por no dicir o único, elementos que se concretan é o relativo ao orzamento do ano 2021 para o desenvolvemento do plan, no que se establecen as seguintes cantidades:

- para a liña estratéxica acceso á vivenda, 28.133.296,00 €





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2023 13:29:39
Nº Rexistro: 50396
Data envío: 22/02/2023 13:29:39.581

- para a liña estratéxica rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas, 35.462.189,00 €
- para a liña estratéxica solo residencial, 8.370.000,00 €
- para a liña estratéxica outras medidas, 640.279,64 €

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a presentar, antes de que remate este período de sesións, un informe no que se detallan:

1. As cantidades executadas, tanto no ano 2021 como no 2022, en cada unha das liñas estratéxicas do Pacto de vivenda de Galicia 2021-2025.
2. As actuacións concretas e logros acadados en cada un dos programas e accións nos que se desenvolven as liñas estratéxicas que conforman dito pacto.

Santiago de Compostela, 22 de febreiro do 2023

Asinado dixitalmente por:

Eduardo Ojea Arias na data 22/02/2023 13:20:29

Patricia Otero Rodríguez na data 22/02/2023 13:20:38

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 22/02/2023 13:20:50

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

182389

@PSdeG





A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Elena Candia López, Raquel Arias Rodríguez, Daniel Vega Pérez, Rubén Lorenzo Gómez, José Antonio Armada Pérez, Belén Cachafeiro Anta e Miguel Prado Patiño**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

A flavescencia dourada da vide trátase dunha enfermidade de corentena causada por un *fitoplasma* (unha bacteria sen parede celular), parasito intracelular dos vasos do floema, que provoca un enfraquecemento progresivo e mesmo a morte da planta da vide. A principal vía de transmisión da enfermidade é o insecto cicadélico *Scaphoideus titanus* Ball, cuxas ninfas e adultos adquiren o fitoplasma dunha cepa infectada e, tras catro ou cinco semanas de incubación, son capaces de transmitirlo as plantas.

A infección por flavescencia dourada resulta nun atraso do agromado, na mortalidade total ou parcial das cepas, a ausencia de produción –os acios secan e non chegan en ningún caso a madurar–, o enrolamento das follas cara ao envés, disposición das follas dentro da videira en forma de tellas ou escamas de peixe, coloración vermella ou amarela das follas, segundo se trate de variedades tintas ou brancas e/ou falta total de agostamento das videiras. Esta sintomatoloxía pode tardar ata nun ano en aparecer, sendo máis evidente nos meses de xullo e agosto.

Neste contexto, cómpre sinalar que o insecto vector responsable da propagación da praga foi introducido hai poucas décadas en Europa, e atópase distribuído polo sur de Francia, norte de España (principalmente, Cataluña e Galicia), Portugal e outros países europeos.

De feito, foi debido aos gromos detectados no país veciño, particularmente en zonas próximas á fronteira con Galicia, que Portugal declarou unha zona demarcada de Flavescencia Dourada lindeira con varios concellos fronteirizos á nosa comunidade, polo que foi establecida unha zona tampón de 2,5 km coa fronteira, abrangendo os concellos de A Cañiza, Arbo, Crecente, Tomiño, Tui, As Neves, Salvaterra de Miño e





Salceda de Caselas na provincia de Pontevedra e o concello de Padrenda na provincia de Ourense.

En consecuencia, a Comunidade Autónoma de Galicia tivo que establecer unha serie de medidas obrigatorias a desenvolver nestas zonas para comprobar a presenza da praga no noso territorio. Ademais de establecer a zona demarcada de flavescencia dourada e levar a cabo as actuacións obrigatorias, o Goberno galego ten levado a cabo encontros cos viticultores e coas viticultoras das parroquias con presenza da enfermidade co obxecto de trasladar toda a información dispoñible co fin de controlar a praga. Así mesmo, puxéronse en práctica unha serie de medidas obrigatorias nas zonas infestadas para operadores profesionais e tamén se están a transmitir certas medidas “culturais” co obxectivo de frear a súa propagación.

Así e todo, desde o Grupo Parlamentario Popular, cremos necesario incidir no desenvolvemento, a divulgación e a posta en marcha dun maior número de iniciativas relacionadas con medidas de bioseguridade que permitan conter a expansión da flavescencia dourada da vide co fin último de lograr a súa erradicación (isto é, charlas informativas, control e seguimento das parroquias demarcadas, visitas periódicas e contacto constante coas persoas viticultoras afectadas, remisión de información aos concellos, etcétera).

Por este motivo, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a promover o desenrolo, a divulgación e a posta en práctica de medidas de bioseguridade que permitan controlar a enfermidade ocasionada por mor do organismo nocivo de corentena da flavescencia dourada.

Así mesmo, que estude poñer en práctica un sistema de información dirixida aos viticultores que lles permita recibir as alertas e a informacións respecto a flavescencia dourada”.

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2023





Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 22/02/2023 13:47:05

María Elena Candia López na data 22/02/2023 13:47:23

Raquel Arias Rodríguez na data 22/02/2023 13:47:40

Daniel Vega Pérez na data 22/02/2023 13:47:53

Rubén Lorenzo Gómez na data 22/02/2023 13:48:12

José Antonio Armada Pérez na data 22/02/2023 13:48:26

Cachafeiro Anta, Belén na data 22/02/2023 13:48:39

Prado Patiño, Jesús Miguel na data 22/02/2023 13:48:50





A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Elena Candia López, Raquel Arias Rodríguez, Daniel Vega Pérez, Rubén Lorenzo Gómez, José Antonio Armada Pérez, Belén Cachafeiro Anta e Miguel Prado Patiño**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

Logo da aprobación da Lei de recuperación da terra agraria polo Parlamento de Galicia, a Xunta de Galicia puxo en marcha as actuacións para impulsar as ferramentas, recollidas nesta normativa, que teñen como principal obxectivo impedir ou mesmo reverter o abandono no rural e resultan útiles tamén para protexer o medio ambiente, crear emprego endógeno e para facer prevención e defender as persoas e os seus bens dos lumes forestais.

Algún dos instrumentos que inclúe a Lei son as aldeas modelo, os polígonos agroforestais, as permutas de especial interese agrario e as agrupacións de xestión conxunta, co fin de poñer en valor terras a través de actividade agraria que xere riqueza e emprego, fixe poboación e sirva -ao tempo- para anticiparse aos incendios forestais.

Cabe sinalar que desde a entrada en vigor da Lei de recuperación -en maio de 2021- arredor de 10.000 hectáreas de terreo están sendo obxecto de desenvolvemento dun instrumento de recuperación de terra agraria, correspondentes a 21 polígonos agroforestais, a 21 aldeas modelo e a permutas voluntarias localizadas no concello de Friol, na provincia de Lugo.

As actuacións postas en marcha neste concello galego son un claro exemplo do bo funcionamento desta ferramenta de mobilización de terras, segundo o disposto na Lei de recuperación ao declarar estas permutas de especial interese agrario, suporá distintas vantaxes para os propietarios, entre elas unha liña de axudas para financiar os gastos notariais e de inscrición no rexistro da propiedade destas permutas, asesoramento e mediación por parte da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, traballos de limpeza e a eliminación da necesidade de licenza de segregación, entre outros.

Ademais destes procesos de permutas que recolle a Lei de recuperación, cómpre lembrar tamén a importancia das concentracións parcelarias. O partido popular de





Galicia cree neste tipo de procesos de reorganización do territorio, xa que con estas actuacións seguimos paliando o minifundismo presente na nosa comunidade, dende o punto de vista da estrutura da propiedade.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a impulsar e promover as permutas de especial interese agrario e que dende a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural se habiliten axudas destinadas a financiar os gastos de xestión, tanto notariais como de rexistro da propiedade, en beneficio dos propietarios implicados”.

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 22/02/2023 13:52:04

María Elena Candia López na data 22/02/2023 13:52:22

Raquel Arias Rodríguez na data 22/02/2023 13:52:41

Daniel Vega Pérez na data 22/02/2023 13:53:04

Rubén Lorenzo Gómez na data 22/02/2023 13:53:25

José Antonio Armada Pérez na data 22/02/2023 13:53:42

Cachafeiro Anta, Belén na data 22/02/2023 13:53:56

Prado Patiño, Jesús Miguel na data 22/02/2023 13:54:08





A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Elena Candia López, José Antonio Armada Pérez, Raquel Arias Rodríguez, Daniel Vega Pérez, Rubén Lorenzo Gómez, Belén Cachafeiro Anta e Miguel Prado Patiño**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

Asistimos a unha etapa de cambio na que o desenvolvemento sustentable do rural galego ten que vir acompañado pola xeración de emprego e por unha economía verde e baixa en carbono, así como polo principio de quilómetro cero na obtención de recursos, que redunde decididamente no beneficio e na calidade de vida dos cidadáns.

Para acadar un desenvolvemento sustentable do noso medio rural, é fundamental apostar pola diversificación e a multifuncionalidade do monte galego. Ao respecto, é necesario basear os nosos obxectivos en principios tan relevantes de cara aos retos do futuro como poden ser a transición verde, a biodiversidade, a neutralidade climática e o consumo responsable.

Segundo os datos recollidos no Plan Forestal de Galicia cara á neutralidade carbónica, a superficie que se debía alcanzar en 40 anos polo modelo de monte determinado no PFG de 1992 para as masas de frondosas autóctonas estableceuse en case 409 mil hectáreas, cifra que foi superada lixeiramente, máis de 413 mil hectáreas segundo os datos rexistrados no 4º inventario forestal.

A cifra actual visualiza unha progresiva expansión de frondosas autóctonas nas últimas décadas, si ben xoga un papel fundamental os procesos de mobilidade en terreos agrícolas abandonados ao abeiro da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia.

Dende o Grupo Popular impulsamos a aprobación dunha estratexia de conservación e fomento da xestión activa das masas de frondosas autóctonas, segundo o recollido no Plan forestal de Galicia, xa que consideramos que con esta medida darase valor económico e social a estas masas, reforzando e intensificando a súa xestión, e impulsárase a bioeconomía como motor de competitividade, neutra en carbono e reactivando o consumo e uso de madeiras de frondosas locais na industria de transformación.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Con esta iniciativa beneficiaranse directamente aos milleiros de silvicultores e ás comunidades veciñais propietarias destas masas forestais. Por extensión, a medida repercutirá positivamente en toda a cadea forestal-madeira e terá tamén vantaxes tanto sociais como ambientais, optimizando ademais o aproveitamento forestal destas especies, tanto en cantidade como en calidade.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a promover unha mellora da xestión activa de frondosas na nosa Comunidade mediante a tramitación dunha estratexia no primeiro semestre deste ano, coa finalidade de fomentar a conservación da biodiversidade e da multifuncionalidade dos montes como ecosistemas forestais”.

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 22/02/2023 13:57:20

María Elena Candia López na data 22/02/2023 13:57:39

José Antonio Armada Pérez na data 22/02/2023 13:57:53

Raquel Arias Rodríguez na data 22/02/2023 13:58:07

Daniel Vega Pérez na data 22/02/2023 13:58:22

Rubén Lorenzo Gómez na data 22/02/2023 13:58:37

Cachafeiro Anta, Belén na data 22/02/2023 13:58:50

Prado Patiño, Jesús Miguel na data 22/02/2023 13:59:01





A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Elena Candia López, Daniel Vega Pérez, José Antonio Armada Pérez, Raquel Arias Rodríguez, Rubén Lorenzo Gómez, Belén Cachafeiro Anta e Miguel Prado Patiño**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

A influenza aviaria –coñecida coloquialmente como “gripe aviar”– é unha das patoloxías máis nocivas para as explotacións avícolas, tanto polos elevados niveis de morbilidade e mortalidade que producen, como polas importantes restricións comerciais que a súa presenza implica para o sector da avicultura.

Neste marco, desde 2003 lévase a cabo, tanto en Galicia como no resto do Estado, o *Programa de vixilancia da influenza aviaria en España* do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (en adiante, MAPA), que inclúe tanto as aves domésticas –en curral e en cativeiro– como as aves silvestres. A estes efectos, cómpre destacar que, desde o pasado ano 2021, o devandito *Programa de vixilancia* permitiu constatar un aumento do risco de difusión do virus en toda Europa.

Certamente, neste período existe un constante goteo de focos notificados en diversos países –en concreto, no que vai da actual tempada 2022-2023 (que se estende do 1 de xullo do 2022 ata o 24 de xaneiro de 2023) foron comunicados 651 focos de gripe aviaria en aves domésticas (de curral), 1.466 en aves silvestres e 253 en aves en cativeiro en preto de 30 países da UE, segundo os datos do *Informe de situación epidemiolóxica a nivel mundial y europeo* publicado polo MAPA en xaneiro deste ano 2023–.

En concreto, en España foron notificados durante ese mesmo período ata seis focos en aves de curral (en Andalucía, Castela A Mancha, Castela e León e Extremadura) e 96 focos máis en aves silvestres, sinaladamente na costa cantábrica e atlántica.





Neste contexto, Galicia atópase á cola das comunidades autónomas con máis casos de influenza aviaria do conxunto español, non obstante, adoptou de forma inmediata as medidas preventivas e recomendacións recollidas na *Orde APA 2442/2006, de 27 de xullo, pola que se establecen medidas específicas de protección en relación coa influenza aviaria* do Goberno de España. Entre elas, a aplicación de restricións nas Zonas de Especial Risco (ZER) e Zonas de Especial Vixilancia (ZEV); o control dos movementos de aves de importación ou internos desde zonas con focos declarados tanto na UE como en España; a intensificación da vixilancia; a coordinación constante con Medio Ambiente; contacto permanente co sector avícola; remisión de información a todos os concellos –incluídos os concellos declarados ZER e/ou ZEV); e, en adición, visitas periódicas de control sanitario ás explotacións avícolas nas zonas ZER e ZEV.

De feito, na actualidade, a nosa comunidade conta con sete concellos declarados Zonas de Especial Risco (ZER) –Cambados, O Grove, A Illa de Arousa, Meaño, Ribadumia, Sanxenxo e Vilanova de Arousa, todos na provincia de Pontevedra– e 29 máis designados como Zonas de Especial Vixilancia (ZEV) –Cariño, Dumbría, Mazaricos, Ortigueira, Porto do Son, Rianxo, Ribeira, Zas e Vimianzo, na provincia de A Coruña; Ribadeo e Trabada, en Lugo; Porqueira, Rairiz de Veiga, Sandiás, Vilar de Santos e Xinzo de Limia, en Ourense; A Guarda, Moaña, Pontevedra, Poio, Redondela, O Rosal, Soutomaior, Tomiño, Tui, Vilaboa, Vilagarcía de Arousa, Marín e Meis, na provincia de Pontevedra–.

Así mesmo, estas medidas inclúen a pretensión do Goberno galego, tal e como se amosou na práctica, da posta en marcha doutras iniciativas recollidas na normativa vixente, de ser o caso, como son o confinamento en instalacións interiores das aves domésticas criadas no exterior, a prohibición da crianza conxunta de anátidos (parrulos, gansos, ocas...) con outras especies de aves de curral ou a protección de comedeiros e bebedeiros situados no exterior das instalacións, todas elas orientadas a impedir o contacto das aves domésticas coas silvestres, así como a prohibición de determinadas concentracións de aves de curral ou doutro tipo.

Neste respecto, desde o Grupo Popular de Galicia, cremos que é totalmente transcendental afondar, sempre que sexa necesario, nas medidas máis extremas e, en





todo caso, potenciar aquelas iniciativas encamiñadas a achegar toda a información dispoñible e actualizada da situación epidemiolóxica e recordo da necesidade de reforzar as medidas de bioseguridade das granxas, sobre todo evitando o contacto con aves silvestres (isto é, charlas informativas, control e seguimento de zonas ZER e/ou ZEV, visitas periódicas, remisión de información aos concellos, etcétera).

Por este motivo, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que mediante comunicados ou calquera medio de difusión traslade aos titulares das explotacións avícolas as medidas a adoptar nas súas explotacións de cara a evitar a transmisión e o posible incremento de focos de gripe aviaria na nosa Comunidade”.

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 22/02/2023 15:50:09

María Elena Candia López na data 22/02/2023 15:50:32

Daniel Vega Pérez na data 22/02/2023 15:50:48

José Antonio Armada Pérez na data 22/02/2023 15:51:03

Raquel Arias Rodríguez na data 22/02/2023 15:51:18

Rubén Lorenzo Gómez na data 22/02/2023 15:51:34

Cachafeiro Anta, Belén na data 22/02/2023 15:51:48

Prado Patiño, Jesús Miguel na data 22/02/2023 15:51:59



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados **Teresa Egerique Mosquera, Noelia Pérez López, Elena Suárez Sarmiento, Carlos Gómez Salgado, Moisés Rodríguez Pérez, José Luis Ferro Iglesias, Ovidio Rodeiro Tato e María Felisa Rodríguez Carrera** ao abeiro do disposto ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en pleno**.

Exposición de Motivos:

O Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense é unha institución cultural que alberga unha importante colección de fondos de diversas tipoloxías e de gran riqueza para Ourense e para Galicia.

O Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense é un centro de titularidade estatal e xestión autonómica con sede principal no Pazo do Bispo. Desde xullo de 2019 todo o conxunto atópase nun proceso de remodelación promovido polo Ministerio de Cultura y Deporte (como titular do museo). Desde o inicio dos traballos existe constancia de numerosos problemas. De acordo con diversas informacións recollidas en medios de comunicación, nestes momentos non estaría executado nin o 20% da obra, o que suporía un importante atrasa respecto das previsións iniciais.

Debido a isto, en setembro do ano pasado nunha visita a Ourense, o Ministro de Cultura y Deporte, Miquel Iceta, pediu desculpas en referencia ao caótico desenvolvemento da obra que debería ter rematado no ano 2022.

Precisamente por este motivo, despois de recoñecer o desfase nos prazos, sorprende que o Ministerio de Cultura incluía a obra de renovación do Museo Arqueolóxico de Ourense nun informe denominado “Cumpliendo” e publicado en decembro como unha obra para o 2023.





Para o Grupo Popular é fundamental que o Ministerio de Cultura deixe de realizar anuncios e pase a realizar as xestións oportunas para axilizar os traballos de rehabilitación.

Polo Exposto, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a solicitar ao Ministerio de Cultura y Deporte que:

1. Realice as accións oportunas para axilizar os traballos de rehabilitación do Museo Arqueolóxico de Ourense.
2. Informe con claridade dos novos prazos estimados”.

Santiago de Compostela, 22 de Febreiro de 2023.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 22/02/2023 16:22:07

Rodríguez Pérez, Moisés na data 22/02/2023 16:22:31

Gómez Salgado, Carlos na data 22/02/2023 16:22:40

María Felisa Rodríguez Carrera na data 22/02/2023 16:22:50

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





José Luis Ferro Iglesias na data 22/02/2023 16:23:01

Teresa Egerique Mosquera na data 22/02/2023 16:23:18

Ovidio Rodeiro Tato na data 22/02/2023 16:23:40

Noelia Pérez López na data 22/02/2023 16:24:32

María Elena Suárez Sarmiento na data 22/02/2023 16:24:49

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Noelia Otero Lago, Eduardo Ojea Arias, Julio Torrado Quintela, Patricia Otero Rodríguez e Marina Ortega Otero**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

Son moitas as ocasións e iniciativas impulsadas desde o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia arredor da preocupante radiografía da mocidade galega en canto ás dificultades que padece á hora de se independizar.

Na actualidade, o aumento dos prezos medios do alugueiro, a suba das hipotecas ou a perda de poder adquisitivo inciden negativamente no esforzo económico que unha persoa nova ten que asumir se quere iniciar ou manter un proxecto de vida independente. Esta incapacidade para acceder a unha vivenda ten consecuencias sociais e económicas e afecta directamente ademais ás esperanzas de atallar a fonda crise demográfica que padece a nosa comunidade. Unha mocidade empobrecida mesmo traballando, con máis de 250.000 galegas e galegos en idade de vivir con independencia pero que non pode facelo. Segundo datos do INE, xa antes da actual crise de prezos, un de cada tres galegos e galegas de entre 18 e 34 anos tiña que vivir cos seus pais e nais aínda contando cun traballo remunerado durante todo o ano. É dicir que anteriormente a este contexto xa había preto de 100.000 mozas e mozos traballadores que non se podían independizar aínda contando cun salario durante todo o ano porque non lles alcanzaba para pagar un alugueiro. Os baixos salarios e o encarecemento da vivenda nas cidades eran un lastre antes e agora son unha auténtica agonía.

A pesar de que a conselleira responsable de vivenda, Ángeles Vázquez, recoñecía a problemática e a necesidade de “traballar” para mellorar os datos de emancipación, Galicia non conta nin contempla a posta en marcha, requirida en





numerosas ocasións por este grupo parlamentario, cun plan ou estratexia galega de emancipación. As e os socialistas galegos consideramos capital que desde a Xunta de Galicia se atenda sen máis dilación a situación da mocidade con medidas concretas e planificadas que complementen as axudas xa contempladas desde o Goberno do Estado como o Bono Alugueiro Mozo ou as partidas enmarcadas dentro do Plan Estatal de Vivenda enfocadas cara as e os máis novos.

No País Vasco, veñen de anunciar por exemplo a posta en marcha da Estratexia Vasca 2030 para favorecer a emancipación xuvenil enmarcada a conquistar o adianto na idade de emancipación como obxectivo estratéxico e unha prioridade de primeira orde. Así, a Estratexia Vasca 2030 para favorecer a emancipación xuvenil ten como obxectivo reducir a idade media de emancipación aos 28 anos en 2030 e aumentar a taxa de emancipación a través de 10 proxectos tractores e 26 iniciativas complementarias, estruturados en 5 ámbitos: emprego, vivenda, renda, cohesión e resiliencia.

Nos estamos a xogar o futuro do país e non podemos perder un minuto máis sen prestar atención ás dificultades socio económicas que padece a nosa mocidade, urxen medidas efectivas, transversais e o máis amplo consenso arredor deste asunto.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Comprometerse a poñer en marcha un plan ou estratexia galega de emancipación este 2023 coa fin de rebaixar a idade de emancipación da mocidade galega.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2023 17:34:54
Nº Rexistro: 50417
Data envío: 22/02/2023 17:34:54.690

2. Establecer un programa de axudas propio e específico para mozas e mozos de entre 18 e 35 anos que aumente e complemente as axudas mensuais ao alugueiro e que sexa compatible coas contempladas no Plan Estatal de Vivenda e o Bono Alquiler Joven impulsado desde o Goberno do Estado.

Santiago de Compostela, 21 de febreiro do 2023

Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 22/02/2023 17:28:12

Eduardo Ojea Arias na data 22/02/2023 17:28:20

Julio Torrado Quintela na data 22/02/2023 17:28:28

Patricia Otero Rodríguez na data 22/02/2023 17:28:38

Marina Ortega Otero na data 22/02/2023 17:28:51

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 22/02/2023 17:29:01

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
182405

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Ramón Fernández Alfonso** e **Xosé Luis Rivas Cruz** e das deputadas **María González Albert** e **Carmen Aira Díaz**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a xestión do monte da Serra da Capelada no Concello de Cedeira.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na Serra da Capelada, e nomeadamente na parte desta Serra situada dentro do termo municipal do Concello de Cedeira, existen varios montes dedicados a diversos aproveitamentos forestais e agrogandeiros.

Algúns destes montes son propiedade municipal, Lume, Capelada e Couce, e outros son propiedade da Xunta de Galiza, como o monte da Braxe. A Xunta de Galiza realiza a xestión de todos os montes, do propio e máis dos outros que son propiedade do Concello de Cedeira.

As persoas que explotan estes montes queíxanse de falta de atención por parte da Xunta na conservación das pistas forestais e na limpeza do monte até o punto de crearse zonas inaccesíbeis para o gando e xerando un risco potencialmente elevado en caso se incendio.

Queíxanse tamén de falta de transparencia e de participación democrática na xestión dos montes, e queíxanse sobre todo das dificultades para emprender, das dificultades para acceder a novas zonas de pasto, así como a superficie susceptíbel de recibir subvencións da PAC.

Entre a falta de atención que a Xunta presta a este colectivo e á actividade gandeira na zona de Cedeira tamén salientan a eliminación das visitas do veterinario e a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

redución de servizos que se prestan na oficina agraria de Cedeira, o que obriga a continuos traslados á vila de Ortigueira.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a constituír unha mesa de diálogo e negociación co Concello de Cedeira e coas persoas que teñen gando nos montes públicos situados neste Concello coa finalidade de ampliar e mellorar a superficie susceptíbel de explotación e as condicións de traballo, así como a recuperación de servizos na oficina agraria de Cedeira.”

Santiago de Compostela, 23 de febreiro de 2023

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

Xosé Luis Rivas Cruz

María González Albert

Carmen Aira Díaz

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 23/02/2023 12:42:53





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ramón Fernández Alfonso na data 23/02/2023 12:42:58

Xosé Luis Rivas Cruz na data 23/02/2023 12:43:11

María González Albert na data 23/02/2023 12:43:23

María del Carmen Aira Díaz na data 23/02/2023 12:43:33





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado **Luis Bará Torres** e das deputadas **Mercedes Queixas Zas**, **Montserrat Prado Cores** e **Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre o xacemento arqueolóxico do Castro Valente e os proxectos industriais que o ameazan.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS


1. Castro Valente é un xacemento arqueolóxico de grande interese situado na parroquia de Carcacía (Padrón), que pervive na microtoponimia local coa denominación de A Cerca. Os estudos e intervencións do proxecto de investigación “Castelos no aire. As fortalezas como símbolo do poder aristocrático na Gallaecia (400-600 e.c.)”, do dr Mario Fernández-Pereiro financiado pola Deputación da Coruña; e do proxecto “Territorio e poder monástico na Idade Media. Unha aproximación comparativa (TERPOMED)”, do dr José Carlos Sánchez Pardo, financiado pola consellaría de Cultura da Xunta, poñen de relevo a existencia dun recinto fortificado de grande tamaño e monumentalidade.

A relevancia deste conxunto xa foi sinalada por diversos investigadores como Murguía e López Ferreiro no século XIX e J.C. Rodríguez no ano 1913. Grazas a estes autores contamos con descrições que do perímetro, o sistema defensivo, os accesos e o control visual desde o recinto amurallado.

Tamén existen estudos máis modernos -das primeiras décadas do século XXI- sobre o asentamento, que está catalogado no Servizo de Arqueoloxía da Xunta: Carballo Arceo, Xulio (1990): Ficha de catalogación: Castro Valente. Rodríguez Fernández e



Filgueiras Rei (1994): Ficha de catalogación; Castro Valente. Vázquez Liz (2002).
Ficha de catalogación: Castro Valente).



Emprazamento e ámbito de protección do Castro Valente (Plan Básico Autonómico)

2. As investigacións e prospeccións recentes dirixidas por Mario Fernández Pereiro e José Carlos Sánchez Pardo confirman a relevancia e interese do xacemento, unha peza clave para o coñecemento da evolución do territorio da Gallaecia entre finais da época romana e a Alta Idade Media. Un dos aspectos máis destacados da fortificación é o seu emprazamento en altura e o control visual sobre a Depresión Meridiana e o Val do Ulla.







Figura 5
Vista MDT desde el noreste del yacimiento del Castro Valente



Figura 6
Detalle de la masonería en el sector noreste del Castro Valente



O estudo publicado recentemente polos citados investigadores “Buscando un castiello medieval entre la vegetación. El caso de Castro Valente (Padrón, Galicia), *Cuadernos de Arqueología de la Universidad de Navarra*, (2022) pon de relevo diversas agresións e ameazas para o enclave. Entre as agresións cítanse a construción de pistas e infraestruturas cortalumes, as repoboacións forestais e a proliferación de especies arbóreas invasoras (principalmente acacia). Entre as ameazadas cómpre destacar o proxecto do parque eólico Castro Valente, promovido por Iberdrola, e a LAT de 220 kW dobre circuío Lousame Tibo, que prevé a colocación de 6 torres na ladeira noroeste, oeste e sur do monte, tal como se reflicte nas seguintes imaxes



Proxecto de parque eólico Castro Valente (en tramitación)






Figura 4

Izquierda: Localización del Parque eólico en el mapa de sombreados (Fuente: INEGA).
Derecha: trazado proyectado de la línea eléctrica (Fuente: Propio proyecto)

3. O pasado mes de novembro de 2022 a Dirección Xeral de Calidade Ambiental da Xunta fixo pública a Declaración de Impacto Ambiental (DIA) favorábel do parque eólico Castro Valente, promovido por Iberdrola, que ten as seguintes características: 18 MW de potencia total situado nos concellos de Padrón, A Estrada, Valga e Pontecesures, composto por tres aeroxeradores de 6MW e a súa infraestrutura asociada (vieiros de acceso e servizo, plataformas de montaxe, gavias de cableado, estación meteorolóxica e unha subestación) que se localizarían dentro da poligonal do parque. Na DIA non se fai referencia á liña de evacuación da enerxía producida polo parque, que tamén debería incluírse na avaliación ambiental do proxecto.

Do contido da DIA cabe salientar os seguintes elementos de interese

-A Dirección Xeral de Patrimonio Cultural informa favorabelmente o parque eólico Castro Valente dacordo coas propostas do Anexo núm 2 (Addenda memoria do





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

estudo sobre o patrimonio cultural, abril de 2022), establecendo unha serie de condicionantes nos que non se fai referencia ao xacemento de Castro Valente e ao seu perímetro de protección.

No informe da DXPC faise referencia á inclusión nas medidas compensatorias dun proxecto de mellora ambiental e paisaxística do adro da igrexa de Santa María de Herbón, que procure a corrección dos impactos existentes e mitigue o impacto visual (sic) dos aeroxeradores sobre este Ben de Interese Cultural. Resulta difícil de entender cales poden ser estes elementos de mitigación, como non sexa crear algún tipo de barreira que elimine a conexión visual entre a igrexa e o monte. E chama a atención que se propoñan estas medidas no caso da igrexa e non se teña en conta o impacto visual no recinto fortificado.

Tamén chama a atención que non se avalíe o impacto das infraestruras do parque (viais de acceso para o transporte de aeroxeradores de 6 MW, explanacións, gaviás...) sobre a contorna do Castro e que se pospoña esta avaliación para a fase previa ao inicio das obras.

O Instituto de Estudos do Territorio fai referencia ao impacto visual no Castro Valente. Indica que “non é un impacto crítico, sen prexuízo do que determine, no seu caso, o órgano competente en materia de patrimonio cultural”. O problema é que o órgano con competencias en materia cultural non di nada sobre o xacemento, se nos atemos ao contido da DIA.

Con respecto ao patrimonio natural, a DIA inclúe unha medida realmente estrambótica: a proposta de construción “dunha charca adecuada unha vez finalizada a fase de construción, para a reprodución de varias especies de anfibios detectados pola zona”. Proponse que logo de realizar actuacións que causarán un forte impacto en especies ameazadas se constrúa unha charca artificial para protexer os anfibios que sobrevivían.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4. Na DIA faise referencia á documentación presentada pola empresa ao longo da tramitación do proxecto, que non foi sometida a información pública nin a consulta dos concellos (abril e novembro de 2022). E hai informes sectoriais que se fixeron sobre versións iniciais do proxecto, polo que carecen de validez.

Segundo se indica na páxina 8, “A localización dos aeroxeradores e demais infraestrutura asociada ao parque eólico será a que se recolle no plano número 1 da “Addenda ao estudo de impacto ambiental do proxecto de implantación do parque eólico de Castro Valente en abril de 2022”. Tendo en conta os cambios realizados no proxecto, non é posíbel coñecer a localización definitiva de aeroxeradores, viais, explanacións, gaviás e construcións.

Na DIA non consta a avaliación dos efectos sinérxicos e acumulativos de diferentes proxectos enerxéticos previstos na contorna, entre eles a liña de evacuación do parque e a LAT Lousame Tibo- Esta carencia constitúe unha grave irregularidade que pon en cuestión a validez do trámite de avaliación ambiental.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta a:

1. Denegar a autorización do parque eólico Castro Valente polas deficiencias do trámite de avaliación ambiental e polo impacto crítico no ben catalogado denominado Castro Valente e na súa contorna de protección.

2. Impulsar e financiar. en colaboración co sistema universitario galego, un proxecto para a investigación, prospección arqueolóxica, conservación e divulgación do xacemento arqueolóxico de Castro Valente.”





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 23 de febreiro de 2023

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 23/02/2023 13:10:02

Iria Carreira Pazos na data 23/02/2023 13:10:09

María Montserrat Prado Cores na data 23/02/2023 13:10:19

Mercedes Queixas Zas na data 23/02/2023 13:10:35



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Noelia Otero Lago** e **Noa Díaz Varela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

A educación é un dereito básico e tal e como recolle a Constitución “gratuíto” pero en Galicia esta máxima non é unha realidade cando o gasto en libros e material supón un esforzo económico elevadísimo e en moitos casos inasimilable. O artigo 27.4 da Constitución española establece que “O ensino básico é obrigatorio e gratuíto” e a favor de incluír os materiais curriculares obrigatorios, os libros de texto, se teñen pronunciado todo tipo de institucións e colectivos como O Defensor do Pobo , O Consello Escolar do Estado, ANPA e sindicatos. O presidente do PP, Alberto Núñez Feijóo reclamaba no comezo do actual curso escolar ao Goberno do Estado a ampliación do fondo estatal para a axuda na compra de libros de texto ata os 100 millóns. Un suposto interese polas familias que afrontan un difícil inicio de curso que chocha de maneira frontal coas políticas que vén aplicando o PP ao fronte da Xunta de Galicia nestes últimos anos. Cómpre lembrar, que no ano 2009 coa chegada do señor Feijóo á presidencia da Xunta decidiu acabar co sistema de préstamo universal de libros de texto que viña funcionando tras ser implantado polo goberno presidido polo socialista Emilio Pérez Touriño.

Dende aquela e tal e como o Grupo Socialista vén denunciando de xeito incansable, as familias galegas padecen un sistema de axudas parciais aplicado polo PP ineficaz e insuficiente. Nun contexto económico especialmente delicado, o Grupo Socialista insiste na súa demanda de recuperar de inmediato a gratuidade universal dos libros de texto e material. O actual sistema mostrouse claramente insuficiente nos últimos cursos escolares,





cando os requisitos esixidos para poder ter dereito á gratuidade de libros de texto exclúe a numerosas familias cuxas condicións económicas víronse ademais deterioradas pola pandemia mundial do coronavirus Covid19 ou polo incremento de prezos neste curso. Na actualidade o sistema de "Banco de Libros" co modelo de préstamo e reutilización está difundido en case todas as Comunidades Autónomas e son xa moi poucas as que manteñen o modelo de bolsa ou axuda económica para adquisición de libros. Baixo este modelo está a implantarse paulatinamente a gratuidade para as familias, o que segundo distintos estudos supón o aforro de entre 200 e 300 euros por alumno ou alumna. As Comunidades de Andalucía, Comunidade Valenciana, Estremadura, Madrid e Navarra contan cun programa de gratuidade dos libros de texto nas etapas do ensino obrigatorio para todo o alumnado establecido por lei, e por tanto converténdoo nun dereito. Igualmente, este programa de gratuidade de libros de texto está a implantarse paulatinamente desde o curso 2018-2019 na Rioxá finalizando no presente curso 2022-2023 conforme ao establecido na Orde EDC/13/2021, do 29 de marzo, pola que se modifica a Orde EDU/39/2018, do 20 de xuño, pola que se regula o programa de gratuidade de libros de texto e as axudas destinadas a financiar a adquisición de libros de texto, nos centros sostidos con fondos públicos que impartan ensinos de carácter obrigatorio no ámbito territorial da Comunidade Autónoma da Rioxá, na redacción dada á mesma pola Orde EDC/40/2020, do 15 de xullo. Deste xeito, progresivamente, e dependendo das decisións de cada Comunidade Autónoma, vaise cumprindo o mandato constitucional sobre a gratuidade do ensino en España.

Na nosa Comunidade Autónoma cabe lembrar que a reivindicación da gratuidade dos libros de texto foi constante por parte do PSdeG-PSOE, e neste contexto, as familias galegas non poden quedar como cidadás e cidadáns de segunda ante o avance da completa gratuidade dos libros de texto que se está producindo en España. Por iso corresponde dar o paso decisivo e regular por lei o dereito de todos os alumnos e alumnas galegas a contar coa gratuidade





de todo o material curricular didáctico obrigatorio xa sexa impreso ou dixital, sen establecer barreiras ou límites económicos.

Manter a negativa desde a Xunta é manter un agravio importante das nosas familias respecto ás dunha boa parte do conxunto do Estado e tamén entre diferentes localidades da nosa comunidade en función das decisións e apoios que están a habilitar segundo o seu concello como pode ser o caso do de Vigo.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a instaurar a gratuidade dos libros de texto e materiais curriculares obrigatorios para todo o conxunto do alumnado galego nas as etapas do ensino obrigatorio público a partir do vindeiro curso escolar tal e como xa existe en diversas comunidades autónomas do Estado.

Santiago de Compostela, 22 de febreiro do 2023

Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 23/02/2023 13:42:52

Noa Susana Díaz Varela na data 23/02/2023 13:43:08

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 23/02/2023 13:43:38





Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

O goberno da Xunta de Galicia anunciou a finais do mes de xaneiro o reparto de material de emerxencias entre os Grupos de Emerxencias Municipais (GES).

Este material consistía en 6 furgonetas, 5 camións bomba e 4 equipos de excarceración que se distribúen entre os GES de Mugardos, Padrón, Ortigueira, Ponteceso, Curtis, Friol, Monterroso, Muíños, A Gudiña, A Veiga, Ribadavia, Mos e Celanova.

Uns equipos cun valor de 2 millóns de euros que se reparten con criterios sen determinar nin xustificar e entre concellos a maioría do Partido Popular.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista vimos denunciando de forma reiterada a falla de transparencia deste goberno no reparto de medios materiais e defendemos que este debe atender a criterios xustificadas de necesidade dos mesmos e iso sería posible previa creación dun Plan anual de dotación de material para equipamentos e parque móbil que sexa aprobado na comisión de coordinación atendendo ás necesidades que alí se expoñan e as que se remitan dende os diferentes concellos á Fegamp.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/02/2023 13:52:33
Nº Rexistro: 50463
Data envío: 23/02/2023 13:52:33.468

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia á creación dun plan anual de dotación de material para equipamentos e parque móbil que sexa aprobado na comisión de coordinación atendendo a criterios transparentes e obxectivos e en función das necesidades que alí se expoñan e as que se remitan dende os diferentes concellos á Fegamp.

Santiago de Compostela, 21 de febreiro do 2023

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 23/02/2023 13:48:45

Pablo Arangüena Fernández na data 23/02/2023 13:48:54

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 23/02/2023 13:49:06

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
182421

@PSdeG





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Ramón Fernández Alfonso** e das deputadas **Iria Carreira Pazos** e **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre os problemas do servizo de fisioterapia na área sanitaria de Ferrol.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Durante o ano 2022 incorporáronse 4 fisioterapeutas na área sanitaria de Ferrol para facer un total de 16 persoas prestando este servizo, que atenden unha área sanitaria que ao peche do exercicio 2021 tiña un total de 174.398 tarxetas sanitarias activas.

Isto significa un ratio de 0,091 fisioterapeutas por cada 1.000 tarxetas, por debaixo da media do SERGAS que está en 0,1 e a anos luz da recomendación da OMS de 1 fisioterapeuta por cada 1.000.

Este ratio escandalosamente baixo dáse no ámbito dunha área sanitaria especialmente envellecida en comparación coas outras 170 áreas sanitarias do estado español, ocupando a duodécima posición de entre as máis envellecidas e case que duplicando o índice medio do estado (273 fronte ao 141,1), sendo un dato especialmente relevante para ponderar a necesidade deste servizo, xa que a poboación que máis o demanda e a maior de 65 anos.

Á infradotación deste servizo hai que engadir outras problemáticas ou dificultades, como a inexistencia da Carteira de servizos de Fisioterapia, e que na área





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

sanitaria de Ferrol non se poida facer derivación directa desde o MAP para consulta co fisioterapeuta.

Estes feitos provocan que na área sanitaria de Ferrol a fisioterapia funciona case exclusivamente como un servizo de carácter hospitalario, e que as listas de espera de atención primaria sexan tan prolongadas que de feito expulsan ás persoas doentes do sistema de saúde pública cara clínicas privadas, como demostra o feito de que no Fontenla Maristany (Centro que atende Ferrol, Cedeira e San Sadurniño) estean chamando a citas preferentes do ano 2018.

A solución desta problemática non só melloraría a prestación do servizo de fisioterapia, coas positivas repercusións que isto traería para multitude de asuntos a parte das obvias, como por exemplo a formación e pedagogía coa poboación, as diagnoses, etc, e aínda axudaría tamén a desconxestionar as axendas e as consultas dos médicos de atención primaria, cuestión esta que debería ser unha das principais preocupacións dos responsábeis políticos do noso sistema público de saúde.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta á Xunta e resolver os problemas do servizo de fisioterapia aprobando de xeito inmediato a carteira de servizos desta profesión, habilitando a derivación directa desde o MAP, así como a aumentar o cadro de persoal de profesionais até o ratio recomendado pola OMS. ”

Santiago de Compostela, 23 de febreiro de 2023





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**
Iria Carreira Pazos
Montserrat Prado Cores
Deputado e deputadas do G.P. do BNG
Olalla Rodil Fernández
Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 23/02/2023 16:30:14

María Montserrat Prado Cores na data 23/02/2023 16:30:19

Iria Carreira Pazos na data 23/02/2023 16:30:31

Ramón Fernández Alfonso na data 23/02/2023 16:30:41





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Daniel Pérez López, Luis Bará Torres e Ramón Fernández Alfonzo**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, relativa ao proxecto eólico Monte Neme.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Monte Neme é máis que un Monte. Foino sempre, e por diferentes motivos.

Desde vello, o Monte Neme foi considerado unha zona estratéxica, polo que supoñía de control visual sobre toda a contorna, pola proximidade do mar e polo papel de subministrador das materias primas, necesarias para a vida das comunidades veciñas. Así foi durante séculos.

O feito de descubrir neste monte un mineral como o volframio, estratéxico para a industria militar, trouxo consigo unha actividade extractiva que provocou no século vinte graves alteracións na orografía e o arrase dos restos históricos que se conservaban no seu cumio.

Unha explotación mineira que, alén deses cambios no relevo, xerou unha serie de balsas de auga, hoxe de cor turquesa pola presenza de minerais coma o sílice, arsénico, prata ou aluminio.

Do “volfram dos nazis” ás “balsas de augas turquesa” de instagramers inconscientes. E polo medio, o peche da actividade mineira no 2011 e o concurso de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

acreedores da última empresa concesionaria da explotación, sen aval económico para a recuperación do entorno mineiro.

Para o plan de rexeneración, o goberno galego solicitou unha partida de fondos europeos, que foi concedida. Atendendo ao que significou e significa o Monte Neme para a comarca, eses fondos terían que ser destinados a poñer en valor o potencial natural, histórico, cultural e turístico que ofrece este espazo.

Porén, no canto de rexeneración e posta en valor, a Xunta de Galiza resolveu de xeito favorábel, a mediados de xaneiro deste ano, a declaración de impacto ambiental do parque eólico proxectado no Monte Neme.

Este proxecto do parque eólico Monte Neme, que afecta aos concellos de Carballo e Malpica de Bergantiños, foi sometido a información pública no ano 2007 e conta cunha declaración de impacto ambiental publicada no 2010.

A evacuación de enerxía eléctrica que se produza realizárase a través dunha liña de alta tensión, que atravesará unha zona densamente poboada e que afecta a ámbitos de grande valor ambiental como o val do río Anllóns (Rede Natura 2000), a AEIP Val fluvial do río Lourido, e o LEIP Santa Mariña do Remuíño, que transportaría a enerxía desde a subestación Monte Neme até a subestación de Cabana, que será obxecto doutro proxecto independente. O que constitúe unha fragmentación artificial do parque e a liña de evacuación.

Ademais, o proxecto do parque eólico Monte Neme ten un forte impacto territorial xa que afecta a 1.050 hectáreas delimitadas pola poligonal, na que se producirá unha recualificación do uso do solo como “solo rústico de especial protección de infraestruturas”, coas conseguíntes restricións e prohibicións de usos forestais,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

agrogandeiros e construtivos, que abre a posibilidade de futuras repotenciacións ou ampliacións do parque.

O estudo de impacto ambiental presenta numerosas carencias, erros e eivas, ao non avaliar o impacto da construción de infraestruturas, o impacto sobre os recursos hídricos, cursos de auga e abastecementos, o impacto en hábitats e especies protexidas por directivas comunitarias e cunha información xenérica sobre os hábitats e especies.

É innegábel o impacto que este proxecto tería sobre o complexo costeiro de Baldaio, protexido como Zona de Especial Protección para as Aves (ZEPA Razo-Baldaio), actualmente Zona de Especial Protección para as Aves Costa da Morte (Norte), e que ademais está integrado na Zona de Especial Conservación (ZEC) da Costa da Morte, baixo a protección da Rede Natura 2000. Como innegábel é o impacto paisaxístico deste proxecto, polo impacto visual e paisaxístico na unidade “Beiramar de Baldaio-Razo”, que o mesmo estudo ambiental cualifica como “severo”.

Un proxecto que tamén afectaría negativamente ás persoas, polo impacto acústico na fase de funcionamento nos núcleos máis próximos, polo efecto de parpadeo ou o efecto sombra (que non se avalían), e que, conxuntamente co impacto negativo sobre outros usos e actividades, producirán o efecto de expulsar poboación do rural.

Na área próxima ao Monte Neme están en diferentes fases de tramitación numerosos parques eólicos, polo que debería facerse un estudo máis amplo dos seus efectos sinérxicos e acumulativos, incluíndo nesta avaliación as liñas de alta tensión para a conexión coa rede eléctrica.

Un proxecto eólico que entra en contradición evidente co proxecto de rexeneración da antiga mina, que a pesar de contar con orzamento, a Xunta non executou.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Malia todo isto, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda formulou a Declaración de Impacto Ambiental (DIA) do parque eólico Monte Neme considerando o proxecto como ambientalmente viábel.

Declaración favorábel a pesar de que, entre outras consideracións, o Instituto de Estudos do Territorio informa que a infraestrutura terá unha gran incidencia visual nun gran número de núcleos de poboación próximos, nas vilas de Malpica, Laracha, Carballo e Coristanco; o mesmo que nos miradoiros de Monte Neme, a praia de Razo e Baldaio e na mesma marisma. Impacto incrementado pola sinerxía con outros parques eólicos en tramitación ou en funcionamento. Co agravante que non existen medidas preventivas nin correctoras capaces de mitigar ese impacto paisaxístico.

A propia Axencia de Turismo de Galiza fala dun impacto global e significativo.

A autorización deste proxecto suporía o certificado de defunción das abondosas potencialidades naturais, históricas, culturais que ofrece este espazo, e da posibilidade de crear sinerxías moi positivas para a promoción da comarca no seu conxunto e a xeración de emprego e riqueza baseada nun turismo de natureza, sostíbel e respectuoso coa paisaxe; impedíndolles ademáis ás veciñas e veciños a realización de outros usos dos terreos, como o aproveitamento gandeiro ou forestal.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

- Paralizar de xeito cauteloso e denegar as autorizacións das infraestruturas e instalacións industriais que atenten contra os valores naturais, estéticos, paisaxísticos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ou culturais do Monte Neme, así como aqueles que poñan en perigo un aproveitamento turístico sustentábel, forestal ou gandeiro do monte e a súa contorna.

- En calquera caso, abrir un novo procedemento de información pública tendo en conta os numerosos cambios no proxecto, incluíndo os documentos novos presentados pola empresa e os informes sectoriais completos.

- Realizar unha avaliación ambiental conxunta de todos os parques e infraestruturas asociadas nunha distancia de 20 km.”

Santiago de Compostela, 23 de febreiro de 2023

Asdo.: **Daniel Pérez López**

Ramón Fernández Alfonzo

Deputados do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 23/02/2023 16:53:07

Ramón Fernández Alfonzo na data 23/02/2023 16:53:23





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Pérez López na data 23/02/2023 16:53:34



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, **Noa Díaz Varela, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 e seguintes do Regulamento da Cámara presenta ante esa mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Dende a construción do Centro Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela (CHUS) existe un grave problema de aparcamento nesa contorna hospitalaria, a pesares da existencia de numerosas prazas en superficie e do aparcamento subterráneo promovido polo propio Concello. De todos os xeitos, eses espazos se demostran cada día insuficientes, con conxestións de tráfico interminables.

Os problemas de tráfico recorrentes a calquera hora do día na contorna do CHUS explícanse tendo en conta que o 80 % das persoas usuarias do CHUS non viven en Santiago de Compostela e que en Galicia o sistema de transporte público está funcionando de maneira deficitaria.

É por iso que parece conveniente que, ao igual que noutros centros hospitalarios de referencia en Galicia, a Xunta de Galicia se implique na construción dun novo aparcamento, toda vez que tanto a construción do centro de protonterapia como a ampliación do CHUS xa en marcha van empeorar a situación crítica de estacionamento nesa contorna.

A tal efecto, o Concello de Santiago vén de aprobar a cesión dunha parcela de 3.563,53 metros cadrados á Consellaría de Sanidade para que proceda á súa construción, unha cesión que deberá aceptar antes de seis meses achegando unha memoria xustificativa dos fins de utilidade pública e interese social do proxecto.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a aceptar, no primeiro semestre do ano, a cesión polo Concello de Santiago da parcela para a inmediata construción dun novo aparcamento de, cando menos, 400 prazas para o Centro Hospitalario Universitario de Santiago, cuxo custe será sufragado





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/02/2023 18:03:10
Nº Rexistro: 50495
Data envío: 23/02/2023 18:03:10.421

en parte coa bonificación do ICIO dos proxectos de ampliación do CHUS e do Centro de Protonterapia.

Santiago de Compostela, 23 de febreiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 23/02/2023 17:21:09

Julio Torrado Quintela na data 23/02/2023 17:21:26

Marina Ortega Otero na data 23/02/2023 17:21:40

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 23/02/2023 17:21:52

CSV: BOPGDSPG-I5.WHgBrP-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
182432

@PSdeG





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados **José Manuel Balseiro Orol, José Manuel Rey Varela, Daniel Vega Pérez, Begoña Freire Vázquez, Carmen Pomar Tojo, Ramón Carballo Paez, Belén Salido Maroño, Jose Luis Ferro Iglesias, Rubén Lorenzo Gómez, María Sol Díaz Mouteira, Ana Belén García Vidal, José Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López, Paula Prado del Río e María Felisa Rodríguez Carrera** ao abeiro do disposto ao abeiro do disposto nos artigos 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola necesidade de corrixir unha situación que supón un evidente prexuízo aos usuarios da rede de ferrocarril de ancho métrico en Galicia

Exposición de Motivos:

A rede ferroviaria de ancho métrico conecta en Galicia as localidades de Ferrol e Ribadeo para logo continuar por toda a cornisa cantábrica ata chegar ao País Vasco.

Son de sobra coñecidas as deficiencias que presenta este servizo de transporte ferroviario polo deterioro do material rodante, a falta de mantemento e a supresión de persoal. Unha situación que se viu agravada cando se constatou que o Goberno de España ía incumprir o seu compromiso de renovación da frota no ferrocarril de vía estreita tras o episodio bochornoso a conta do erro nas medidas dos novos trens.

Un incomprensible erro nos gálibos da infraestrutura ten como resultado que a chegada dos novos convois vaia retrasarse, como mínimo, tres anos, segundo as previsións que baralla o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana.

O retraso na entrega do material rodante para o servizo operado pola antiga Feve é un agravio máis para os intereses de Galicia, que vén sumarse ao feito de que esta liña non estea electrificada e que, a estas alturas, aínda non se recuperaran os servizos cancelados por mor da pandemia sanitaria.

Á lista hai que sumar agora, como gota que colma o vaso, o anuncio da titular do Mitma de que en Asturias e Cantabria o servizo será gratuíto como medida compensatoria pola tardanza na entrega dos novos trens. Raquel Sánchez vén de comprometer a transferencia dos recursos necesarios ás dúas comunidades autónomas para bonificar o seus servizos de cercanías ata o 2026.





É dicir, para calmar o lóxico enfado de Asturias e Cantabria, o Goberno central tira de recursos públicos para tentar rebaixar o ton das críticas e infire unha nova aldraxe a Galicia, igual de prexudicada e afectada polo retraso na incorporación dos novos trens á frota da rede de ferrocarrís de ancho métrico.

Por todo isto, os parlamentarios asinantes propoñemos o seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que:

1º.- Outorgue a Galicia as mesmas medidas compensatorias anunciadas para Asturias e Cantabria para minimizar os prexuízos derivados do retraso na renovación dos trens da liña ferroviaria de ancho métrico que operan na nosa Comunidade e que aseguran aos usuarios a gratuidade do servizo, cando menos, ata 2026.

2º.- Impulse coa maior brevidade posible un plan para a electrificación da totalidade da liña de ferrocarril de ancho métrico que opera en Galicia.

3º.- Acompañe a necesaria modernización do material rodante na liña de ancho métrico entre Ferrol e Ribadeo co incremento de frecuencias que permitan atender axeitadamente a demanda de mobilidade dos usuarios.

Santiago de Compostela, 23 de febreiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 23/02/2023 16:53:08

José Manuel Balseiro Orol na data 23/02/2023 16:53:37

José Manuel Rey Varela na data 23/02/2023 16:53:52

Daniel Vega Pérez na data 23/02/2023 16:54:06

Freire Vázquez, María Begoña na data 23/02/2023 16:54:17

Carmen María Pomar Tojo na data 23/02/2023 16:54:54

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Ramón Carballo Páez na data 23/02/2023 16:55:14

María Belén Salido Maroño na data 23/02/2023 16:55:31

José Luis Ferro Iglesias na data 23/02/2023 17:00:11

Rubén Lorenzo Gómez na data 23/02/2023 17:00:31

María Sol Díaz Mouteira na data 23/02/2023 17:00:50

Ana Belén García Vidal na data 23/02/2023 17:01:11

José Alberto Pazos Couñago na data 23/02/2023 17:01:33

Noelia Pérez López na data 23/02/2023 17:01:47

Paula Prado del Río na data 23/02/2023 17:02:05

María Felisa Rodríguez Carrera na data 23/02/2023 17:02:22





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Raquel Arias Rodríguez, José Manuel Balseiro Orol, Marisol Díaz Mouteira, Carmen Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, Begoña Freire Vázquez, Rubén Lorenzo Gómez e Belén Salido Maroño**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Exposición de motivos

Un informe da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade avaliado polo Consello da Xunta de Galicia, conclúe que aínda non se recuperou o 22% das principais conexións ferroviarias, unha cifra que se eleva ata o 28% nos servizos rexionais que atenden pequenas conexións intermedias.

A situación agrávase nas conexións que afectan á cidade de Monforte de Lemos. O eixe Vigo-Monforte perdeu un gran número de servizos de tren diarios no cómputo global cunha redución de ata 75% no traxecto Vigo Ourense.

Tamén se rexistra unha perda do 66% dos servizos no eixe Monforte –Ponferrada, que pasou a ter unha dotación de 12 trens a 4; e no eixe Coruña – Monforte, cunha redución sistemática de trens superior ao 50% no treito entre Coruña e Lugo.

Esta situación produce certo paradoxo tendo en conta que acontece no mesmo momento no que o Goberno municipal de Monforte anuncia un convenio con Renfe para poñer en marcha trens turísticos, cando a día de hoxe non repuxo os servizos ordinarios suprimidos estes anos coa escusa da pandemia.

Ao mesmo tempo a falta de frecuencias está provocando unha saturación excesiva, especialmente aguda en hora punta, sen que se produzan os imprescindibles reforzos, e sen ter en conta as necesidades dos usuarios.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que restableza inmediatamente as conexións ferroviarias coa cidade de Monforte de Lemos suprimidas durante a pandemia e aínda non recuperadas”.





Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 20/02/2023 12:49:28

Raquel Arias Rodríguez na data 20/02/2023 12:49:46

José Manuel Balseiro Orol na data 20/02/2023 12:49:59

María Sol Díaz Mouteira na data 20/02/2023 12:50:11

Carmen María Pomar Tojo na data 20/02/2023 12:50:25

Ramón Carballo Páez na data 20/02/2023 12:50:43

Freire Vázquez, María Begoña na data 20/02/2023 12:50:57

Rubén Lorenzo Gómez na data 20/02/2023 12:51:08

María Belén Salido Maroño na data 20/02/2023 12:51:20

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres** e **Manuel Lourenzo Sobral** e da deputada **Rosana Perez Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 7 de febreiro deuse a coñecer unha información sobre a sentenza do Tribunal Supremo en relación coa prórroga concedida de maneira irregular polo goberno en funcións de Mariano Rajoy en xaneiro de 2016. Unha vez que se coñeza o contido literal da sentenza e do voto particular, haberá que analizar as posibilidades de acudir a outras instancias xurisdicionais para defender o dominio público marítimo terrestre e a saída ordenada de ENCE dos 375.000 m² gañados ao mar. Esta sería a alternativa lóxica e ecolóxica se temos en conta os criterios ambientais do século XXI, os condicionamentos do cambio climático, a normativa estatal e europea, o contido do anteproxecto da lei do litoral ou o Plan de Ordenación do Litoral aprobado pola Xunta que contempla unha Área de Mellora Ambiental e Paisaxística nos terreos que ocupa o complexo industrial.

Logo de que a Xunta e o PP celebren a bombo e prato a información adiantada sobre o contido da sentenza do Tribunal Supremo, nos pasados días deuse a coñecer a apertura dun procedemento de infracción contra o Estado español pola falta de transparencia e concorrencia pública nos procedementos de autorizacións de concesións no dominio marítimo terrestre. O texto da comunicación fai referencia a concesións para restaurantes, empresas papeleiras ou químicas en espazos do dominio público marítimo terrestre sen levar a cabo procedementos abertos e transparentes.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Segundo un comunicado feito público pola Comisión Europea, a prórroga das concesións existentes por un período de até 75 anos sen xustificación “é contraria ás normas da Unión Europea”. Segundo esta comunicación, “A Comisión decidiu incoar un procedemento de infracción contra España por non garantir un procedemento de selección transparente e imparcial para a adxudicación de concesións relativas a zonas costeiras”. Segundo diversas fontes, podería darse unha vulneración da Directiva de Servizos da UE, pola duración excesiva das concesións e por non estar garantida a libre concorrência. Neste sentido, a prórroga prevista na reforma da lei de Costas de 2013 constituiría unha renovación automática para o seu actual titular o que lle outorga unha vantaxe que é contraria ao espírito e á letra da Directiva.

A apertura do procedemento de infracción reabre o debate en relación con ENCE, que se pode enfocar desde dous puntos de vista:

-A legalidade/ilegalidade do procedemento para o outorgamento da prórroga, que seguirá sendo obxecto de controversia e de sucesivos procedementos legais.

-A idoneidade do seu emprazamento en terreos gañados ao mar, e sen que se cumpran os criterios para a súa localización en terreos de dominio público marítimo costeiro (necesidade de acceso á lámina de auga e necesidade de captación da auga do mar). Nesta non idoneidade concorren razóns ambientais (condicionamentos do cambio climático e da calidade do medio urbano), urbanísticas (desenvolvemento urbano ordenado e sustentábel dos concellos de Pontevedra e Marín) e de ordenación do territorio e do litoral, tanto no que ten a ver coas determinacións das Directrices de Ordenación do Territorio como co previsto na Disposición Adicional Terceira do POL. E a maior abundamento, hai que ter en conta as previsións do Anteproxecto de lei de Ordenación do Litoral, no que non ten cabida nin xustificación a permanencia de ENCE no seu actual emprazamento.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Contra o argumento falaz da imposibilidade de traslado da fábrica existen moitos argumentos de peso:

1º Non existe ningunha fábrica de pasta de Celulosa na península Ibérica que estea en terreos de dominio público marítimo terrestre, polo que o caso de ENCE en Lourizán é absolutamente excepcional.

2º Os informes recabados por ENCE segundo os cales non hai en Galiza terreos con aptitude para acoller a fábrica están sesgados xa que só contemplan a opción de instalación nun parque empresarial

3º Actualmente estanse tramitando en Galiza proxectos industriais con necesidades de terreo e captación de auga semellantes ás que ten a planta de ENCE.

Por outra parte, nas alternativas de saída ordenada de ENCE de Lourizán e de emprazamento noutra parte de Galiza, debe terse en conta a posibilidade de desenvolver un novo proxecto industrial estratéxico que contemple o peche do ciclo produtivo (planta de fabricación de papel e derivados) así como outros posíbeis aproveitamentos da fibra de celulosa. Este proxecto debería ser liderado pola Xunta e contar coa participación do tecido empresarial da cadea monte-madeira. Estamos a falar dunha iniciativa ambiciosa e audaz, aliñada cos criterios do Mecanismo de Recuperación, Transformación e Resiliencia e que permitiría crear centos de postos de traballo tanto na ría de Pontevedra como no novo proxecto industrial.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento insta a Xunta a:

1. Encargar ao sistema universitario galego un informe técnico xurídico sobre as posíbeis consecuencias da apertura dun procedemento de infracción contra o Estado





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

español pola falta de transparencia e concorrencia pública nos procedementos de autorizacións de concesións no dominio marítimo terrestre, e a posíbel afección a concesións do complexo mar industria alimentario galego e a instalacións industriais como a de ENCE en Lourizán.

2. Encargar ao sistema universitario galego un estudo sobre a viabilidade dun novo proxecto industrial estratéxico que contemple o peche do ciclo produtivo (planta de fabricación de papel e derivados), así como outros posíbeis aproveitamentos da fibra de celulosa; sobre as vías de financiamento deste proxecto industrial, e as alternativas de participación pública e do tecido empresarial galego, así como sobre posíbeis emprazamentos dun proxecto industrial destas características.

3. Facer valer os criterios das Directrices de Ordenación do Territorio, do Plan de Ordenación do Litoral e do anteprojecto de lei de ordenación do litoral e, en consecuencia, non defender a permanencia en terreos de dominio público marítimo terrestre de instalacións industriais sen relación co mar.”

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2023

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Manuel Lourenzo Sobral

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 20/02/2023 16:53:01

Rosana Pérez Fernández na data 20/02/2023 16:53:06

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 20/02/2023 16:53:17





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Rosana Perez Fernández** e dos deputados **Luis Bará Torres** e **Paulo Ríos Santomé**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende a aprobación do Plan de Transporte Público de Galiza, a finais do ano 2018, as promesas do Goberno galego sobre a posta en marcha dun novo modelo de transporte público que se adaptaría ás necesidades de mobilidade dos galegos e galegas alónxase cada día máis dunha realidade que amosa a diario e en calquera punto do país todo o contrario.

Nos últimos anos son centos as queixas dos usuarios e usuarias do transporte público, nomeadamente aqueles e aquelas que viaxan a través da empresa Monbus, quen ten adxudicadas a maioría das liñas de transporte de viaxeiros por estrada en Galiza.

Resulta incomprensíbel como, despois de anos de incumprimentos por parte desta concesionaria, siga a actuar a día de hoxe con total impunidade e causando un gravísimo prexuízo a miles de persoas todos os días. Mesmo despois nos casos nos que é obxecto de inspección e advertencia por parte da Xunta de Galiza, continúa facendo o que considera e non o que debe, é dicir, sumando incumprimentos que nunca teñen unha resposta contundente da Administración.

É o caso das denuncias que os veciños e veciñas de Ponte Nafonso, no concello de Outes, veñen realizando dende principios do ano 2021 a través de distintas asociacións veciñais e tamén de xeito particular.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A empresa Monbus vén incumprindo as rutas que lle foron adxudicadas na concesión XG817 ao seu paso polo lugar de Ponte Nafonso. Primeiro, cancelou unilateralmente as rutas aludindo ás obras de rehabilitación da Ponte, motivo que, non entanto, non impediu a outras empresas seguir prestando os seus servizos con normalidadeínda que outras empresas.

No mes de setembro, a Ponte Nafonso abriu o paso totalmente ao tráfico rodado, mais Monbus tampouco reanudou o servizo daquela malia que na páxina de bus.gal, da propia Xunta de Galiza, seguían publicitados os seus servizos nesa ruta.

O Servizo de Mobilidade da Xefatura Territorial da Coruña, diante das reiteradas queixas dos veciños e veciñas, comunicou, con data 21 de decembro de 2022, á empresa que debía “retomar a prestación do servizo de xeito inmediato, axustándose á configuración da oferta actual aprobada, procedendo a realizar a parada denominada A Ponte de Nafonso ...”.

A día de hoxe, a prestación dese servizo aínda non foi “retomada” e os veciños e veciñas permanecen igual, case dous anos despois.

Este xeito de actuar é absolutamente intolerábel e a Xunta de Galiza debera, cando menos, iniciar un expediente e sancionar á empresa que nin atende as súas obrigas nin tampouco os requirimentos da propia Administración. Este é, ademais, un modus operandi habitual por parte da empresa que o Goberno galego deberá investigar a fondo e proceder en consecuencia.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Obrigar á empresa Monbus a repoñer o servizo e a parada de Ponte Nafonso, no concello de Outes, sen máis dilación.

. Aperturar de inmediato o expediente correspondente respecto do incumprimento das condicións da concesión.

. Sancionar á empresa polo incumprimento existente, cando menos dende o requirimento da Xunta de Galiza de decembro de 2022.

. Levar a cabo unha investigación profunda sobre todos os incumprimentos que a empresa Monbus vén practicando sistematicamente en distintos puntos do noso país e sobre os que existen denuncias e esixirlle as responsabilidades económicas e/ou doutro tipo por non desempeñar o servizo conforme ás condicións da concesión.”

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2023

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Paulo Ríos Santomé

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 20/02/2023 17:39:18

Rosana Pérez Fernández na data 20/02/2023 17:39:24





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Paulo Ríos Santomé na data 20/02/2023 17:39:36





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputados **Rosana Pérez Fernández** e **Carmela González Iglesias** e do deputado **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Ente Público Portos de Galiza tivo, entre o 2019 e o 2021, unha media de 30 millóns de euros de ingresos anuais segundo os seus propios datos. Ao noso xuízo, cantidade máis que suficiente como para ter actualizadas as memorias ou informes anuais de xestión na súa páxina web (a última dispoñíbel é a de 2021) e tamén para que cada memoria non sexa un “corta e pega” da anterior.

Nos informes de xestión do ano 2020 e 2021, os obxectivos que se presentan para o ano seguinte son exactamente os mesmos, sen variación ningunha, o que cando menos fai dubidar da credibilidade deses obxectivos que se marcan e, evidentemente, do seu cumprimento.

Por exemplo, as “accións en seguridade portuaria, defensas, sinalización, pavimentos, control de accesos a zonas de máxima actividade, balizamento e obras de atracada”, ou a “licitación dun contrato de mantemento e pequeno investimento nas instalacións do conxunto do sistema portuario”, figuran inamovíbeis ano tras ano neses informes de xestión, mais na realidade diaria os portos galegos manteñen graves deficiencias a ese respecto, sen que Portos de Galiza corrixa situacións que, en moitos casos, levan existindo dende hai anos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Dentro dese grupo podemos encadrar claramente ao porto comercial da Pobra do Caramiñal, que xa foi obxecto de iniciativas por parte deste Grupo Parlamentar nos últimos anos e no que a situación de deterioro e desatención das instalacións portuarias non só non mellorou senón que non fai máis que empeorar.

O exemplo máis ilustrativo son as condicións completamente deplorábeis dos vestiarios dos traballadores da descarga, moi lonxe de se achegaren a un mínimo nivel de salubridade e hixiene e ao cumprimento de calquera normativa ao respecto.

Mais non só: Problemas de subministro de auga doce e inexistencia de tomas, deficiencias no alumado, norais de amarre de pequeno tamaño que teñen que compartir varios barcos e dos que se desatan os cabos con mal tempo, inexistencia de tomas de luz que provoca, entre outras cousas, que os camións frigoríficos teñan que permanecer acendidos ata que se completa a súa carga, arquetas sen tapa de rexistro, escaleiras metálicas de acceso aos barcos deterioradas, pavimento estragado, falta de organización nas zonas de aparcamento que se sitúan dentro da zona de traballo, peche da única instalación de cafetería que existía para os traballadores e traballadoras e persoal do porto por pago de taxas excesivas, lixo, moito lixo acumulado a ambas partes da esollera, en terra e, sobre todo, no mar ...

En definitiva, unhas instalacións portuarias no seu conxunto que teñen enormes deficiencias, que non facilitan a actividade e que de ningún xeito están á altura do que é un dos portos máis importantes de descarga de tñidos de toda Europa e que o seu titular, Portos de Galiza, leva anos desatendendo.

Contrastan, no entanto, con este abandono, deterioro, e falta clamorosa de limpeza, as cantidades que Portos continúa a ingresar pola actividade portuaria, cada





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

vez maiores malia á merma nos servizos e no mantemento dos mesmos, e que levan anos sen ter retorno nas propias instalacións portuarias onde se xeran.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 8ª:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a:

. Executar de xeito urxente o proxecto de construción de novos vestiarios que Portos de Galiza leva anos anunciando para o persoal da descarga do porto comercial da Pobra do Caramiñal. Mentres non se execute, acondicionar os actuais para que cumpran coa normativa de seguridade, salubridade e hixiene vixente.

. Organizar os espazos para facilitar a actividade portuaria e evitar que as zonas de traballo estean ocupadas con outros usos.

. Dotar de tomas de auga e luz as instalacións portuarias, imprescindíbeis para a actividade diaria.

. Facilitar a concesión do único local de cafetería e restauración existente no porto.

. Dotar o porto de norais acaídos ao tamaño e envergadura dos buques que alí amarran habitualmente.

. Levar a cabo todas cantas actuacións de mellora, mantemento e limpeza se precisen no porto da Pobra do Caramiñal para frear as condicións de abandono e deterioro no que se están a desenvolver as actividades portuarias na actualidade.”





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2023

Asdo.: Rosana Pérez Fernández

Carmela González Iglesias

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 21/02/2023 09:55:32

Carmela González Iglesias na data 21/02/2023 09:55:46

Daniel Castro García na data 21/02/2023 09:55:54

Ana Pontón Mondelo na data 21/02/2023 09:56:05





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Rosana Perez Fernández** e dos deputados **Manuel Lourenzo Sobral** e **Paulo Ríos Santomé**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai agora un ano este Grupo Parlamentar presentou a debate na Comisión 4ª unha iniciativa parlamentar sobre o transporte escolar nas zonas rurais do noso país, nomeadamente no concello de Outes, e sobre a redución de servizos que conlevaba a posta en marcha do novo contrato coa empresa Monbus, que entrara en vigor o 10 de xaneiro de 2022.

Denunciabamos a desaparición de autobuses escolares, e liña regular, nalgunha parroquia dese concello e poñiamos de relevo que as graves consecuencias que se derivarían das medidas tomadas non afectaban só ao ensino obrigatorio senón tamén ao alumnado do ensino posobrigatorio.

Daquela, o Grupo Parlamentario Popular non tivo en conta a nosa argumentación e posicionouse en contra da proposta. Hoxe, un ano despois, seguimos comprobando como o alumnado dos lugares de Roo, San Cosme ou O Freixo, no concello de Outes continúan a pagar moi cara a política de recortes da Xunta de Galiza e como a situación que se vén dando supón un verdadeiro agravio para o alumnado que ten como referencia os IES de Noia e non son quen de compatibilizar os horarios das clases cos do autobús.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Así, chegan con case unha hora de antelación á entrada nos IES e teñen que agardar o mesmo tempo á saída para poder empregar o transporte público véndose, ademais, privados das vantaxes da “tarxeta xove” pola falta de liñas. Os seus pais e nais están a pagar o custo completo do autobús a Noia, mentres os mozos e mozas do resto do concello de Outes pódense beneficiar do transporte escolar.

Estas limitacións non se corresponden en absoluto con ningunha política a respecto dun suposto incremento de servizos no rural da que a Xunta de Galiza fai gala habitualmente. Moi ao contrario, a falta de servizos acentúa as diferenzas de oportunidades entre os rapaces e rapazas das zonas rurais a respecto das zonas urbanas e, no caso das familias con menos recursos, cercena as posibilidades de que os seus fillos e fillas poidan estudar máis alá do ensino obrigatorio.

Malia a isto, esta problemática non é illada, ocorre tamén noutras zonas rurais do país onde a insistencia e as reclamacións presentadas durante anos polos pais e nais do alumnado fixo mudar a postura da Administración. É o caso recente da liña de autobús Camariñas-Fisterra, onde a Consellería de Infraestruturas vén de anunciar o seu reforzo para dar cobertura ao alumnado de bacharelato de Muxía que cursa estudos no Instituto de Cee.

E esta é, precisamente, a dirección na que a Xunta de Galiza debe ir para evitar que sigan deteriorándose servizos, ou desaparecendo no peor dos casos. A fixación de poboación no rural ten moito a ver cos servizos que se lle prestan, entre eles os desprazamentos en transporte público, escolar e regular, que contribúa a que os seus mozos e mozas e as persoas con menos recursos poidan gozar das mesmas posibilidades que nas zonas máis urbanas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a reforzar as liñas de autobús público Noia-Muros para adaptar os seus horarios e os do alumnado das zonas máis rurais de Outes que estuda en Noia, de xeito que non siga sendo discriminado e poida beneficiarse da “tarxeta xove” nas mesmas condicións que o pertencente ás áreas urbanas do concello.”

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2023

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Paulo Ríos Santomé

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Manuel Lourenzo Sobral

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 21/02/2023 10:31:17

Paulo Ríos Santomé na data 21/02/2023 10:31:22

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 21/02/2023 10:31:32





Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Noelia Otero Lago e Noa Díaz Varela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O cumprimento do deber constitucional de garantir a igualdade no acceso á educación require a remoción de calquera obstáculo de natureza socioeconómica que dificulte ou impida o exercicio deste dereito fundamental. Esta garantía constitucional do dereito á educación esixe que ninguén quede excluído do acceso e permanencia tamén no ensino de niveis que non sexan obrigatorios ou gratuítos por razóns socioeconómicas, para o que é preciso establecer mecanismos de exención de taxas e prezos públicos ou de compensación destes gastos a través de bolsas e axudas ao estudo. Deste xeito, pode inferirse que o Constituínte fixou a obrigaón dos poderes públicos de establecer un sistema de bolsas e axudas para garantir o dereito de todos e todas á educación.

O Goberno do Estado ten asumido nos últimos tempos un compromiso firme coa dimensión social da educación e co impulso dunha política de bolsas e axudas ao estudo que garanta que ningún estudante abandone os seus estudos post obrigatorios por motivos económicos, asegurando así a cohesión social e a igualdade de oportunidades. Neste sentido, o Goberno anunciou o seu propósito de reformar en profundidade o sistema de bolsas e axudas ao estudo. Así, xa no curso 2020-2021, implementáronse algunhas medidas de reforma do modelo consistentes na redución dos requisitos académicos, a elevación do limiar 1 de renda familiar ata case equiparalo co limiar da pobreza,





o incremento en 100 euros de determinadas contías, e algunhas melloras dirixidas aos colectivos de estudantes con necesidade específica de apoio educativo, como a inclusión na convocatoria de axudas para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo dunha parte do alumnado con trastorno do espectro autista que, ata entón, non tiña acceso a estas axudas. Ademais, incluíronse outras modificacións como a elevación ata os vinte e tres anos a idade dos fillos e fillas de vítimas de violencia de xénero para acceder ás bolsas e axudas ao estudo con maior flexibilidade nos requisitos académicos requiridos con carácter xeral.

No curso 2021-2022, tras varios exercicios de orzamentos prorrogados, incrementouse de forma moi significativa o financiamento das bolsas con cargo aos Orzamentos Xerais do Estado. En efecto, o orzamento de 2021 recolleu un incremento de 475,5 millóns de euros na dotación do programa “Bolsas e axudas a estudantes”, respecto ao último orzamento aprobado (2018) o que permitiu seguir abordando novas medidas no proceso de reforma do modelo, tales como a redución da cualificación requirida nos estudos conducentes á obtención dos denominados másteres habilitantes. Así mesmo, incrementouse a contía da bolsa básica para o alumnado de ciclos formativos de Grao Básico e incorporouse ao alumnado con trastorno grave de comunicación e da linguaxe como posibles beneficiarias e beneficiarios das axudas para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo, de acordo con o artigo 73 da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, na nova redacción dada pola Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro.

Para o curso 2022-2023, realizouse tamén un importante esforzo orzamentario, cun incremento no exercicio 2022 en 100 millóns de euros na dotación do programa “Bolsas e axudas a estudantes”. Igualmente, completouse a redución das notas esixibles para a obtención de bolsa nos estudos de Máster, que se introduciu o curso anterior, estendendo esa redución da cualificación requirida aos estudos conducentes á obtención dos Másteres non habilitantes. Pero,





ademais, nese curso 2022-2023, procedeuse á revisión dos calendarios e prazos de presentación de solicitudes e das fases do proceso de xestión das bolsas de maneira que a gran maioría das persoas solicitantes poidan coñecer, antes do comezo do curso escolar, se van resultar elixibles para a obtención de bolsa.

Para o próximo curso 2023-2024, consolídanse estas reformas descritas para os cursos anteriores. Como novidade, a Lei 31/2022, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, dotou con 200 millóns de euros un crédito orzamentario para axudas ao estudo por necesidades extraordinarias, destinado a axudar a familias cuxos fillos e fillas precisan residir fose do domicilio familiar para estudar ou teñen algunha necesidade educativa específica, para apoiarlles nos esforzos económicos adicionais que asumen, especialmente no actual contexto, cunha grave crise enerxética e o seu impacto no custo da vida.

O incremento da contía da bolsa de residencia na convocatoria anual de bolsas de carácter xeral para estudos postobligatorios, que alcanzará un importe de 2.500 euros, fronte aos 1.600 do curso anterior, está orientado a facilitar que os alumnos e alumnas poidan continuar os seus estudos nunha localidade distinta da propia, con especial incidencia en familias de contornas rurais, particularmente da España baleira, cuxos fillos e fillas teñen que desprazarse e residir noutras cidades para poder cursar estudos post obrigatorios. Isto supón un sobrecusto para elas e un factor de desigualdade entre as cidades e as áreas rurais, agravado na situación actual, que require de apoios extraordinarios para estes alumnos e alumnas.

O subsidio para gastos adicionais de carácter xeral derivados da escolarización de estudantes incluídos na convocatoria anual de axudas para alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, que terá un importe de 400 euros, xustifícase polo feito de que as familias con fillos ou fillas que teñen estas





necesidades asumen uns custos adicionais moi significativos para atender os requirimentos vitais dos seus fillos e fillas, o que, unido ás circunstancias económicas actuais, fai preciso un soporte extraordinario, que se sumará ás contías que xa figuran na referida convocatoria, resultando un incremento adicional das axudas con este subsidio.

A suba xeneralizada de prezos precisa mecanismos extraordinarios e firmes para paliar as desigualdades e o cumprimento do deber constitucional de garantir a igualdade no acceso á educación que require a remoción de calquera obstáculo de natureza socioeconómica que dificulte ou impida o exercicio deste dereito fundamental.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a habilitar unha liña extraordinaria de bolsas para o estudantado aumentando as contías das axudas previstas para este curso 2022/2023 nun contexto de empeoramento económico.

Santiago de Compostela, 21 de febreiro do 2023

Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 21/02/2023 12:25:49

Noa Susana Díaz Varela na data 21/02/2023 12:25:57





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2023 12:31:06
Nº Rexistro: 50310
Data envío: 21/02/2023 12:31:06.328

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 21/02/2023 12:26:10

CSV: BOPGDSPG-I5.WHgBrP-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

182458

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Carmen Rodríguez Dacosta, Noa Díaz Varela, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En Galicia a brecha salarial persiste, é dun 19,1 %, o que a tenor do estudo realizado polo sindicato UGT Galicia, provoca que as traballadoras galegas perciban case 5.000 euros menos ó ano. Pero é que esta brecha sobe ata o 30,4 %, se se analiza só o sector privado e o 34,5 % , no caso das mulleres que cobran pensións de xubilación.

Non obstante, dentro destes malos datos, existe unha pequena mellora que é necesario poñer en valor. A brecha baixou 2,2 puntos en relación ao 2018, é dicir, pasou do 21,28 ao 19,11 de 2020, último dato dispoñible.

O sindicato autor do informe, e este grupo parlamentario o comparte, considera que, de seguro, detrás disto están as subidas do SMI, que arrancaba ao comezo da lexislatura dos 735 euros ata os 1080 actuais (950 no 2020). E, polo tanto, agárdase que en análises posteriores, xa que o actual é ata o ano 2020, porque son os últimos datos que ofrece o INE, continúe mellorando a situación salarial das mulleres traballadoras.

Porque, non se pode esquecer, que no 2021 (últimos datos dispoñibles da AEAT) o 42,4 % das mulleres asalariadas teñen ingresos menores ou iguais ao SMI, fronte ao 29 % dos homes.





Polo tanto, hai que concluír que nestes anos estanse logrando progresos pero a desigualdade é evidente que aínda persiste. As razóns detrás da brecha salarial son múltiples e complexas, esta está relacionada con factores máis aló da propia remuneración polo mesmo traballo, aínda que este é un dos fundamentais.

As cifras e as estatísticas son claras e contundentes. A nivel comunitario, segundo os datos de Eurostat, que analiza a brecha salarial en salario/hora,ponse de manifesto que as mulleres gañan unha media dun 13 % menos que os homes.

Se se continúa coa análise da retribución por hora, a nivel do Estado, obsérvase que as mulleres galegas, con 13,78 euros hora, ocupan o quinto posto pola cola, só sofren retribucións máis baixas as de Andalucía (13,65), Canarias (13,46), Estremadura (13,33) ou Murcia (13,72).

O salario medio das mulleres galegas é de 20.446,53 euros ó ano, fronte ós 22.467,48 de media do Estado. É dicir, un 9 % menos de salario para as traballadoras galegas. Pero é que esta diferenza pode alcanzar o 24,6 % no caso de comunidades como a do País Vasco. Galicia é a sexta comunidade autónoma pola cola en retribución media anual ás mulleres, ten por abaixo a Castela e León, Valencia, Murcia, Andalucía e Estremadura.

Certo é que a brecha salarial que se rexistra nas empresas públicas é moi inferior á do sector privado, dun 6,6 %, fronte ó 30,4 %.

Por idades, en todos os tramos dáse a brecha salarial, aínda que esta é máis elevada entre os máis mozos e a partir dos 55 anos.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2023 16:30:00
Nº Rexistro: 50319
Data envío: 21/02/2023 14:15:14.945

Unha muller para percibir máis de 19.519 euros anuais precisa dunha diplomatura, mentres que un home xa percibe esta cantidade con estudos primarios.

Por ramas de actividade, en todas dáse brecha salarial. Esta é máis acusada na de “outros servizos persoais e de ocio” (29 %); “servizos ás empresas” (26,5 %); “comercio, reparación e transporte” (26,1 %); “entidades financeiras e aseguradoras” (25,6 %). Pola contra, as menores diferenzas están na “construción e actividades inmobiliarias” (9,5 %); e “servizos sociais” (16,5 %).

En canto ás pensións de xubilación, a brecha é do 34,5 %. Un dato moi significativo é que, mentres no 2002 a diferenza entre a pensión de xubilación dun home e dunha muller era de 188,48 euros, no 2022 esta elévase ós 434,22 euros. Esta cantidade vai subindo progresivamente ano tras ano. No 2021 foi de 418,89 euros.

Urxe actuar ante esta situación, e por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a poñer en marcha un plan de choque destinado a diminuír a fenda salarial existente entre as mulleres e homes de Galicia que deseñe medidas que contribúan a establecer un marco laboral de calidade no emprego feminino.

Santiago de Compostela, 21 de febreiro do 2023

Asinado dixitalmente por:

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

182461

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2023 16:30:00
Nº Rexistro: 50319
Data envío: 21/02/2023 14:15:14.945

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 21/02/2023 14:06:49

Noa Susana Díaz Varela na data 21/02/2023 14:06:58

Julio Torrado Quintela na data 21/02/2023 14:07:10

Marina Ortega Otero na data 21/02/2023 14:07:18

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 21/02/2023 14:07:31

CSV: BOPGDSPG-I5.WHgBrP-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
182462

@PSdeG



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, **Pablo Arangüena Fernández** e **Paloma Castro Rey**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 e seguintes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo figura no portal de transparencia da Xunta, a Axencia de Turismo de Galicia contratou a empresa periodística de Javier Negre en tres ocasións inmediatamente antes da partida do ex presidente da Xunta Sr. Feijóo a Madrid como máximo dirixente do PP. En concreto, formalizáronse 3 contratos (por importes de 17.995 €, 15.110 € e 16.985 €, que sumados ascenden a 50.000 € IVE incluído), sendo adxudicados o primeiro deles o 8 de abril de 2022 e os outros dous o 24 do mesmo mes, 5 días antes da dimisión do Sr. Feijóo como presidente.

Descoñécese o detalle deses contratos pero si o tipo de procedemento (ordinario) e de contrato (servizos), ademais dos conceptos que aparecen reflectidos no portal de transparencia da Xunta: creación dunha canle de noticias turísticas na televisión dixital dese medio, publicidade nesa mesma canle e promoción do Camiño e do Xacobeo 21-22. O xornalista Javier Negre, promotor da canle de YouTube afín á extrema dereita EDA TV, informou nas súas redes sociais o pasado 30 de setembro de que iniciaba o Camiño de Santiago desde A Guarda, nun chío no que citaba os perfís oficiais do Xacobeo e da Axencia de Turismo da Galicia, e os únicos contidos relacionados con eses contratos que se poden atopar buscando nas redes son unha serie de vídeos curtos feitos cun móbil e nos que o propio Negre vai relatando o seu





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2023 16:30:00
Nº Rexistro: 50328
Data envío: 21/02/2023 16:25:00.960

percorrido polo camiño, que inclúe cualificar a Abel Caballero de “alcalde chavista”.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que facilite ao Parlamento copia do expediente completo de adxudicación dos contratos formalizados en abril de 2022 coa empresa EDA Consulting TV S.L., así como un informe detallado sobre os servizos prestados como contraprestación dos 50.000 € desembolsados, incluíndo copia (no formato que se considere máis axeitado) de cada un dos contidos que foron realizados en cumprimento do contrato.

Pazo do Parlamento, 21 de febreiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 21/02/2023 13:47:12

Paloma Castro Rey na data 21/02/2023 13:47:33

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 21/02/2023 13:47:47

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
182464

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Rosana Pérez Fernández** e do deputado **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A recente autorización de Augas de Galiza á empresa Tungsten San Finx, S. L. para verter augas residuais industriais depuradas ao río Pesqueira, procedentes da explotación mineira de estaño e wolframio situada no Concello de Lousame, está a causar unha fondísima preocupación en xeral no conxunto da poboación da comarca de Muros e Noia e, en particular, no sector pesqueiro e marisqueiro da zona.

No día de onte, o propio concello de Noia acordou, por unanimidade, instar á Xunta de Galiza a recoñecer a nulidade da autorización de vertidos por carecer do preceptivo trámite de informe de avaliación do impacto ambiental. Tamén aprobou presentar recurso de alzada e solicitude de suspensión cautelar da Resolución do 1 de febreiro de Augas de Galiza e interpoñer, no caso da súa desestimación, demanda por vía contencioso-administrativa.

Este acordo é a continuación doutros tomados con anterioridade pola Corporación noiesa e por outros concellos da comarca a instancias da Confraría de Noia para tentar a paralización do proxecto de vertido e de explotación das minas de San Finx. Unha actividade que consideran incompatible coa salubridade da ría e dos bancos marisqueiros que se verían afectados polo aporte de metais pesados procedente dos vertidos de residuos industriais da empresa Tunsteng San Finx en Lousame.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A actividade pesqueira e marisqueira da ría de Noia constitúe o principal pilar económico e laboral no conxunto da comarca. Proporciona traballo directo a máis de 1.600 persoas, cantidade que se multiplica no caso dos postos de traballo indirectos que dependen dela, produce millóns de quilos anuais de bivalvos e millóns de euros en facturación.

O seu principal produto é o afamado berberecho que hoxe goza de prestixio internacional, non sen antes ter percorrido un longo camiño de esforzo e de coidados por parte dos traballadores e traballadoras do mar e das confrarías ás que pertencen.

Nese proceso, a Administración galega tivo tamén o seu concurso e colaborou ao longo dos anos con importantes recursos públicos para acadar a importante posición de mercado e de prestixio actual. Precisamente por isto chama poderosamente a atención que a Consellería do Mar non se teña pronunciado en todos estes anos a respecto das posíbeis consecuencias que poderían traer á ría de Noia os vertidos residuais industriais autorizados e o que podería significar a reapertura da actividade mineira de San Finx para o medio ambiente mariño, para a produción de peixe e marisco de primeirísima calidade, para a primeira fonte de ingresos e de postos de traballo da zona e, en definitiva, para o conxunto da actividade socioeconómica da comarca.

A Consellería do Mar, con competencias exclusivas en marisqueo, debera ser a principal garante desa riqueza e ter analizado os posíbeis riscos e ameazas que a concentración de metais pesados supoñería na cantidade e na calidade da produción pesqueira e marisqueira da ría de Noia. Mais non só, tal e como adoita facer noutros moitos casos, debería ter avaliado o impacto ambiental, económico e social que se podería provocar cos vertidos e coa actividade mineira situada a escasos quilómetros da ría.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

E esa análise tería que ser, finalmente, parte ineludíbel a considerar antes de autorizarse ningún vertido nin prever ningunha actividade desas características na zona.

A falta de valoración por parte da Consellería do Mar resulta incomprensíbel, en particular para o sector do mar e para todas aquelas persoas que vén con fonda preocupación o proceder do Goberno galego nun asunto que debера respectar escrupulosamente a legalidade vixente e que debера priorizar a actividade preexistente na ría de Muros e Noia por enriba de calquera outra.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento de Galiza insta o goberno galego a:

- Atender o acordo unánime da Corporación do Concello de Noia e recoñecer nula de pleno dereito a autorización de vertidos outorgada por Augas de Galiza o pasado 1 de febreiro á empresa mineira Tungsten San Finx, S. L., no procedemento DH. V15. 54967, por carecer do preceptivo trámite de informe de avaliación ambiental.

- Levar a cabo por parte da Consellería do Mar unha avaliación do impacto ambiental, económico e social que se podería producir no caso de non paralizarse a mencionada autorización e a reapertura da actividade mineira de San Finx na ría de Muros e Noia.”

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2023

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 21/02/2023 16:40:54

Xosé Luis Bará Torres na data 21/02/2023 16:41:06





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **María González Albert** e **Olalla Rodil Fernández** e deputado **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 1ª**, sobre as medidas que debe tomar a Xunta de Galiza para evitar a persecución e represalias ao persoal crítico coa dirección da CRTVG.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos tempos estamos a asistir con perplexidade a unha sucesión de conflitos no seo da Corporación da Radio e Televisión de Galiza que se están a traducir nunha serie de castigos exemplarizantes a distintas traballadoras e traballadores que dun xeito ou outro se teñen significado criticamente coa dirección ca CRTVG.

Esta situación está a xerar un malestar xeneralizado entre o cadro de persoal dos medios públicos do noso país que se ten trasladado tamén ao conxunto da opinión pública a través de distintas informacións en medios, notas de prensa do Comité Intercentros e mesmo distintas publicacións en RRSS e artigos de opinión.

Atopámonos, do noso punto de vista, nunha situación inédita e gravísima que ten de ser explicada pormenorizadamente pola dirección da corporación e que, máis aló de todo o demais, está a xerar unha estratexia empresarial suicida que prescinde e ningunea ás e aos mellores profesionais. Un novo tiro no pé duns medios públicos que están máis necesitados que nunca de calidade, criterio, transparencia e respecto pola audiencia que os paga.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Neste sentido, e máis aló dos dous ou tres casos máis mediáticos que podemos seguir nos medios nos últimos días, esta problemática xa se pode entender como xeneralizada. Así, baixo a escusa do “reaxuste” estamos a asistir a substitucións e intercambios incomprensíbeis de profesionais da radio á televisión e viceversa, sen o acordo dxs propixs traballadorxs; xente á que directamente se deixa de lado e se aparta do seu traballo; a situacións que activan protocolos de acoso...

Nalgúns casos concretos é moi difícil pensar nunha motivación que non sexa a represalia contra traballadores críticos coas prácticas de manipulación da CRTVG.

O Comité Intercentros ten denunciado que “se están a vulnerar todos os códigos éticos da profesión xornalística e dereitos fundamentais protexidos constitucionalmente como a cláusula de conciencia e o dereito a informar libremente, sen poderen ser represaliados ou prexudicados os e as profesionais por negarse a participaren na elaboración de informacións contrarias aos principios éticos da comunicación”.

A realidade é que se está a xerar un ambiente irrespirábel dentro da CRTVG que afecta directamente ao exercicio profesional do seu cadro de persoal e á calidade da súa programación sen que poidan contar, nin tan sequera, cun Consello de Informativos e un Estatuto Profesional que poidan defender os seus intereses tal e como establece o artigo 36 da Lei 9/2011, de 9 de novembro, dos Medios Públicos de Comunicación Audiovisual de Galiza.

Lembramos, máis unha vez, que o Estatuto Profesional tería de ser un instrumento que fortalecese a calidade, profesionalidade e independencia dos contidos informativos; mentres que o Consello de Informativos, como órgano interno de participación dxs profesionais da información da CRTVG tería que velar pola independencia, a veracidade e obxectividade dos contidos informativos difundidos en todas as súas canles. Dúas ferramentas que a dirección da Corporación ten demostrado unha e outra vez que non ten interese por implementar.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 1ª:

“O Parlamento Galego insta a Xunta de Galiza a:

- Retirar a súa confianza na dirección xeral da CRTVG ante as últimas dinámicas de persecución política a distintos membros do cadro de persoal e despois dunha sentenza condenatoria nese mesmo sentido ditada polo Tribunal Supremo no caso Carlos Jiménez.

- Iniciar unha rolda de consultas cos grupos políticos desta Cámara para principiar o proceso de renovación da dirección xeral da CRTVG dacordo co establecido na Lei 9/2011.

- Tomar as medidas necesarias para garantir o cumprimento da Lei 9/2011, de 9 de novembro, dos Medios Públicos de Comunicación Audiovisual de Galiza, principalmente no referido aos artigos que garanten os dereitos das persoas traballadoras e a súa independencia.”

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2023

Asdo.: **María González Albert**

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María González Albert na data 21/02/2023 17:55:06

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 21/02/2023 17:55:16

Olalla Rodil Fernández na data 21/02/2023 17:55:25





Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa súa deputada e do seu deputado **Leticia Gallego Sanromán e Martín Seco García**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** en **Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No Diario oficial de Galicia do 9 de febreiro de 2023 sae publicada a orde do 27 de decembro de 2022 pola que se establecen as bases de regulamento de concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións a asociacións de comerciantes sen ánimo de lucro.

No anexo das Bases reguladoras da concesión, en réxime de concorrencia non competitiva de subvencións a asociacións de comerciantes sen ánimo de lucro para a dinamización dos centros comerciais abertos en Galicia o seu artigo 3.1.b recolle:

“As asociacións de comerciantes de carácter territorial, sen ánimo de lucro, que estean legalmente constituídas e cuxo ámbito de actuación se desenvolva na Comunidade Comunidades Autónomas de Galicia, que realizan proxectos de dinamización e fomento dos centros comerciais abertos.

En todo caso, as asociacións de comerciantes deberán contar cunha antigüidade mínima tres anos desde a data de publicación desta orde e estar ao corrente do obriga de aprobar as contas anuais por parte do consello de administración nos dous últimos exercicios anteriores a esta orde de convocatoria.”





O mesmo requisito dunha antigüidade mínima de 3 anos aparecía no DOG do 27 de xuño de 2022 na orde do 7 de xuño de 2022 pola que se establecían as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións ás asociacións de comerciantes sen ánimo de lucro para a dinamización de centros comerciais abertos en Galicia no seu artigo 3.1.b.

Sen embargo, nos requisitos destas subvencións do ano 2021 non aparecía ter unha antigüidade de 3 anos para optar a estas subvención e nese mesmo ano as subvencións eran de concorrencia competitiva.

O Grupo Parlamentario Socialista solicitamos eliminar este requisito dos 3 anos, para que as asociacións e federacións de comerciantes podan acceder a estas subvencións. Ao igual que reclamamos que as subvencións sexan por concorrencia competitiva para garantir o acceso ás subvencións de todas as asociacións e federacións de comerciantes, centros comerciais abertos, mercados e prazas de abasto. Se estes dous requisitos continúan no tempo as consecuencias destas decisións da Xunta de Galicia será que moitas asociacións e federacións de comerciantes desaparecerán.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- Eliminar o requisito de 3 anos de antigüidade recollido no artigo 3.1.b da Orde do 27 de decembro de 2022 pola que se establecen as bases de regulamento de concesión de subvencións a asociacións de comerciantes sen ánimo de lucro.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2023 09:30:00
Nº Rexistro: 50362
Data envío: 21/02/2023 18:36:25.523

- Volver ao sistema de subvencións de concorrencia competitiva para asociacións e federacións de comerciantes, centros comerciais abertos, mercados e prazas de abasto para a próxima convocatoria.

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 21/02/2023 18:25:18

Martín Seco García na data 21/02/2023 18:25:34

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 21/02/2023 18:25:55

CSV: BOPGDSPG-I5.WHgBrP-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
182475

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, **Martín Seco García** e **Leticia Gallego Sanromán**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 e seguintes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 6ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Xa van máis de 20 anos que nos medios de comunicación se escoita falar da inminente construción do polígono industrial de Coristanco, pero pese a tanto anuncio do PP a día de hoxe seguimos sen ver nin unha soa parcela construída e a disposición das iniciativas empresariais que se puideran ter instalado no concello, cun Partido Popular ao fronte do Goberno local e o Goberno galego que segue a prometer a construción do parque empresarial ano tras ano, sen iniciar a construción dunha infraestrutura indispensable para o futuro de Coristanco e que evite que moitas empresas sigan abandonando o concello por carecer dun espazo acondicionado para desenvolver a súa actividade.

Pese ás oportunidades que están a xurdir nos concellos veciños do eixe A Coruña- Arteixo -Laracha- Carballo, onde teñen solo industrial á súa disposición e son un dos polos económicos máis importantes de toda Galicia no que podería estar Coristanco se houberse iniciativa e compromiso por parte do Goberno galego, dende o Grupo Parlamentario Socialista moito nos tememos que o PP volverá a usar o polígono industrial da Miñata como mero reclamo electoral, ao igual que leva facendo elección tras elección para condicionar a decisión dos veciños de cara ao próximo proceso de eleccións municipais.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2023 09:30:00
Nº Rexistro: 50370
Data envío: 21/02/2023 18:40:00.039

No ano 2019, o PP de Coristanco e o presidente da Xunta de Galicia, Núñez Feijóo anunciaban como proxecto estrela do seu programa electoral a posta en marcha do dito polígono e case rematado o mandato electoral de 2019 a 2023 vemos que esta promesa quedou en fume, algo que nos tememos que volva suceder neste vindeiro 2023, xa que pese ás promesas dadas, todos puidemos observar como o PP volveu a rexeitar ás emendas do noso grupo aos orzamentos da Xunta para 2023 que pedían aumentar ata 1 millón de euros o insuficiente orzamento da Xunta de Galicia para o dito polígono, que foi de 212.302 euros, unha cantidade surrealista para que se poida tomar en serio unha promesa do PP que segue xogando coas necesidades do tecido empresarial de Coristanco, que necesita da implicación da Administración autonómica para o avance económico-social de todo o concello.

Por outra banda, neste acto propagandista do PP de Coristanco e o Goberno galego no que presentaban o Plan para construír o dito polígono, nin tan sequera foron capaces de convocar a todo o tecido empresarial de Coristanco, xa que fixeron unha convocatoria a uns poucos empresarios que deixou a moitos empresarios e autónomos do concello sen convocar, o que demostra que ao PP só lle interesan uns poucos e non todo o tecido empresarial e social de Coristanco, cunha mostra máis da falla de transparencia e consideración de cara á veciñanza do dito concello.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que aumente o orzamento dedicado á construción do parque empresarial da Miñata en Coristanco, tal e como pedía o Grupo Socialista nas emendas aos orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2023 e que a dita infraestrutura sexa unha realidade o antes posible.

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
182477

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2023 09:30:00
Nº Rexistro: 50370
Data envío: 21/02/2023 18:40:00.039

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 21/02/2023 18:17:14

María Leticia Gallego Sanromán na data 21/02/2023 18:17:31

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 21/02/2023 18:17:42

CSV: BOPGDSPG-I5.WHgBrP-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
182478

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Olalla Rodil Fernández** e dos deputados **Daniel Pérez López** e **Manuel Lourenzo Sobral**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª**, sobre o retraso nas convocatorias das axudas de apoio á etapa predoutoral e posdoutoral 2023.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado ano 2022, como xa acontecera no anterior, a Xunta de Galiza publicou no Diario Oficial de Galiza (DOG) a convocatoria de axudas dirixidas á etapa predoutoral e posdoutoral. Porén, a piques de rematar o mes de febreiro de 2023 aínda non foron convocadas as correspondentes ao presente ano.

Esta demora nas convocatorias, xestionadas conxuntamente pola Consellaría de Educación e a de Innovación, prexudica enormemente ao persoal investigador que está a iniciar a súa carreira.

Segundo trasladaron ao Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego diversas persoas prexudicadas polo retraso da Xunta de Galiza na publicación das convocatorias levan semanas intentando reunirse con representantes da administración sen obtiren resposta algunha.

Cómpre lembrar que a carreira investigadora está inzada de pexas e resulta enormemente inestábel ao longo de toda a vida profesional polo que o retraso por parte da Xunta de Galiza das convocatorias anuais aínda agrava máis esta incerteza.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Así mesmo, as persoas que estaban en lista de agarda da convocatoria de axudas predoutorais correspondentes ao ano 2022 e que finalmente, segundo unha resolución provisional do 17 de novembro, se lles concedeu a axuda, aínda non asinaron o seu contrato predoutoral. Isto é debido á falta dunha resolución definitiva que estableza que estas persoas son beneficiarias da axuda. De novo, é inadmisibile que estas persoas non poidan contar co seu contrato formalizado tres meses despois de que se resolver oficialmente a súa condición de beneficiarias.

Para o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego esta situación na que a administración, a Xunta de Galiza, atranca unha carreira investigadora nas súas primeiras etapas por falta de planificación, é inadmisibile.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 6ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a, de maneira inmediata:

1. Publicar a resolución definitiva que permita asinar os contratos predoutorais que corresponden a persoas que quedaron en lista de agarda na convocatoria de 2022.
2. Publicar a convocatoria de axudas predoutorais e posdoutorais correspondentes a 2023.
3. Fixar un calendario estable e permanente que permita, de maneira planificada, publicar as convocatorias anuais de I+D+i no mes de xaneiro de cada ano.”

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2023





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Daniel Pérez López**

Manuel Lourenzo Sobral

Deputados do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 22/02/2023 11:41:02

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 22/02/2023 11:41:15

Olalla Rodil Fernández na data 22/02/2023 11:41:24





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2023 12:33:03
Nº Rexistro: 50389
Data envío: 22/02/2023 12:33:03.316

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, **Martín Seco García** e **Carmen Rodríguez Dacosta**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 e seguintes do Regulamento da Cámara presenta ante esa mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai poucas datas aparecía a noticia de que un mozo do concello de Culleredo que denunciaba a situación que estaba a vivir dende que puxo en marcha unha explotación agraria de horta no concello de Abegondo con todo o esforzo técnico e económico que esta posta en marcha supón.

Para a posta en marcha da dita explotación pediu as axudas para incorporación de persoas mozas que financia na súa maior parte a Unión Europea e que ten a responsabilidade de repartir a Xunta de Galicia. Atopouse coas resolucións da convocatoria correspondente á Orde do 30 de decembro do 2021 que aparecían no Diario Oficial de Galicia (DOG) que lle denegaba a este mozo e a outras 42 persoas menores de 40 anos as ditas axudas, que pese a alcanzar unha puntuación superior á do punto de corte, resultado do réxime de concorrencia competitiva establecido no artigo 1 da orde de convocatoria, é dicir, que aínda que cumpren cos baremos para acceder ás axudas, os fondos a disposición para o reparto, quedaron esgotados antes de chegar á avaliar a súa solicitude.

Este mozo, que investiu todos os seus aforros para mercar terra, maquinaria e poñer a explotación a andar, agora atópase sen axudas e sen comezar a comercializar a súa produción xa que non puido completar o proceso de alta na actividade por agardar a dita resolución das axudas xa que no caso de seren denegadas non podería volver a pedilas ata pasar seis meses dende que se dea de alta.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2023 12:33:03
Nº Rexistro: 50389
Data envío: 22/02/2023 12:33:03.316

Esta situación é especialmente grave nunha comunidade como a galega na que 6 de cada 10 persoas que se dedican á produción de alimentos estará xubilada no ano 2030, polo que non deberamos permitir que ningunha persoa moza se quedase sen o impulso da Administración para que inicie a súa actividade no noso rural.

Do mesmo xeito que sucedeu coas axudas ao mantemento e conversión á agricultura e gandería ecolóxica, dende a Consellería do Medio Rural admiten a falla de orzamento para atender a todas as solicitudes de persoas novas que solicitaron a dita axuda o que pon de manifesto a mala planificación e xestión dos fondos europeos da PAC por parte do Goberno galego.

As organizacións agrarias sinalaban que non recordan convocatorias nas que quedasen fóra das axudas mozos e mozas con intención de incorporarse ao campo, unha liña na que normalmente sobra orzamento. Do mesmo xeito tamén quedaron fóra das axudas correspondentes aos plans de mellora e tamén nas axudas ao desenvolvemento de pequenas explotacións, uns 104 gandeiros que acudiron aos chamados plans de mellora quedaron fóra, e 25 no caso das axudas ás pequena explotacións.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a aumentar o orzamento dedicado á liña de axudas para a incorporación de persoas mozas da convocatoria de decembro de 2021 que foi resolta neste mes de febreiro de 2023 e que resultou insuficiente para atender a todos os mozos e mozas que cumprían os requisitos da dita orde.

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 22/02/2023 12:24:56

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 22/02/2023 12:25:21





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2023 12:33:03
Nº Rexistro: 50389
Data envío: 22/02/2023 12:33:03.316

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 22/02/2023 12:25:39

CSV: BOPGDSPG-I5.WHgBrP-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30
71 Madrid

182484

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Eduardo Ojea Arias e Patricia Otero Rodríguez**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Constitución Española de 1978 consagra o dereito á vivenda no seu artigo 47 entre os Principios Reitores da Política Social e Económica, dentro dos Dereitos e Deberes Fundamentais, ao establecer que todos os españois teñen dereito a gozar dunha vivenda digna e adecuada e que os poderes públicos promoverán as condicións necesarias e establecerán as normas pertinentes para facer efectivo este dereito, regulando a utilización do chan de acordo co interese xeral para impedir a especulación.

A Constitución, como é evidente, non se limita a regular o contido deste dereito – gozar dunha vivenda digna e adecuada– senón que require unha actividade positiva para a súa efectividade real, cun verdadeiro mandato aos poderes públicos para que garantan a súa eficacia.

No artigo 27.3. do Estatuto de Autonomía de Galicia establécese a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de vivenda. En cumprimento do desenvolvemento desa competencia, a Xunta de Galicia establece políticas activas para dar cumprimento ao mandato constitucional.

Con respecto ás políticas activas en materia de vivenda o Goberno galego aprobou o Pacto de vivenda de Galicia 2021-2025 no que se expón a necesidade de elaborar unha programación estratéxica, que se adapte ás peculiaridades da





Que implicacións considera o goberno galego que pode ter este procedemento nas concesións do complexo mar industria alimentario e a instalacións industriais como a de ENCE en Lourizán?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En que se basea a Xunta para defender a idoneidade do emprazamento de ENCE en terreos gañados ao mar, e sen que se cumpran os criterios para a súa localización en terreos de dominio público marítimo costeiro (necesidade de acceso á lámina de auga e necesidade de captación da auga do mar)?

Como pretende o goberno galego facer compatíbeis as determinacións do Plan de Ordenación do Litoral e os criterios do anteproxecto de Lei de ordenación do litoral coa permanencia de ENCE en terreos de dominio público marítimo terrestre?

Está dacordo a Xunta co interese de encargar ao sistema universitario galego un estudo sobre a viabilidade dun novo proxecto industrial estratéxico que contemple o peche do ciclo produtivo (planta de fabricación de papel e derivados) así como outros posíbeis aproveitamentos da fibra de celulosa, sobre as alternativas de participación pública e do tecido empresarial galego nesta iniciativa así como sobre posíbeis emprazamentos dun proxecto industrial destas características?

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2023

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Rosana Pérez Fernández

Manuel Lourenzo Sobral

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 20/02/2023 16:58:29





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 20/02/2023 16:58:33

Rosana Pérez Fernández na data 20/02/2023 16:58:42





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Perez Fernández, Luis Bará Torres e Paulo Ríos Santomé, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende a aprobación do Plan de Transporte Público de Galiza, a finais do ano 2018, as promesas do Goberno galego sobre a posta en marcha dun novo modelo de transporte público que se adaptaría ás necesidades de mobilidade dos galegos e galegas alónxase cada día máis dunha realidade que amosa a diario e en calquera punto do país todo o contrario.

Nos últimos anos son centos as queixas dos usuarios e usuarias do transporte público, nomeadamente aqueles e aquelas que viaxan a través da empresa Monbus, quen ten adxudicadas a maioría das liñas de transporte de viaxeiros por estrada en Galiza.

Resulta incomprensíbel como, despois de anos de incumprimentos por parte desta concesionaria, siga a actuar a día de hoxe con total impunidade e causando un gravísimo prexuízo a miles de persoas todos os días. Mesmo despois nos casos nos que é obxecto de inspección e advertencia por parte da Xunta de Galiza, continúa facendo o que considera e non o que debe, é dicir, sumando incumprimentos que nunca teñen unha resposta contundente da Administración.

É o caso das denuncias que os veciños e veciñas de Ponte Nafonso, no concello de Outes, veñen realizando dende principios do ano 2021 a través de distintas asociacións veciñais e tamén de xeito particular.

A empresa Monbus vén incumprindo as rutas que lle foron adxudicadas na concesión XG817 ao seu paso polo lugar de Ponte Nafonso. Primeiro, cancelou





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

unilateralmente as rutas aludindo ás obras de rehabilitación da Ponte, motivo que, no entanto, non impediu a outras empresas seguir prestando os seus servizos con normalidadeínda que outras empresas.

No mes de setembro, a Ponte Nafonso abriu o paso totalmente ao tráfico rodado, mais Monbus tampouco reanudou o servizo daquela malia que na páxina de bus.gal, da propia Xunta de Galiza, seguían publicitados os seus servizos nesa ruta.

O Servizo de Mobilidade da Xefatura Territorial da Coruña, diante das reiteradas queixas dos veciños e veciñas, comunicou, con data 21 de decembro de 2022, á empresa que debía “retomar a prestación do servizo de xeito inmediato, axustándose á configuración da oferta actual aprobada, procedendo a realizar a parada denominada A Ponte de Nafonso ...”.

A día de hoxe, a prestación dese servizo aínda non foi “retomada” e os veciños e veciñas permanecen igual, case dous anos despois.

Este xeito de actuar é absolutamente intolerábel e a Xunta de Galiza debera, cando menos, iniciar un expediente e sancionar á empresa que nin atende as súas obrigas nin tampouco os requirimentos da propia Administración. Este é, ademais, un modus operandi habitual por parte da empresa que o Goberno galego deberá investigar a fondo e proceder en consecuencia.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

. Que valoración fai o Goberno galego do cumprimento da empresa Monbus das condicións da concesión de transporte público de viaxeiros por estrada en Galiza?

. Que explicación pode dar a Xunta de Galiza sobre as múltiples denuncias e queixas de usuarios e usuarias desa empresa de transporte público?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. De que xeito ten actuado diante desas queixas e/ou denuncias? Abriu algún expediente? De ser así, con que resultado?

. No caso das queixas dos veciños e veciñas de Ponte Nafonso, no concello de Outes, que medidas vai a tomar para que a empresa Monbus retome o servizo de xeito inmediato, tal e como se lle requiriu en decembro de 2022?

. Que medidas vai a tomar por ter incumplido as condicións do servizo dende o ano 2021? Cales despois de seguilas incumprindo despois do requirimento da Administración?

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2023

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Luis Bará Torres

Paulo Ríos Santomé

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 20/02/2023 17:48:36

Xosé Luis Bará Torres na data 20/02/2023 17:48:39

Rosana Pérez Fernández na data 20/02/2023 17:48:48





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carmela González Iglesias e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Ente Público Portos de Galiza tivo, entre o 2019 e o 2021, unha media de 30 millóns de euros de ingresos anuais segundo os seus propios datos. Ao noso xuízo, cantidade máis que suficiente como para ter actualizadas as memorias ou informes anuais de xestión na súa páxina web (a última dispoñíbel é a de 2021) e tamén para que cada memoria non sexa un “corta e pega” da anterior.

Nos informes de xestión do ano 2020 e 2021, os obxectivos que se presentan para o ano seguinte son exactamente os mesmos, sen variación ningunha, o que cando menos fai dubidar da credibilidade deses obxectivos que se marcan e, evidentemente, do seu cumprimento.

Por exemplo, as “accións en seguridade portuaria, defensas, sinalización, pavimentos, control de accesos a zonas de máxima actividade, balizamento e obras de atracada”, ou a “licitación dun contrato de mantemento e pequeno investimento nas instalacións do conxunto do sistema portuario”, figuran inamovíbeis ano tras ano neses informes de xestión, mais na realidade diaria os portos galegos manteñen graves deficiencias a ese respecto, sen que Portos de Galiza corrixa situacións que, en moitos casos, levan existindo dende hai anos.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Dentro dese grupo podemos encadrar claramente ao porto comercial da Pobra do Caramiñal, que xa foi obxecto de iniciativas por parte deste Grupo Parlamentar nos últimos anos e no que a situación de deterioro e desatención das instalacións portuarias non só non mellorou senón que non fai máis que empeorar.

O exemplo máis ilustrativo son as condicións completamente deplorábeis dos vestiarios dos traballadores da descarga, moi lonxe de se achegaren a un mínimo nivel de salubridade e hixiene e ao cumprimento de calquera normativa ao respecto.

Mais non só: Problemas de subministro de auga doce e inexistencia de tomas, deficiencias no alumeadado, norais de amarre de pequeno tamaño que teñen que compartir varios barcos e dos que se desatan os cabos con mal tempo, inexistencia de tomas de luz que provoca, entre outras cousas, que os camións frigoríficos teñan que permanecer acendidos ata que se completa a súa carga, arquetas sen tapa de rexistro, escaleiras metálicas de acceso aos barcos deterioradas, pavimento estragado, falta de organización nas zonas de aparcamento que se sitúan dentro da zona de traballo, peche da única instalación de cafetería que existía para os traballadores e traballadoras e persoal do porto por pago de taxas excesivas, lixo, moito lixo acumulado a ambas partes da esollera, en terra e, sobre todo, no mar ...

En definitiva, unhas instalacións portuarias no seu conxunto que teñen enormes deficiencias, que non facilitan a actividade e que de ningún xeito están á altura do que é un dos portos máis importantes de descarga de tñidos de toda Europa e que o seu titular, Portos de Galiza, leva anos desatendendo.

Contrastan, no entanto, con este abandono, deterioro, e falta clamorosa de limpeza, as cantidades que Portos continúa a ingresar pola actividade portuaria, cada



vez maiores malia á merma nos servizos e no mantemento dos mesmos, e que levan anos sen ter retorno nas propias instalacións portuarias onde se xeran.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

. Que valoración fai o Goberno galego da dotación, mantemento e limpeza dos portos dependentes de Portos de Galiza, nomeadamente do porto comercial da Pobra do Caramiñal?

. Cando se realizaron os últimos investimentos do Ente Público en mellora, mantemento e limpeza desas instalacións portuarias? A que cantidade ascenderon? Foron suficientes para impedir que o seu deterioro siga avanzando?

. Por que motivo aínda non executou Portos de Galiza a construción dos novos vestiarios para o persoal da descarga que leva anos anunciando? Cando os vai levar a cabo? É consciente da situación de inseguridade, insalubridade e falta de hixiene na que están na actualidade?

. Por que razón non existen no porto da Pobra tomas de auga e luz nin tampouco norais acaídos aos buques que alí atracan? Ten previsto Portos de Galiza realizar algunha actuación de mellora nese sentido? Cando?

. Considera que os espazos portuarios, tal e como están organizados, contribúen a facilitar o desenvolvemento da actividade principal? Vai tomar medidas a este respecto?





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Cal é o motivo polo que o único local de cafetería e restauración que funcionaba, pechase definitivamente hai máis de tres meses? Que medidas vai poñer en marcha para facilitar a súa reapertura?

. Cales son as previsións do Goberno galego sobre a posta en marcha de actuacións concretas para frear as condicións de abandono no que se atopan as instalacións do porto comercial da Pobra do Caramiñal?

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2023

Asdo.: Rosana Pérez Fernández

Carmela González Iglesias

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 21/02/2023 10:04:42

Carmela González Iglesias na data 21/02/2023 10:04:46

Rosana Pérez Fernández na data 21/02/2023 10:04:54





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Perez Fernández, Luis Bará Torres e Paulo Ríos Santomé, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai agora un ano este Grupo Parlamentar presentou a debate na Comisión 4ª unha iniciativa parlamentar sobre o transporte escolar nas zonas rurais do noso país, nomeadamente no concello de Outes, e sobre a redución de servizos que conlevaba a posta en marcha do novo contrato coa empresa Monbus, que entrara en vigor o 10 de xaneiro de 2022.

Denunciabamos a desaparición de autobuses escolares, e liña regular, nalgunha parroquia dese concello e poñiamos de relevo que as graves consecuencias que se derivarían das medidas tomadas non afectaban só ao ensino obrigatorio senón tamén ao alumnado do ensino posobrigatorio.

Daquela, o Grupo Parlamentario Popular non tivo en conta a nosa argumentación e posicionouse en contra da proposta. Hoxe, un ano despois, seguimos comprobando como o alumnado dos lugares de Roo, San Cosme ou O Freixo, no concello de Outes continúan a pagar moi cara a política de recortes da Xunta de Galiza e como a situación que se vén dando supón un verdadeiro agravio para o alumnado que ten como referencia os IES de Noia e non son quen de compatibilizar os horarios das clases cos do autobús.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Así, chegan con case unha hora de antelación á entrada nos IES e teñen que agardar o mesmo tempo á saída para poder empregar o transporte público véndose, ademais, privados das vantaxes da “tarxeta xove” pola falta de liñas. Os seus pais e nais están a pagar o custo completo do autobús a Noia, mentres os mozos e mozas do resto do concello de Outes pódense beneficiar do transporte escolar.

Estas limitacións non se corresponden en absoluto con ningunha política a respecto dun suposto incremento de servizos no rural da que a Xunta de Galiza fai gala habitualmente. Moi ao contrario, a falta de servizos acentúa as diferenzas de oportunidades entre os rapaces e rapazas das zonas rurais a respecto das zonas urbanas e, no caso das familias con menos recursos, cercena as posibilidades de que os seus fillos e fillas poidan estudar máis alá do ensino obrigatorio.

Malia a isto, esta problemática non é illada, ocorre tamén noutras zonas rurais do país onde a insistencia e as reclamacións presentadas durante anos polos pais e nais do alumnado fixo mudar a postura da Administración. É o caso recente da liña de autobús Camariñas-Fisterra, onde a Consellería de Infraestruturas vén de anunciar o seu reforzo para dar cobertura ao alumnado de bacharelato de Muxía que cursa estudos no Instituto de Cee.

E esta é, precisamente, a dirección na que a Xunta de Galiza debe ir para evitar que sigan deteriorándose servizos, ou desaparecendo no peor dos casos. A fixación de poboación no rural ten moito a ver cos servizos que se lle prestan, entre eles os desprazamentos en transporte público, escolar e regular, que contribúa a que os seus mozos e mozas e as persoas con menos recursos poidan gozar das mesmas posibilidades que nas zonas máis urbanas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

- . Que valoración fai o Goberno galego do funcionamento do transporte escolar e regular nas zonas rurais do noso país, nomeadamente no concello de Outes?
- . Considera que o alumnado de ensino posobrigatorio dos lugares de Roo, San Cosme ou O Freixo que estuda en Noia ten os mesmos dereitos que o que reside nas zonas máis urbanas do concello de Outes?
- . Considera que ese alumnado e as súas familias están sendo discriminados por razón do seu lugar de residencia? De non ser así, a que atribúe que teñan que facerse cargo do custo completo dos seus desprazamentos aos IES de Noia e non poidan utilizar a “tarxeta xove”?
- . Que actuacións vai desenvolver, e cando, para evitar que continúe a situación actual e o alumnado mencionado poda conciliar o horario dos autobuses co da súa entrada e saída aos IES de Noia e poida utilizar a “tarxeta xove”?

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2023

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Manuel Lourenzo Sobral

Paulo Ríos Santomé

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Paulo Ríos Santomé na data 21/02/2023 10:40:04

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 21/02/2023 10:40:07

Rosana Pérez Fernández na data 21/02/2023 10:40:16





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carmela González Iglesias e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Goberno de España pretende implantar unha serie de medidas encamiñadas a mellorar as condicións hixiénico-sanitarias da operativa de descarga de túnidos enteiros conxelados a granel. Con este obxecto mantivo varias reunións co sector afectado: Importadores, estibadores, conserveiros e transportistas.

Entres as medidas a levar a cabo, e que afectan aos distintos operadores que interveñen na loxística e manipulación do peixe, hai algunhas verdadeiramente chamativas e difíciles de efectivizar nun país como o noso, como por exemplo evitar descargas cando o vento sopra cunha intensidade elevada para evitar a aceleración da desconxelación da mercadoría ou evitar descargar con chuvia.

Outras, traerían consigo unha serie de consecuencias que terían unha importante incidencia naqueles sectores e zonas onde a descarga de túnidos e a industria conserveira é unha actividade económica fundamental, como por exemplo o transporte dos túnidos conxelados a granel dende os buques frigoríficos a calquera destino en vehículos frigoríficos pechados e a temperatura regulada.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Concordando con que é fundamental manter a cadea de frío dos produtos pesqueiros destinados á alimentación humana e que cómpre tomar todas as medidas necesarias para que así sexa, é necesario tamén establecer un período temporal suficiente para a adaptación das empresas implicadas na operativa de descarga e transporte dos túnidos conxelados, sobre todo para facilitar a continuidade da súa viabilidade.

O prazo que inicialmente se estableceu para a finalización do transporte de túnidos conxelados a granel en vehículos abertos era o 1 de xaneiro deste ano, data que finalmente se pospuxo á espera de realizar novas reunións cos afectados.

Un dos portos máis afectados en Galiza por estas medidas sería o da Pobra do Caramiñal, que desenvolve principalmente actividade relacionada coa descarga de mercadorías, sobre todo de túnidos. A afectación abranguería non só ao sector do transporte, senón tamén ás empresas consignatarias relacionadas coa descarga e requiriría de fortes investimentos pola súa parte para seguir sendo competitivas.

Os afectados xa falan de repercusións negativas nas súas propias empresas e na actividade do propio porto da Pobra. Unha actividade que xa se vén vendo mermada nos últimos anos, tal e como recollen os datos de Portos de Galiza que sitúa nun total de 85.394 Tn. o nivel de descargas no ano 2021 e que era tan só 5 anos antes, no 2016, de 120.000 Tn.

É evidente que a industria conserveira que se concentra na Pobra do Caramiñal e en toda a comarca da Barbanza, que proporciona á súa vez miles de postos de traballo na zona, é principal destinataria dos túnidos conxelados descargados no porto da Pobra e, polo tanto, potencial afectada tamén de medidas que non se deseñen contemplando todas as consecuencias e derivadas que poderían supoñer.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A confluencia de todas estas circunstancias está a causar unha gran preocupación nos sectores principalmente afectados pero, en xeral, no conxunto da poboación da zona polas implicacións económicas e laborais que xa están a significar.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

. Que valoración fai a Xunta de Galiza das medidas hixiénico-sanitarias que pretende implantar o Goberno do Estado a respecto das condicións hixiénico-sanitarias da operativa de descarga de túnidos enteiros conxelados a granel?

. Que valoración fai, nomeadamente, da referida ao transporte de túnidos conxelados dende os buques frigoríficos a calquera destino en vehículos frigoríficos pechados e a temperatura regulada?

. Ten coñecemento das razóns que levaron a aprazar a entrada en vigor desa medida, que estaba prevista para o 1 de xaneiro deste ano?

. Ten feito algún estudo e/ou estimación de como podería afectar a efectivización desa medida na actividade portuaria do porto comercial da Pobra do Caramiñal? E de que implicacións económicas e laborais podería ter nesa localidade e na comarca da Barbanza?

. Ten levado ou vai levar a cabo algunha actuación ao respecto?

. Considera a posibilidade de propoñer medidas alternativas que non resulten tan onerosas para os sectores e industrias afectadas e que permitan manter o nivel de actividade do porto da Pobra?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Cales son as razóns ás que atribúe o Goberno galego o descenso progresivo de tráfico portuario e de descarga de mercadorías no porto da Pobra nos últimos anos? Considera que as instalacións portuarias das que é titular Portos de Galiza na localidade dispoñen de todos os servizos e do mantemento axeitado como para seguir sendo referencia nesa actividade?

. Que actuacións levou a cabo Portos de Galiza nos últimos anos para tratar de reverter o descenso da actividade portuaria que se vén dando na Pobra do Caramiñal?

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2023

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Carmela González Iglesias

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 21/02/2023 11:46:02

Carmela González Iglesias na data 21/02/2023 11:46:06





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Rosana Pérez Fernández na data 21/02/2023 11:46:13





Á MESA DO PARLAMENTO

Noelia Otero Lago e Noa Díaz Varela, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte interpelación.

O cumprimento do deber constitucional de garantir a igualdade no acceso á educación require a remoción de calquera obstáculo de natureza socioeconómica que dificulte ou impida o exercicio deste dereito fundamental. Esta garantía constitucional do dereito á educación esixe que ninguén quede excluído do acceso e permanencia tamén no ensino de niveis que non sexan obrigatorios ou gratuítos por razóns socioeconómicas, para o que é preciso establecer mecanismos de exención de taxas e prezos públicos ou de compensación destes gastos a través de bolsas e axudas ao estudo. Deste xeito, pode inferirse que o Constituínte fixou a obrigación dos poderes públicos de establecer un sistema de bolsas e axudas para garantir o dereito de todos e todas á educación.

O Goberno do Estado ten asumido nos últimos tempos un compromiso firme coa dimensión social da educación e co impulso dunha política de bolsas e axudas ao estudo que garanta que ningún estudante abandone os seus estudos post obrigatorios por motivos económicos, asegurando así a cohesión social e a igualdade de oportunidades. Neste sentido, o Goberno anunciou o seu propósito de reformar en profundidade o sistema de bolsas e axudas ao estudo. Así, xa no curso 2020-2021, implementáronse algunhas medidas de reforma do modelo consistentes na redución dos requisitos académicos, a elevación do limiar 1 de renda familiar ata case equiparalo co limiar da pobreza, o incremento en 100 euros de determinadas contías, e algunhas melloras dirixidas aos colectivos de estudantes con necesidade específica de apoio educativo, como a inclusión na convocatoria de axudas para o alumnado con





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2023 12:31:17
Nº Rexistro: 50311
Data envío: 21/02/2023 12:31:17.625

necesidade específica de apoio educativo dunha parte do alumnado con trastorno do espectro autista que, ata entón, non tiña acceso a estas axudas. Ademais, incluíronse outras modificacións como a elevación ata os vinte e tres anos a idade dos fillos e fillas de vítimas de violencia de xénero para acceder ás bolsas e axudas ao estudo con maior flexibilidade nos requisitos académicos requiridos con carácter xeral.

No curso 2021-2022, tras varios exercicios de orzamentos prorrogados, incrementouse de forma moi significativa o financiamento das bolsas con cargo aos Orzamentos Xerais do Estado. En efecto, o orzamento de 2021 recolleu un incremento de 475,5 millóns de euros na dotación do programa “Bolsas e axudas a estudantes”, respecto ao último orzamento aprobado (2018) o que permitiu seguir abordando novas medidas no proceso de reforma do modelo, tales como a redución da cualificación requirida nos estudos conducentes á obtención dos denominados másteres habilitantes. Así mesmo, incrementouse a contía da bolsa básica para o alumnado de ciclos formativos de Grao Básico e incorporouse ao alumnado con trastorno grave de comunicación e da linguaxe como posibles beneficiarias e beneficiarios das axudas para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo, de acordo con o artigo 73 da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, na nova redacción dada pola Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro.

Para o curso 2022-2023, realizouse tamén un importante esforzo orzamentario, cun incremento no exercicio 2022 en 100 millóns de euros na dotación do programa “Bolsas e axudas a estudantes”. Igualmente, completouse a redución das notas esixibles para a obtención de bolsa nos estudos de Máster, que se introduciu o curso anterior, estendendo esa redución da cualificación requirida aos estudos conducentes á obtención dos Másteres non habilitantes. Pero, ademais, nese curso 2022-2023, procedeuse á revisión dos calendarios e prazos de presentación de solicitudes e das fases do proceso de xestión das bolsas de maneira que a gran maioría das persoas solicitantes poidan coñecer,

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

182577

@PSdeG





antes do comezo do curso escolar, se van resultar elixibles para a obtención de bolsa.

Para o próximo curso 2023-2024, consolídanse estas reformas descritas para os cursos anteriores. Como novidade, a Lei 31/2022, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, dotou con 200 millóns de euros un crédito orzamentario para axudas ao estudo por necesidades extraordinarias, destinado a axudar a familias cuxos fillos e fillas precisan residir fose do domicilio familiar para estudar ou teñen algunha necesidade educativa específica, para apoiarlles nos esforzos económicos adicionais que asumen, especialmente no actual contexto, cunha grave crise enerxética e o seu impacto no custo da vida.

O incremento da contía da bolsa de residencia na convocatoria anual de bolsas de carácter xeral para estudos postobligatorios, que alcanzará un importe de 2.500 euros, fronte aos 1.600 do curso anterior, está orientado a facilitar que os alumnos e alumnas poidan continuar os seus estudos nunha localidade distinta da propia, con especial incidencia en familias de contornas rurais, particularmente da España baleira, cuxos fillos e fillas teñen que desprazarse e residir noutras cidades para poder cursar estudos post obrigatorios. Isto supón un sobrecusto para elas e un factor de desigualdade entre as cidades e as áreas rurais, agravado na situación actual, que require de apoios extraordinarios para estes alumnos e alumnas.

O subsidio para gastos adicionais de carácter xeral derivados da escolarización de estudantes incluídos na convocatoria anual de axudas para alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, que terá un importe de 400 euros, xustifícase polo feito de que as familias con fillos ou fillas que teñen estas necesidades asumen uns custos adicionais moi significativos para atender os requirimentos vitais dos seus fillos e fillas, o que, unido ás circunstancias económicas actuais, fai preciso un soporte extraordinario, que se sumará ás





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2023 12:31:17
Nº Rexistro: 50311
Data envío: 21/02/2023 12:31:17.625

contías que xa figuran na referida convocatoria, resultando un incremento adicional das axudas con este subsidio.

A suba xeneralizada de prezos precisa mecanismos extraordinarios e firmes para paliar as desigualdades e o cumprimento do deber constitucional de garantir a igualdade no acceso á educación que require a remoción de calquera obstáculo de natureza socioeconómica que dificulte ou impida o exercicio deste dereito fundamental.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

Ten previsto a Xunta de Galicia a posta en marcha dalgunha medida ou mecanismo extraordinario no marco das súas competencias para reforzar e aumentar as bolsas para o estudantado galego neste contexto de aumento de prezos e dificultade económica tal e como está a facer o Goberno do Estado?

Santiago de Compostela, 21 de febreiro do 2023

Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 21/02/2023 12:24:52

Noa Susana Díaz Varela na data 21/02/2023 12:25:01

CSV: BOPGDSPG-I5.WHgBrP-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
182579

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Rodríguez Dacosta, Noa Díaz Varela, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

En Galicia a brecha salarial persiste, é dun 19,1 %, o que a tenor do estudo realizado polo sindicato UGT Galicia, provoca que as traballadoras galegas perciban case 5.000 euros menos ó ano. Pero é que esta brecha sobe ata o 30,4 %, se se analiza só o sector privado e o 34,5 % , no caso das mulleres que cobran pensións de xubilación.

Non obstante, dentro destes malos datos, existe unha pequena mellora que é necesario poñer en valor. A brecha baixou 2,2 puntos en relación ao 2018, é dicir, pasou do 21,28 ao 19,11 de 2020, último dato dispoñible.

O sindicato autor do informe, e este grupo parlamentario o comparte, considera que, de seguro, detrás disto están as subidas do SMI, que arrancaba ao comezo da lexislatura dos 735 euros ata os 1080 actuais (950 no 2020). E, polo tanto, agárdase que en análises posteriores, xa que o actual é ata o ano 2020, porque son os últimos datos que ofrece o INE, continúe mellorando a situación salarial das mulleres traballadoras.

Porque, non se pode esquecer, que no 2021 (últimos datos dispoñibles da AEAT) o 42,4 % das mulleres asalariadas teñen ingresos menores ou iguais ao SMI, fronte ao 29 % dos homes.

Polo tanto, hai que concluír que nestes anos estanse logrando progresos pero a desigualdade é evidente que aínda persiste. As razóns detrás da brecha salarial





son múltiples e complexas, esta está relacionada con factores máis aló da propia remuneración polo mesmo traballo, aínda que este é un dos fundamentais.

As cifras e as estatísticas son claras e contundentes. A nivel comunitario, segundo os datos de Eurostat, que analiza a brecha salarial en salario/hora,ponse de manifesto que as mulleres gañan unha media dun 13 % menos que os homes.

Se se continúa coa análise da retribución por hora, a nivel do Estado, obsérvase que as mulleres galegas, con 13,78 euros hora, ocupan o quinto posto pola cola, só sofren retribucións máis baixas as de Andalucía (13,65), Canarias (13,46), Extremadura (13,33) ou Murcia (13,72).

O salario medio das mulleres galegas é de 20.446,53 euros ó ano, fronte ós 22.467,48 de media do Estado. É dicir, un 9 % menos de salario para as traballadoras galegas. Pero é que esta diferenza pode alcanzar o 24,6 % no caso de comunidades como a do País Vasco. Galicia é a sexta comunidade autónoma pola cola en retribución media anual ás mulleres, ten por abaixo a Castela e León, Valencia, Murcia, Andalucía e Extremadura.

Certo é que a brecha salarial que se rexistra nas empresas públicas é moi inferior á do sector privado, dun 6,6 %, fronte ó 30,4 %.

Por idades, en todos os tramos dáse a brecha salarial, aínda que esta é máis elevada entre os máis mozos e a partir dos 55 anos.

Unha muller para percibir máis de 19.519 euros anuais precisa dunha diplomatura, mentres que un home xa percibe esta cantidade con estudos primarios.





Por ramas de actividade, en todas dáse brecha salarial. Esta é máis acusada na de “outros servizos persoais e de ocio” (29 %); “servizos ás empresas” (26,5 %); “comercio, reparación e transporte” (26,1 %); “entidades financeiras e aseguradoras” (25,6 %). Pola contra, as menores diferenzas están na “construción e actividades inmobiliarias” (9,5 %); e “servizos sociais” (16,5 %).

En canto ás pensións de xubilación, a brecha é do 34,5 %. Un dato moi significativo é que, mentres no 2002 a diferenza entre a pensión de xubilación dun home e dunha muller era de 188,48 euros, no 2022 esta elévase ós 434,22 euros. Esta cantidade vai subindo progresivamente ano tras ano. No 2021 foi de 418,89 euros.

Urxe actuar ante esta situación, e por iso as deputadas e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Cal é a diagnose que fai Goberno galego sobre a fenda salarial entre mulleres e homes, en particular de que as mulleres galegas de media perciban 5.000 euros de salario menos ao ano que os homes?
2. Que pensa o Goberno galego sobre a fenda salarial referida ás pensións de xubilación?
3. Que valoración realiza o Goberno galego de que unha muller para percibir máis de 19.519 euros anuais precisa dunha diplomatura, mentres que un homes xa percibe esta cantidade con estudos primarios?
4. Cal é a razón de que as mulleres galegas perciben un salario medio similar ó que cobraban os homes hai 13 anos e a cantidade que deixan de percibir nun ano achégase aos 2.500 millóns de euros?
5. Que medidas de choque vai implantar o Goberno galego na loita contra a fenda salarial?

Santiago de Compostela, 21 de febreiro do 2023





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2023 16:30:00
Nº Rexistro: 50320
Data envío: 21/02/2023 14:15:25.664

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 21/02/2023 14:04:26

Noa Susana Díaz Varela na data 21/02/2023 14:05:52

Julio Torrado Quintela na data 21/02/2023 14:06:02

Marina Ortega Otero na data 21/02/2023 14:06:12

CSV: BOPGDSPG-I5.WHgBrP-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**
182583

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Pablo Arangüena Fernández e **Paloma Castro Rey**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **interpelación**.

Segundo figura no portal de transparencia da Xunta, a Axencia de Turismo de Galicia contratou a empresa periodística de Javier Negre en tres ocasións inmediatamente antes da partida do ex presidente da Xunta Sr. Feijóo a Madrid como máximo dirixente do PP. En concreto, formalizáronse 3 contratos (por importes de 17.995 €, 15.110 € e 16.985 €, que sumados ascenden a 50.000 € IVE incluído), sendo adxudicados o primeiro deles o 8 de abril de 2022 e os outros dous o 24 do mesmo mes, 5 días antes da dimisión do Sr. Feijóo como presidente.

Descoñécese o detalle deses contratos pero si o tipo de procedemento (ordinario) e de contrato (servizos), ademais dos conceptos que aparecen reflectidos no portal de transparencia da Xunta: creación dunha canle de noticias turísticas na televisión dixital dese medio, publicidade nesa mesma canle e promoción do Camiño e do Xacobeo 21-22. O xornalista Javier Negre, promotor da canle de YouTube afín á extrema dereita EDA TV, informou nas súas redes sociais o pasado 30 de setembro de que iniciaba o Camiño de Santiago desde A Guarda, nun chío no que citaba os perfís oficiais do Xacobeo e da Axencia de Turismo da Galicia, e os únicos contidos relacionados con eses contratos que se poden atopar buscando nas redes son unha serie de vídeos curtos feitos cun móbil e nos que o propio Negre vai relatando o seu percorrido polo camiño, que inclúe cualificar a Abel Caballero de “alcalde chavista”.





Por iso, o deputado e a deputada que asinan, interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1ª) Fraccionou o Goberno galego a través da Axencia Galega de Turismo, cando dependía da Vicepresidencia Primeira do Sr. Rueda (concretamente en abril de 2022) tres contratos para adxudicarlos a dedo á empresa do Sr. Negre sen cumprir os requisitos da normativa de contratación dada a evidente relación e identidade de obxecto entre eses contratos?

2ª) Considera o Goberno galego que o Sr. Negre é un prescriptor axeitado dos valores humanistas e espirituais do Camiño de Santiago?

3ª) Que criterios tivo en conta o Goberno galego para adxudicar eses contratos a un medio marxinal e carente de reputación periodística en detrimento doutros?

4ª) Por que adxudicou o Goberno galego eses contratos días antes da dimisión do Sr. Feijóo como presidente da Xunta para liderar o PP a nivel estatal?

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2023





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/02/2023 16:30:00
Nº Rexistro: 50324
Data envío: 21/02/2023 16:17:48.304

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 21/02/2023 13:46:21

Paloma Castro Rey na data 21/02/2023 13:46:38

CSV: BOPGDSPG-I5.WHgBrP-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
182586

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A recente autorización de Augas de Galiza á empresa Tungsten San Finx, S. L. para verter augas residuais industriais depuradas ao río Pesqueira, procedentes da explotación mineira de estaño e wolframio situada no Concello de Lousame, está a causar unha fondísima preocupación en xeral no conxunto da poboación da comarca de Muros e Noia e, en particular, no sector pesqueiro e marisqueiro da zona.

No día de onte, o propio concello de Noia acordou, por unanimidade, instar á Xunta de Galiza a recoñecer a nulidade da autorización de vertidos por carecer do preceptivo trámite de informe de avaliación do impacto ambiental. Tamén aprobou presentar recurso de alzada e solicitude de suspensión cautelar da Resolución do 1 de febreiro de Augas de Galiza e interpoñer, no caso da súa desestimación, demanda por vía contencioso-administrativa.

Este acordo é a continuación doutros tomados con anterioridade pola Corporación noiesa e por outros concellos da comarca a instancias da Confraría de Noia para tentar a paralización do proxecto de vertido e de explotación das minas de San Finx. Unha actividade que consideran incompatible coa salubridade da ría e dos bancos marisqueiros que se verían afectados polo aporte de metais pesados procedente dos vertidos de residuos industriais da empresa Tunsteng San Finx en Lousame.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A actividade pesqueira e marisqueira da ría de Noia constitúe o principal pilar económico e laboral no conxunto da comarca. Proporciona traballo directo a máis de 1.600 persoas, cantidade que se multiplica no caso dos postos de traballo indirectos que dependen dela, produce millóns de quilos anuais de bivalvos e millóns de euros en facturación.

O seu principal produto é o afamado berberecho que hoxe goza de prestixio internacional, non sen antes ter percorrido un longo camiño de esforzo e de coidados por parte dos traballadores e traballadoras do mar e das confrarías ás que pertencen.

Nese proceso, a Administración galega tivo tamén o seu concurso e colaborou ao longo dos anos con importantes recursos públicos para acadar a importante posición de mercado e de prestixio actual. Precisamente por isto chama poderosamente a atención que a Consellería do Mar non se teña pronunciado en todos estes anos a respecto das posíbeis consecuencias que poderían traer á ría de Noia os vertidos residuais industriais autorizados e o que podería significar a reapertura da actividade mineira de San Finx para o medio ambiente mariño, para a produción de peixe e marisco de primeirísima calidade, para a primeira fonte de ingresos e de postos de traballo da zona e, en definitiva, para o conxunto da actividade socioeconómica da comarca.

A Consellería do Mar, con competencias exclusivas en marisqueo, debera ser a principal garante desa riqueza e ter analizado os posíbeis riscos e ameazas que a concentración de metais pesados supoñería na cantidade e na calidade da produción pesqueira e marisqueira da ría de Noia. Mais non só, tal e como adoita facer noutros moitos casos, debería ter avaliado o impacto ambiental, económico e social que se podería provocar cos vertidos e coa actividade mineira situada a escasos quilómetros da ría.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

E esa análise tería que ser, finalmente, parte ineludíbel a considerar antes de autorizarse ningún vertido nin prever ningunha actividade desas características na zona.

A falta de valoración por parte da Consellería do Mar resulta incomprensíbel, en particular para o sector do mar e para todas aquelas persoas que vén con fonda preocupación o proceder do Goberno galego nun asunto que debера respectar escrupulosamente a legalidade vixente e que debера priorizar a actividade preexistente na ría de Muros e Noia por enriba de calquera outra.

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

. Que valoración fai o Goberno galego, nomeadamente a Consellería do Mar, da decisión de Augas de Galiza de autorizar vertidos residuais industriais depurados, procedentes da explotación mineira de San Finx, ao río Pesqueira?

. Considera que eses vertidos e a posíbel reapertura da actividade mineira en Lousame son compatíbeis coa salubridade da ría de Noia e co mantemento da actividade e da produción pesqueira e marisqueira da mesma? De ser así, en que datos se basea?

. Considera necesario que exista unha avaliación do impacto ambiental, económico e social que podería ter esa autorización e a reapertura da mina sobre a ría de Noia?

. Vai levar a cabo a Consellería do Mar, a quen compete en exclusiva o marisqueo nas rías galegas, esa avaliación?

. Vai atender o Goberno galego o acordo unánime da Corporación do Concello de Noia tomado no día de onte? De non ser así, por que razóns?

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2023





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Luis Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 21/02/2023 16:48:16

Rosana Pérez Fernández na data 21/02/2023 16:48:21





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María González Albert, Olalla Rodil Fernández e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre as medidas que debe tomar a Xunta de Galiza para evitar a persecución e represalias ao persoal crítico coa dirección da CRTVG.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos tempos estamos a asistir con perplexidade a unha sucesión de conflitos no seo da Corporación da Radio e Televisión de Galiza que se están a traducir nunha serie de castigos exemplarizantes a distintas traballadoras e traballadores que dun xeito ou outro se teñen significado criticamente coa dirección ca CRTVG.

Esta situación está a xerar un malestar xeneralizado entre o cadro de persoal dos medios públicos do noso país que se ten trasladado tamén ao conxunto da opinión pública a través de distintas informacións en medios, notas de prensa do Comité Intercentros e mesmo distintas publicacións en RRSS e artigos de opinión.

Atopámonos, do noso punto de vista, nunha situación inédita e gravísima que ten de ser explicada pormenorizadamente pola dirección da corporación e que, máis aló de todo o demais, está a xerar unha estratexia empresarial suicida que prescinde e ningunea ás e aos mellores profesionais. Un novo tiro no pé duns medios públicos que están máis necesitados que nunca de calidade, criterio, transparencia e respecto pola audiencia que os paga.

Neste sentido, e máis aló dos dous ou tres casos máis mediáticos que podemos seguir nos medios nos últimos días, esta problemática xa se pode entender como





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

xeneralizada. Así, baixo a escusa do “reaxuste” estamos a asistir a substitucións e intercambios incomprensíbeis de profesionais da radio á televisión e viceversa, sen o acordo dxs propixs traballadorxs; xente á que directamente se deixa de lado e se aparta do seu traballo; a situacións que activan protocolos de acoso...

Nalgúns casos concretos é moi difícil pensar nunha motivación que non sexa a represalia contra traballadores críticos coas prácticas de manipulación da CRTVG.

O Comité Intercentros ten denunciado que “se están a vulnerar todos os códigos éticos da profesión xornalística e dereitos fundamentais protexidos constitucionalmente como a cláusula de conciencia e o dereito a informar libremente, sen poderen ser represaliados ou prexudicados os e as profesionais por negarse a participaren na elaboración de informacións contrarias aos principios éticos da comunicación”.

A realidade é que se está a xerar un ambiente irrespirábel dentro da CRTVG que afecta directamente ao exercicio profesional do seu cadro de persoal e á calidade da súa programación sen que poidan contar, nin tan sequera, cun Consello de Informativos e un Estatuto Profesional que poidan defender os seus intereses tal e como establece o artigo 36 da Lei 9/2011, de 9 de novembro, dos Medios Públicos de Comunicación Audiovisual de Galiza.

Lembramos, máis unha vez, que o Estatuto Profesional tería de ser un instrumento que fortalecese a calidade, profesionalidade e independencia dos contidos informativos; mentres que o Consello de Informativos, como órgano interno de participación dxs profesionais da información da CRTVG tería que velar pola independencia, a veracidade e obxectividade dos contidos informativos difundidos en todas as súas canles. Dúas ferramentas que a dirección da Corporación ten demostrado unha e outra vez que non ten interese por implementar.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

- Que valoración fai do incumprimento continuado da Lei 9/2011, de 9 de novembro, dos Medios Públicos de Comunicación Audiovisual de Galiza?
- Que medidas van poñer en práctica para compensar a indefensión ante a que se atopan as e os profesionais relevados das súas funcións e que non contan coas ferramentas que lles garantía a Lei?
- Baixo que criterios de eficiencia empresarial e calidade informativa se están a producir os traslados de profesionais con décadas de experiencia na radio cara a televisión e viceversa?
- Como explica as últimas denuncias que activaron protocolos de acoso de distintos traballadores?
- Vai asumir algunha responsabilidade por este novo deterioro da imaxe pública da CRTVG?
- Pensan cumprir coa lexislación e levar adiante a renovación da dirección xeral da CRTVG?

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2023

Asdo.: **María González Albert**

Olalla Rodil Fernández

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputadas e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María González Albert na data 21/02/2023 17:50:16

Olalla Rodil Fernández na data 21/02/2023 17:50:20

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 21/02/2023 17:50:30





Á MESA DO PARLAMENTO

Leticia Gallego Sanromán e **Martín Seco García**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

No Diario oficial de Galicia do 9 de febreiro de 2023 sae publicada a orde do 27 de decembro de 2022 pola que se establecen as bases de regulamento de concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións a asociacións de comerciantes sen ánimo de lucro.

No anexo das Bases reguladoras da concesión, en réxime de concorrencia non competitiva de subvencións a asociacións de comerciantes sen ánimo de lucro para a dinamización dos centros comerciais abertos en Galicia o seu artigo 3.1.b recolle:

“As asociacións de comerciantes de carácter territorial, sen ánimo de lucro, que estean legalmente constituídas e cuxo ámbito de actuación se desenvolva na Comunidade Comunidades Autónomas de Galicia, que realizan proxectos de dinamización e fomento dos centros comerciais abertos.

En todo caso, as asociacións de comerciantes deberán contar cunha antigüidade mínima tres anos desde a data de publicación desta orde e estar ao corrente do obriga de aprobar as contas anuais por parte do consello de administración nos dous últimos exercicios anteriores a esta orde de convocatoria.”

O mesmo requisito dunha antigüidade mínima de 3 anos aparecía no DOG do 27 de xuño de 2022 na orde do 7 de xuño de 2022 pola que se establecían as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de





subvencións ás asociacións de comerciantes sen ánimo de lucro para a dinamización de centros comerciais abertos en Galicia no seu artigo 3.1.b.

Sen embargo, nos requisitos destas subvencións do ano 2021 non aparecía ter unha antigüidade de 3 anos para optar a estas subvención e nese mesmo ano as subvencións eran de concorrencia competitiva.

O Grupo Parlamentario Socialista solicitamos eliminar este requisito dos 3 anos, para que as asociacións e federacións de comerciantes podan acceder a estas subvencións. Ao igual que reclamamos que as subvencións sexan por concorrencia competitiva para garantir o acceso ás subvencións de todas as asociacións e federacións de comerciantes, centros comerciais abertos, mercados e prazas de abasto. Se estes dous requisitos continúan no tempo as consecuencias destas decisións da Xunta de Galicia será que moitas asociacións e federacións de comerciantes desaparecerán.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Cales son os motivos polos que a Xunta de Galicia introduciu o requisito de 3 anos de antigüidade para acceder as subvencións de federación e asociacións de comerciantes sen ánimo de lucro?
2. Por que no 2021 a Xunta non tiña ese requisito de 3 anos de antigüidade para acceder as subvencións de federación e asociacións de comerciantes sen ánimo de lucro?
3. Vai a Xunta de Galicia a continuar co sistema e subvencións de concorrencia non competitiva para asociacións e federacións de comerciantes, centros comerciais abertos, mercados e prazas de abasto?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2023 09:30:00
Nº Rexistro: 50363
Data envío: 21/02/2023 18:37:14.960

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 21/02/2023 18:21:11

Martín Seco García na data 21/02/2023 18:24:12

CSV: BOPGDSPG-I5.WHgBrP-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
182597

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Daniel Pérez López e Manuel Lourenzo Sobral, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre o retraso nas convocatorias das axudas de apoio á etapa predoutoral e posdoutoral 2023.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado ano 2022, como xa acontecera no anterior, a Xunta de Galiza publicou no Diario Oficial de Galiza (DOG) a convocatoria de axudas dirixidas á etapa predoutoral e posdoutoral. Porén, a piques de rematar o mes de febreiro de 2023 aínda non foron convocadas as correspondentes ao presente ano.

Esta demora nas convocatorias, xestionadas conxuntamente pola Consellaría de Educación e a de Innovación, prexudica enormemente ao persoal investigador que está a iniciar a súa carreira.

Segundo trasladaron ao Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego diversas persoas prexudicadas polo retraso da Xunta de Galiza na publicación das convocatorias levan semanas intentando reunirse con representantes da administración sen obtiren resposta algunha.

Cómpre lembrar que a carreira investigadora está inzada de pexas e resulta enormemente inestábel ao longo de toda a vida profesional polo que o retraso por parte da Xunta de Galiza das convocatorias anuais aínda agrava máis esta incerteza.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Así mesmo, as persoas que estaban en lista de agarda da convocatoria de axudas predoutorais correspondentes ao ano 2022 e que finalmente, segundo unha resolución provisional do 17 de novembro, se lles concedeu a axuda, aínda non asinaron o seu contrato predoutoral. Isto é debido á falta dunha resolución definitiva que estableza que estas persoas son beneficiarias da axuda. De novo, é inadmisibile que estas persoas non poidan contar co seu contrato formalizado tres meses despois de que se resolver oficialmente a súa condición de beneficiarias.

Para o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego esta situación na que a administración, a Xunta de Galiza, atranca unha carreira investigadora nas súas primeiras etapas por falta de planificación, é inadmisibile.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

- Por que non publicou aínda a Xunta de Galiza as convocatorias das axudas predoutorais e posdoutorais de 2023?
- Cando vai publicalas?
- Por que non resolveu aínda a formalización de contratos predoutorais correspondentes ás persoas que estaban en lista de agarda en 2022?
- Cando se van asinar eses contratos?
- Pensa a Xunta de Galiza planificar as publicacións destas convocatorias anuais a través dun calendario claro e estábel que perdure no tempo?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2023

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Daniel Pérez López

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 22/02/2023 11:50:05

Daniel Pérez López na data 22/02/2023 11:50:10

Olalla Rodil Fernández na data 22/02/2023 11:50:23





Á MESA DO PARLAMENTO

Martín Seco García e Carmen Rodríguez Dacosta, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara presentan ante esa mesa a seguinte **interpelación**.

Hai poucas datas aparecía a noticia de que un mozo do concello de Culleredo que denunciaba a situación que estaba a vivir dende que puxo en marcha unha explotación agraria de horta no concello de Abegondo con todo o esforzo técnico e económico que esta posta en marcha supón.

Para a posta en marcha da dita explotación pediu as axudas para incorporación de persoas mozas que financia na súa maior parte a Unión Europea e que ten a responsabilidade de repartir a Xunta de Galicia. Atopouse coas resolucións da convocatoria correspondente á Orde do 30 de decembro do 2021 que aparecían no Diario Oficial de Galicia (DOG) que lle denegaba a este mozo e a outras 42 persoas menores de 40 anos as ditas axudas, que pese a alcanzar unha puntuación superior á do punto de corte, resultado do réxime de concorrencia competitiva establecido no artigo 1 da orde de convocatoria, é dicir, que aínda que cumpren cos baremos para acceder ás axudas, os fondos a disposición para o reparto, quedaron esgotados antes de chegar á avaliar a súa solicitude.

Este mozo, que investiu todos os seus aforros para mercar terra, maquinaria e poñer a explotación a andar, agora atópase sen axudas e sen comezar a comercializar a súa produción xa que non puido completar o proceso de alta na actividade por agardar a dita resolución das axudas xa que no caso de seren denegadas non podería volver a pedilas ata pasar seis meses dende que se dea de alta.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2023 12:35:51
Nº Rexistro: 50391
Data envío: 22/02/2023 12:35:51.988

Esta situación é especialmente grave nunha comunidade como a galega na que 6 de cada 10 persoas que se dedican á produción de alimentos estará xubilada no ano 2030, polo que non deberamos permitir que ningunha persoa moza se quedase sen o impulso da Administración para que inicie a súa actividade no noso rural.

Do mesmo xeito que sucedeu coas axudas ao mantemento e conversión á agricultura e gandería ecolóxica, dende a Consellería do Medio Rural admiten a falla de orzamento para atender a todas as solicitudes de persoas novas que solicitaron a dita axuda o que pon de manifesto a mala planificación e xestión dos fondos europeos da PAC por parte do Goberno galego.

As organizacións agrarias sinalaban que non recordan convocatorias nas que quedasen fóra das axudas mozos e mozas con intención de incorporarse ao campo, unha liña na que normalmente sobra orzamento. Do mesmo xeito tamén quedaron fóra das axudas correspondentes aos plans de mellora e tamén nas axudas ao desenvolvemento de pequenas explotacións, uns 104 gandeiros que acudiron aos chamados plans de mellora quedaron fóra, e 25 no caso das axudas ás pequena explotacións.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan, interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Vai o Goberno galego corrixir a insuficiencia orzamentaria na orde de axudas para a incorporación de persoas mozas resolta en febreiro de 2023 e que deixou sen axudas a solicitantes que cumprían cos requisitos establecidos?
2. Que explicación nos pode dar o Goberno galego sobre o que pasou nesta convocatoria que, por primeira vez, deixa a mozos e mozas que desexan incorporarse á actividade agraria sen axudas?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2023 12:35:51
Nº Registro: 50391
Data envío: 22/02/2023 12:35:51.988

3. Que está a pasar na Consellería do Medio Rural coa planificación e xestión das axudas da PAC, despois do sucedido coas axudas ao sector ecolóxico e agora coas incorporacións de xente moza?

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 22/02/2023 12:28:52

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 22/02/2023 12:29:07

CSV: BOPGDSPG-I5.WHgBrP-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30
182603

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Eduardo Ojea Arias e **Patricia Otero Rodríguez**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

A Constitución Española de 1978 consagra o dereito á vivenda no seu artigo 47 entre os Principios Reitores da Política Social e Económica, dentro dos Dereitos e Deberes Fundamentais, ao establecer que todos os españois teñen dereito a gozar dunha vivenda digna e adecuada e que os poderes públicos promoverán as condicións necesarias e establecerán as normas pertinentes para facer efectivo este dereito, regulando a utilización do chan de acordo co interese xeral para impedir a especulación.

A Constitución, como é evidente, non se limita a regular o contido deste dereito – gozar dunha vivenda digna e adecuada– senón que require unha actividade positiva para a súa efectividade real, cun verdadeiro mandato aos poderes públicos para que garantan a súa eficacia.

No artigo 27.3. do Estatuto de Autonomía de Galicia establécese a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de vivenda. En cumprimento do desenvolvemento desa competencia, a Xunta de Galicia establece políticas activas para dar cumprimento ao mandato constitucional.

Con respecto ás políticas activas en materia de vivenda o Goberno galego aprobou o Pacto de vivenda de Galicia 2021-2025 no que se expón a necesidade de elaborar unha programación estratéxica, que se adapte ás peculiaridades da nosa comunidade e constitúa unha guía de orientación das actuacións futuras do Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS), na que se definan as directrices básicas da política de vivenda e solo na Comunidade Autónoma e que se





materializará en función das dispoñibilidades orzamentarias existentes en cada exercicio e a través do desenvolvemento normativo que sexa preciso.

Este plan identifica catro liñas estratéxicas, que son as seguintes:

- Liña estratéxica A.- Acceso á vivenda
- Liña estratéxica B.- Rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas
- Liña estratéxica C.- Solo residencial
- Liña estratéxica D.- Outras medidas en materia de vivenda e rehabilitación

E para cada unha delas, articula unha serie de eixes que se despregan en programas e accións concretas.

O certo é que este plan, a diferenza do anterior Plan galego de rehabilitación, aluguer e mellora de acceso á vivenda 2015-2020 (coñecido como Plan RehaVita) non prevé indicadores de seguimento nin os seus valores asociados, o que o sitúa nun limbo de inconcreción que ampara calquera desenvolvemento por parte da Xunta de Galicia por errático ou ineficiente que sexa.

O anterior supón un erro dende o punto de vista máis elemental de desenvolvemento de políticas públicas ao descoñecer, por non estar explicitados, os aspectos e valores concretos que se pretenden acadar o que impide levar a cabo a avaliación de implementación, avaliación esta de acreditada conveniencia, posto que é a que permite coñecer a adecuación práctica do marco teórico e efectuar, de ser necesario, as modificacións necesarias cando se constate que a aplicación práctica non se corresponde cos obxectivos que se pretenden acadar.

Un dos escasos, por no dicir o único, elementos que se concretan é o relativo ao orzamento do ano 2021 para o desenvolvemento do plan, no que se establecen as seguintes cantidades:

- para a liña estratéxica acceso á vivenda, 28.133.296,00 €





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2023 13:30:03
Nº Rexistro: 50398
Data envío: 22/02/2023 13:30:03.581

- para a liña estratéxica rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas, 35.462.189,00 €
- para a liña estratéxica solo residencial, 8.370.000,00 €
- para a liña estratéxica outras medidas, 640.279,64 €

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Cales foron as cantidades executadas nos anos 2021 e 2022 en cada unha das liñas estratéxicas previstas no Pacto de vivenda de Galicia 2021-2025?
2. Cales foron os fondos recibidos pola Xunta de Galicia procedentes da Administración Xeral do Estado para as finalidades previstas nesas liñas estratéxicas?
3. Cal foi o nivel de execución dos anteriores fondos?
4. Cales foron os fondos propios da Xunta de Galicia destinados ás finalidades previstas nesas liñas estratéxicas?
5. Que valoración fai o Goberno galego do desenvolvemento do Pacto de vivenda de Galicia 2021-2025 , logo de transcorridos dous dos cinco anos previstos para a súa vixencia?
6. Considera que se debe levar a cabo algunha reformulación do dito plan ou que é necesario reforzar o traballo nalgún dos programas que o compoñen e accións previstas nesas programas?

Santiago de Compostela, 22 de febreiro do 2023

Asinado dixitalmente por:

Eduardo Ojea Arias na data 22/02/2023 13:18:59

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
182606

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2023 13:30:03
Nº Rexistro: 50398
Data envío: 22/02/2023 13:30:03.581

Patricia Otero Rodríguez na data 22/02/2023 13:19:07

CSV: BOPGDSPG-I5.WHgBrP-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
182607

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2023 17:35:47
Nº Rexistro: 50420
Data envío: 22/02/2023 17:35:47.862

Á MESA DO PARLAMENTO

Noelia Otero Lago, Eduardo Ojea Arias, Julio Torrado Quintela, Patricia Otero Rodríguez e Marina Ortega Otero, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Son moitas as ocasións e iniciativas impulsadas desde o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia arredor da preocupante radiografía da mocidade galega en canto ás dificultades que padece á hora de se independizar.

Na actualidade, o aumento dos prezos medios do alugueiro, a suba das hipotecas ou a perda de poder adquisitivo inciden negativamente no esforzo económico que unha persoa nova ten que asumir se quere iniciar ou manter un proxecto de vida independente. Esta incapacidade para acceder a unha vivenda ten consecuencias sociais e económicas e afecta directamente ademais ás esperanzas de atallar a fonda crise demográfica que padece a nosa comunidade. Unha mocidade empobrecida mesmo traballando, con máis de 250.000 galegas e galegos en idade de vivir con independencia pero que non pode facelo. Segundo datos do INE, xa antes da actual crise de prezos, un de cada tres galegos e galegas de entre 18 e 34 anos tiña que vivir cos seus pais e nais aínda contando cun traballo remunerado durante todo o ano. É dicir que anteriormente a este contexto xa había preto de 100.000 mozas e mozos traballadores que non se podían independizar aínda contando cun salario durante todo o ano porque non lles alcanzaba para pagar un alugueiro. Os baixos salarios e o encarecemento da vivenda nas cidades eran un lastre antes e agora son unha auténtica agonía.

A pesar de que a conselleira responsable de vivenda, Ángeles Vázquez, recoñecía a problemática e a necesidade de “traballar” para mellorar os datos de emancipación, Galicia non conta nin contempla a posta en marcha, requirida en numerosas ocasións por este grupo parlamentario, cun plan ou estratexia galega

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
182608

@PSdeG





de emancipación. As e os socialistas galegos consideramos capital que desde a Xunta de Galicia se atenda sen máis dilación a situación da mocidade con medidas concretas e planificadas que complementen as axudas xa contempladas desde o Goberno do Estado como o Bono Alugueiro Mozo ou as partidas enmarcadas dentro do Plan Estatal de Vivenda enfocadas cara as e os máis novos.

No País Vasco, veñen de anunciar por exemplo a posta en marcha da Estratexia Vasca 2030 para favorecer a emancipación xuvenil enmarcada a conquistar o adiamento na idade de emancipación como obxectivo estratéxico e unha prioridade de primeira orde. Así, a Estratexia Vasca 2030 para favorecer a emancipación xuvenil ten como obxectivo reducir a idade media de emancipación aos 28 anos en 2030 e aumentar a taxa de emancipación a través de 10 proxectos tractores e 26 iniciativas complementarias, estruturados en 5 ámbitos: emprego, vivenda, renda, cohesión e resiliencia.

Nos estamos a xogar o futuro do país e non podemos perder un minuto máis sen prestar atención ás dificultades socio económicas que padece a nosa mocidade, urxen medidas efectivas, transversais e o máis amplo consenso arredor deste asunto.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

Ante o recoñecemento por parte da conselleira de Vivenda da problemática arredor dos datos de emancipación da mocidade galega e nun contexto de aumento de prezos xeneralizado, de crise demográfica e perda de peso poboacional de xente nova, pensa impulsar o goberno da Xunta de Galicia algún plan ou estratexia específica para mellorar os datos e favorecer un proxecto de vida independente e digno da nosa mocidade?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2023 17:35:47
Nº Rexistro: 50420
Data envío: 22/02/2023 17:35:47.862

Santiago de Compostela, 21 de febreiro do 2023

Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 22/02/2023 17:12:16

Eduardo Ojea Arias na data 22/02/2023 17:12:26

Julio Torrado Quintela na data 22/02/2023 17:12:35

Patricia Otero Rodríguez na data 22/02/2023 17:12:44

Marina Ortega Otero na data 22/02/2023 17:13:00

CSV: BOPGDSPG-I5.WHgBrP-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
182610

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Mercedes Queixas Zas, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre o xacemento arqueolóxico do Castro Valente e os proxectos industriais que o ameazan.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS


1. Castro Valente é un xacemento arqueolóxico de grande interese situado na parroquia de Carcacía (Padrón), que pervive na microtoponimia local coa denominación de A Cerca. Os estudos e intervencións do proxecto de investigación “Castelos no aire. As fortalezas como símbolo do poder aristocrático na Gallaecia (400-600 e.c.)”, do dr Mario Fernández-Pereiro financiado pola Deputación da Coruña; e do proxecto “Territorio e poder monástico na Idade Media. Unha aproximación comparativa (TERPOMED)”, do dr José Carlos Sánchez Pardo, financiado pola consellaría de Cultura da Xunta, poñen de relevo a existencia dun recinto fortificado de grande tamaño e monumentalidade.

A relevancia deste conxunto xa foi sinalada por diversos investigadores como Murguía e López Ferreiro no século XIX e J.C. Rodríguez no ano 1913. Grazas a estes autores contamos con descrições que do perímetro, o sistema defensivo, os accesos e o control visual desde o recinto amurallado.

Tamén existen estudos máis modernos -das primeiras décadas do século XXI- sobre o asentamento, que está catalogado no Servizo de Arqueoloxía da Xunta: Carballo Arceo, Xulio (1990): Ficha de catalogación: Castro Valente. Rodríguez Fernández e



Filgueiras Rei (1994): Ficha de catalogación; Castro Valente. Vázquez Liz (2002).
Ficha de catalogación: Castro Valente).



Emprazamento e ámbito de protección do Castro Valente (Plan Básico Autonómico)

2. As investigacións e prospeccións recentes dirixidas por Mario Fernández Pereiro e José Carlos Sánchez Pardo confirman a relevancia e interese do xacemento, unha peza clave para o coñecemento da evolución do territorio da Gallaecia entre finais da época romana e a Alta Idade Media. Un dos aspectos máis destacados da fortificación é o seu emprazamento en altura e o control visual sobre a Depresión Meridiana e o Val do Ulla.







Figura 5
Vista MDT desde el noreste del yacimiento del Castro Valente



Figura 6
Detalle de la masonería en el sector noreste del Castro Valente



O estudo publicado recentemente polos citados investigadores “Buscando un castillo medieval entre la vegetación. El caso de Castro Valente (Padrón, Galicia), *Cuadernos de Arqueología de la Universidad de Navarra*, (2022) pon de relevo diversas agresións e ameazas para o enclave. Entre as agresións cítanse a construción de pistas e infraestruturas cortalumes, as repoboacións forestais e a proliferación de especies arbóreas invasoras (principalmente acacia). Entre as ameazadas cómpre destacar o proxecto do parque eólico Castro Valente, promovido por Iberdrola, e a LAT de 220 kW dobre circuío Lousame Tibo, que prevé a colocación de 6 torres na ladeira noroeste, oeste e sur do monte, tal como se reflicte nas seguintes imaxes



Proxecto de parque eólico Castro Valente (en tramitación)






Figura 4

Izquierda: Localización del Parque eólico en el mapa de sombreados (Fuente: INEGA).
Derecha: trazado proyectado de la línea eléctrica (Fuente: Propio proyecto)

3. O pasado mes de novembro de 2022 a Dirección Xeral de Calidade Ambiental da Xunta fixo pública a Declaración de Impacto Ambiental (DIA) favorábel do parque eólico Castro Valente, promovido por Iberdrola, que ten as seguintes características: 18 MW de potencia total situado nos concellos de Padrón, A Estrada, Valga e Pontecesures, composto por tres aeroxeradores de 6MW e a súa infraestrutura asociada (vieiros de acceso e servizo, plataformas de montaxe, gavias de cableado, estación meteorolóxica e unha subestación) que se localizarían dentro da poligonal do parque. Na DIA non se fai referencia á liña de evacuación da enerxía producida polo parque, que tamén debería incluírse na avaliación ambiental do proxecto.

Do contido da DIA cabe salientar os seguintes elementos de interese

-A Dirección Xeral de Patrimonio Cultural informa favorabelmente o parque eólico Castro Valente dacordo coas propostas do Anexo núm 2 (Addenda memoria do





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

estudo sobre o patrimonio cultural, abril de 2022), establecendo unha serie de condicionantes nos que non se fai referencia ao xacemento de Castro Valente e ao seu perímetro de protección.

No informe da DXPC faise referencia á inclusión nas medidas compensatorias dun proxecto de mellora ambiental e paisaxística do adro da igrexa de Santa María de Herbón, que procure a corrección dos impactos existentes e mitigue o impacto visual (sic) dos aeroxeradores sobre este Ben de Interese Cultural. Resulta difícil de entender cales poden ser estes elementos de mitigación, como non sexa crear algún tipo de barreira que elimine a conexión visual entre a igrexa e o monte. E chama a atención que se propoñan estas medidas no caso da igrexa e non se teña en conta o impacto visual no recinto fortificado.

Tamén chama a atención que non se avalíe o impacto das infraestruras do parque (vias de acceso para o transporte de aeroxeradores de 6 MW, explanacións, gaviás...) sobre a contorna do Castro e que se pospoña esta avaliación para a fase previa ao inicio das obras.

O Instituto de Estudos do Territorio fai referencia ao impacto visual no Castro Valente. Indica que “non é un impacto crítico, sen prexuízo do que determine, no seu caso, o órgano competente en materia de patrimonio cultural”. O problema é que o órgano con competencias en materia cultural non di nada sobre o xacemento, se nos atemos ao contido da DIA.

Con respecto ao patrimonio natural, a DIA inclúe unha medida realmente estrambótica: a proposta de construción “dunha charca adecuada unha vez finalizada a fase de construción, para a reprodución de varias especies de anfibios detectados pola zona”. Proponse que logo de realizar actuacións que causarán un forte impacto en especies ameazadas se constrúa unha charca artificial para protexer os anfibios que sobreviván.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4. Na DIA faise referencia á documentación presentada pola empresa ao longo da tramitación do proxecto, que non foi sometida a información pública nin a consulta dos concellos (abril e novembro de 2022). E hai informes sectoriais que se fixeron sobre versións iniciais do proxecto, polo que carecen de validez.

Segundo se indica na páxina 8, “A localización dos aeroxeradores e demais infraestrutura asociada ao parque eólico será a que se recolle no plano número 1 da “Addenda ao estudo de impacto ambiental do proxecto de implantación do parque eólico de Castro Valente en abril de 2022”. Tendo en conta os cambios realizados no proxecto, non é posíbel coñecer a localización definitiva de aeroxeradores, viais, explanacións, gaviás e construcións.

Na DIA non consta a avaliación dos efectos sinérxicos e acumulativos de diferentes proxectos enerxéticos previstos na contorna, entre eles a liña de evacuación do parque e a LAT Lousame Tibo- Esta carencia constitúe unha grave irregularidade que pon en cuestión a validez do trámite de avaliación ambiental.

Por todo o exposto fórmase a seguinte interpelación:

. Por que razón a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural non avaliou o impacto das infraestruturas dos parques eólicos nos xacemento arqueolóxicos catalogados pola Xunta, como por exemplo sucede en Castro Valente?

. Considera o goberno galego que é compatíbel a construción dun parque eólico e das infraestruturas asociadas coa investigación e posta en valor do enclave de Castro Valente?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Tendo en conta que un dos valores principais da fortificación é o control visual do territorio, que medidas ten previsto adoptar a Xunta para garantir a protección visual e paisaxística do enclave?

. Ten previsto a Xunta impulsar e financiar un proxecto para a investigación, prospección, conservación e divulgación do xacemento arqueolóxico de Castro Valente?

Santiago de Compostela, 23 de febreiro de 2023

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Mercedes Queixas Zas

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 23/02/2023 13:15:02

María Montserrat Prado Cores na data 23/02/2023 13:15:06

Mercedes Queixas Zas na data 23/02/2023 13:15:15

Xosé Luis Bará Torres na data 23/02/2023 13:15:26



Á MESA DO PARLAMENTO

Noelia Otero Lago e **Noa Díaz Varela**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

A educación é un dereito básico e tal e como recolle a Constitución “gratuíto” pero en Galicia esta máxima non é unha realidade cando o gasto en libros e material supón un esforzo económico elevadísimo e en moitos casos inasimilable. O artigo 27.4 da Constitución española establece que “O ensino básico é obrigatorio e gratuíto” e a favor de incluír os materiais curriculares obrigatorios, os libros de texto, se teñen pronunciado todo tipo de institucións e colectivos como O Defensor do Pobo , O Consello Escolar do Estado, ANPA e sindicatos. O presidente do PP, Alberto Núñez Feijóo reclamaba no comezo do actual curso escolar ao Goberno do Estado a ampliación do fondo estatal para a axuda na compra de libros de texto ata os 100 millóns. Un suposto interese polas familias que afrontan un difícil inicio de curso que choca de maneira frontal coas políticas que vén aplicando o PP ao fronte da Xunta de Galicia nestes últimos anos. Cómpre lembrar, que no ano 2009 coa chegada do señor Feijóo á presidencia da Xunta decidiu acabar co sistema de préstamo universal de libros de texto que viña funcionando tras ser implantado polo goberno presidido polo socialista Emilio Pérez Touriño.

Dende aquela e tal e como o Grupo Socialista vén denunciando de xeito incansable, as familias galegas padecen un sistema de axudas parciais aplicado polo PP ineficaz e insuficiente. Nun contexto económico especialmente delicado, o Grupo Socialista insiste na súa demanda de recuperar de inmediato a gratuidade universal dos libros de texto e material. O actual sistema mostrouse claramente insuficiente nos últimos cursos escolares, cando os requisitos esixidos para poder ter dereito á gratuidade de libros de





texto exclúe a numerosas familias cuxas condicións económicas víronse ademais deterioradas pola pandemia mundial do coronavirus Covid19 ou polo incremento de prezos neste curso. Na actualidade o sistema de "Banco de Libros" co modelo de préstamo e reutilización está difundido en case todas as Comunidades Autónomas e son xa moi poucas as que manteñen o modelo de bolsa ou axuda económica para adquisición de libros. Baixo este modelo está a implantarse paulatinamente a gratuidade para as familias, o que segundo distintos estudos supón o aforro de entre 200 e 300 euros por alumno ou alumna. As Comunidades de Andalucía, Comunidade Valenciana, Estremadura, Madrid e Navarra contan cun programa de gratuidade dos libros de texto nas etapas do ensino obrigatorio para todo o alumnado establecido por lei, e por tanto converténdoo nun dereito. Igualmente, este programa de gratuidade de libros de texto está a implantarse paulatinamente desde o curso 2018-2019 na Ríoxa finalizando no presente curso 2022-2023 conforme ao establecido na Orde EDC/13/2021, do 29 de marzo, pola que se modifica a Orde EDU/39/2018, do 20 de xuño, pola que se regula o programa de gratuidade de libros de texto e as axudas destinadas a financiar a adquisición de libros de texto, nos centros sostidos con fondos públicos que impartan ensinos de carácter obrigatorio no ámbito territorial da Comunidade Autónoma da Ríoxa, na redacción dada á mesma pola Orde EDC/40/2020, do 15 de xullo. Deste xeito, progresivamente, e dependendo das decisións de cada Comunidade Autónoma, vaise cumprindo o mandato constitucional sobre a gratuidade do ensino en España.

Na nosa Comunidade Autónoma cabe lembrar que a reivindicación da gratuidade dos libros de texto foi constante por parte do PSdeG-PSOE, e neste contexto, as familias galegas non poden quedar como cidadás e cidadáns de segunda ante o avance da completa gratuidade dos libros de texto que se está producindo en España. Por iso corresponde dar o paso decisivo e regular por lei o dereito de todos os alumnos e alumnas galegas a contar coa gratuidade de todo o material curricular didáctico obrigatorio xa sexa impreso ou dixital, sen establecer barreiras ou límites económicos.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/02/2023 13:51:31
Nº Rexistro: 50459
Data envío: 23/02/2023 13:51:31.764

Manter a negativa desde a Xunta é manter un agravio importante das nosas familias respecto ás dunha boa parte do conxunto do Estado e tamén entre diferentes localidades da nosa comunidade en función das decisións e apoios que están a habilitar segundo o seu concello como pode ser o caso do de Vigo.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

Considera xusto para as familias galegas que quedan fóra do sistema de axudas da Xunta de Galicia asumir o gasto de libros de texto e material cando a gratuidade é asumible e existe en moitas comunidades autónomas do conxunto do Estado?

Santiago de Compostela, 22 de febreiro do 2023

Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 23/02/2023 13:37:57

Noa Susana Díaz Varela na data 23/02/2023 13:38:06

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
182621

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey e **Pablo Arangüena Fernández**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante es Mesa a seguinte **interpelación**.

O goberno da Xunta de Galicia anunciou a finais do mes de xaneiro o reparto de material de emerxencias entre os Grupos de Emerxencias Municipais (GES).

Este material consistía en 6 furgonetas, 5 camións bomba e 4 equipos de excarceración que se distribúen entre os GES de Mugarodos, Padrón, Ortigueira, Ponteceso, Curtis, Friol, Monterroso, Muíños, A Gudiña, A Veiga, Ribadavia, Mos e Celanova.

Uns equipos cun valor de 2 millóns de euros que se reparten con criterios sen determinar nin xustificar e entre concellos a maioría do Partido Popular.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista vimos denunciando de forma reiterada a falla de transparencia deste goberno no reparto de medios materiais e defendemos que este debe atender a criterios xustificadas de necesidade dos mesmos e iso sería posible previa creación dun Plan anual de dotación de material para equipamentos e parque móbil que sexa aprobado na comisión de coordinación atendendo ás necesidades que alí se expoñan e as que se remitan dende os diferentes concellos á Fegamp.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/02/2023 13:52:55
Nº Rexistro: 50465
Data envío: 23/02/2023 13:52:55.936

1. Que criterios utiliza este goberno para o reparto de material para equipamentos e parque móbil entre os Grupos de Emerxencia Municipal?
2. Como xustifica este goberno o reparto de material cun valor de 2 millóns de euros aprobado pola Xunta a principios deste ano 2023?

Santiago de Compostela, 21 de febreiro do 2023

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 23/02/2023 13:47:36

Pablo Arangüena Fernández na data 23/02/2023 13:47:46

CSV: BOPGDSPG-I5.WHgBrP-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>




Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30
182623

@PSdeG





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

